



Guía de **financiamento comunitario** 2014-2020



XUNTA DE GALICIA

Guía de **financiamento comunitario 2014-2020**



ELABORACIÓN:
Fundación Galicia Europa
www.fundaciongaliciaeuropa.eu

EDITA:
Fundación Galicia Europa
Consortio Zona Franca de Vigo

DESEÑO:
DisBo DiseñoBonito S.L.

IMPRESIÓN:
Gráficas Anduriña

Depósito legal:
C- 1928-2014

2014



As distintas liñas de financiamento postas en marcha pola UE dentro do novo período orzamentario 2014-2020 preséntanse como unha evidente oportunidade para impulsar a aposta que dende a Xunta de Galicia estamos a facer pola transformación do tecido produtivo galego. En liña coa estratexia europea de crecemento para 2020, estase a traballar en iniciativas que encamiñen á economía galega cara a un modelo baseado no coñecemento, respectuoso co medio ambiente e que loite contra a exclusión social.

É ben coñecida en Galicia a beneficiosa influencia que o financiamento comunitario pode ter na evolución e crecemento dunha rexión, logo dos miles de millóns de euros percibidos nos últimos 25 anos como parte da Política de Cohesión. Esa inxección de fondos, ademais de ter sido a que permitiu proxectos como a construción das maiores infraestruturas, axudou a modernizar a nosa comunidade e favoreceu a súa saída da categoría das rexións menos desenvolvidas da UE.

No contexto actual, aínda cando parte destes fondos estruturais se manterán en virtude da “rede de seguridade” acadada logo do intenso traballo realizado dende o goberno galego co apoio da Fundación Galicia Europa, é preciso un cambio de mentalidade dos axentes implicados debido ao seu carácter transitorio. De tal maneira, é preciso que as empresas e administracións implicadas en proxectos europeos coñezan outras liñas de financiamento existentes, xestionadas habitualmente pola propia Comisión Europea e centradas en levar adiante proxectos excelentes, innovadores e competitivos que axudarían a fomentar o crecemento e a creación de emprego en Galicia.

Tal é o obxectivo desta guía. Presentar dun xeito accesible aquelas oportunidades de financiamento comunitario que poidan servir de alternativa nun momento marcado polo estancamento do fluxo de crédito e a escaseza de recursos públicos. Queremos deste xeito dende a Xunta de Galicia fomentar a participación galega en proxectos europeos e a internacionalización das pemes da nosa comunidade.

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia
Vicepresidente da Fundación Galicia Europa



Co principal obxectivo de fomentar a participación do sector empresarial galego na identificación e captación de fontes de financiamento europeas publicamos esta “Guía de Financiamento Comunitario 2014-2020”, como unha forma práctica e sinxela de ofrecer información actualizada sobre os distintos programas de financiamento de que dispón a Unión Europea e sobre o xeito máis efectivo de acceder a estes por parte dos potenciais perceptores existentes na nosa Comunidade Autónoma.

A participación en proxectos europeos debe ser un elemento indispensable na estratexia de calquera organización que aspire a permanecer nun mercado global cada vez máis competitivo. Participar nos programas europeos non é tarefa doada e supón un esforzo para aqueles interesados que desexen facelo. Non obstante, son varias as razóns que xustifican facelo como son a posibilidade de desenvolvemento de proxectos, o impulso á competitividade e internacionalización das entidades beneficiarias, a apertura de novas liñas de negocio ou a posibilidade de adquirir novos coñecementos e boas prácticas grazas ao traballo en rede con outros socios europeos dos proxectos.

Nunha economía aberta e globalizada, a competitividade radica na capacidade das súas empresas de producir bens e prestar servizos de alto valor engadido. Con este escenario a resposta da Unión Europea ante o fenómeno da globalización pasa por un impulso cara ao crecemento sostible baseado na innovación e o coñecemento.

A guía ofrece unha descrición dos programas de axudas da Unión Europea no período 2014-2020 organizados por temas, cunha ficha descritiva de cada programa ou iniciativa. Cada ficha inclúe información sobre bases xurídicas, convocatorias e documentos informativos, así como direccións de contacto e conexións ás páxinas web de cada programa.

O resultado final é unha ferramenta eminentemente práctica para todos aqueles interesados en participar en proxectos europeos e conseguir financiamento para estes nas diversas institucións comunitarias.

Teresa Pedrosa Silva

Delegada Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo





Introdución.....	9
0 novo marco financeiro comunitario 2014-2020.....	9
Os fondos comunitarios na práctica.....	12
Manual de elaboración de proxectos europeos.....	14
1. Consideracións previas.....	14
2. Preparación de propostas.....	16
3. Avaliación e selección dos proxectos.....	20
4. Execución do proxecto e seguimento.....	21
5. Comunicación do proxecto e difusión dos seus resultados.....	22
6. Fontes de información.....	22
7. O apoio da Fundación Galicia Europa.....	23
Programas de financiamento comunitario 2014-2020.....	24
Licitacións na UE.....	27
1. CRECEMENTO INTELIXENTE E INTEGRADOR.....	29
1.a. COMPETITIVIDADE PARA O CRECEMENTO E O EMPREGO.....	29
Horizonte 2020.....	30
Mecanismo Conectar Europa.....	36
ERASMUS +.....	39
Galileo e Egnos.....	44
Copernicus.....	46
Competitividade das Empresas e as Pemes (COSME).....	48
Emprego e Innovación Social (EaSI).....	52
Aduana 2020.....	56
Fiscalis 2020.....	58
Hércules III.....	60
Pericles 2020.....	63
Programa UE Gateway.....	66
Programa de Formación de Executivos en Xapón e Corea (ETP).....	68
Vulcanus.....	71
Vida cotiá asistida polo entorno (AAL).....	73



1.b. COHESIÓN	77
Principais novidades da política de cohesión 2014-2020.....	78
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)	80
Fondo Social Europeo (FSE).....	84
Fondo Europeo de Axuda para os máis Desfavorecidos (FEAD).....	88
2. DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E RECURSOS NATURAIS	91
Pagos directos aos agricultores	92
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER)	95
Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).....	98
LIFE.....	101
3. SEGURIDADE E CIDADANÍA	107
Europa Creativa	108
Europa cos Cidadáns.....	115
Saúde para o Crecemento.....	118
Programa de Consumidores.....	120
Saúde Animal e das Plantas	123
Fondo de Seguridade Interior	126
Fondo de Asilo, Migración e Integración	129
Xustiza 2014.....	131
Dereitos, Igualdade e Cidadanía.....	134
4. EUROPA COMO ACTOR GLOBAL.....	137
Instrumentos de Axuda Externa	138
Mecanismo de Protección Civil da Unión	143
ANEXO. ÍNDICE DE SIGLAS	146





Introducción

Con esta guía, a Fundación Galicia Europa quere presentar de maneira breve e precisa as distintas fontes actuais de financiamento comunitario, salientando os aspectos clave na preparación e desenvolvemento de proxectos europeos. Non pretende ser un manual exhaustivo, senón unha referencia para unha primeira toma de contacto cos programas, a terminoloxía e as peculiaridades deste tipo de fondos. Todo isto co obxectivo de axudar ás entidades galegas a identificar as oportunidades de financiamento máis adecuadas e contribuír, así, á captación de fondos comunitarios en Galicia.







O novo marco financeiro comunitario 2014-2020

A Unión Europea ten investido en Galicia máis de 18.000 millóns de euros dende a adhesión de España ás Comunidades Europeas hai máis de 25 anos. Neste novo período de financiamento comunitario, Galicia percibirá 2.700 millóns de euros no marco da política de cohesión grazas a un tratamento especial concedido polo feito de abandonar por primeira vez o grupo de rexións menos desenvolvidas. A partir de 2020, este importe reducirase previsiblemente dun xeito significativo, polo que é importante coñecer outras fontes de financiamento existentes a nivel europeo.

Así e todo, cómpre lembrar que o orzamento comunitario representa ao redor do 1 % do PIB do conxunto da UE, mentres que o gasto público dos Estados membros supón, de media, en torno ao 40 %. A Unión Europea conta, pois, cunha capacidade de intervención limitada, polo que concentra os seus recursos en áreas nas que a súa acción resulta máis eficaz que a dos restantes poderes públicos a nivel nacional, rexional ou local, tal e como queda recollido nos tratados.

Pero, ademais, a UE conta dende 2010 cunha estratexia política ambiciosa que fixa as bases para relanzar o crecemento económico atendendo a tres aspectos: o coñecemento, a sostibilidade e a inclusión social. Esta estratexia, denominada “Europa 2020”, fixa oito obxectivos concretos para o ano 2020, tanto para a UE como para cada Estado membro, co fin último de reforzar a competitividade de Europa a escala internacional.



INDICADORES DA ESTRATEXIA EUROPA 2020	Obxectivo UE-28	UE-28(2013)	Obxectivo España	España(2013)	Galicia(2013)
Taxa de ocupación, persoas de 20 a 64 anos	75%	68,3%	74%	58,2%	59,6%
Investimento en I+D (% PIB) 	3%	2,07% ²	3%	1,3% ²	0,88% ²
Remisión emisións gases de efecto invernadoiro; (1990=100) 	-20%	83,1% ¹	-10%	126,4% ¹	98,1% ¹
Fontes de enerxía renovables (sobre o consumo final total) 	20%	14,1% ²	20%	14,3% ²	70,3% ¹
Eficiencia enerxética (redución do consumo de enerxía; 2005=100)	-20%	-11,8% ²	-25,2%	-14,9% ²	
Taxa de abandono escolar temperá, persoas de 18 a 24 anos 	10%	11,9%	15%	23,5%	20,4%
Taxa de educación superior, persoas de 30 a 34 anos 	40%	36,8%	44%	40,7%	42,4%
Poboación en risco de pobreza ou exclusión social (en millóns) 	-20	24,8% ²	-1,4	27,3%	22% ¹

1. Datos de 2011


2. Datos de 2012

Os obxectivos da Estratexia Europa 2020 compléméntanse cunha serie de motores do crecemento e o emprego, concretados nas chamadas iniciativas emblemáticas: Unha axenda dixital para Europa; a Unión pola innovación; Xuventude en movemento; unha Europa que utilice eficazmente os recursos; unha política industrial para a era da mundialización; a Plataforma europea contra a pobreza; e unha nova axenda de cualificacións e empregos.

Para garantir que a Estratexia Europa 2020 e as iniciativas emblemáticas teñan efecto, a Comisión Europea estableceu un ciclo anual de coordinación das políticas económicas dos Estados membros denominado o Semestre Europeo. Cada ano, a Comisión analiza pormenorizadamente os programas de reformas económicas e estruturais dos Estados membros e ofrécelles as súas recomendacións para os 12-18 meses seguintes. Deste modo, os Estados dispoñen destas orientacións antes de dar os últimos toques aos seus proxectos de orzamento para o ano seguinte.

A Estratexia Europa 2020 constitúe, polo tanto, a base do Marco Financeiro Plurianual (MFP) 2014-2020, aprobado en decembro de 2013 logo de dous anos de arduas negociacións. Este marco, cifrado en preto dun billón de euros, establece os topes máximos de gasto da UE nestes sete anos, permitindo a posta en marcha dos novos programas de financiamento comunitario. Por primeira vez, o orzamento comunitario diminúe respecto ao período anterior (nun 3%), perdendo peso as partidas tradicionais, como a Política Agrícola Común (PAC) ou a de Cohesión, mentres que aquelas referidas á competitividade aumentan o seu peso relativo no total.

MFP 2014-2020 Créditos de compromiso – millóns de euros



O MFP está composto de cinco rúbricas nas que se plasman as prioridades políticas da UE ata 2020. A primeira delas acapara un 47% do total e engloba as partidas 1a. "Competitividade polo crecemento e o emprego" e 1b. "Cohesión económica, social e territorial". A segunda liña, referida ao "Crecemento sostible: Recursos naturais", representa un 39% do conxunto e inclúe os recursos da Política Agrícola Común (PAC) e da Política Pesqueira Común (PPC).

Completan o orzamento tres rúbricas de montantes moito menores: "Seguridade e Cidadanía" (2%) que ofrece pequenos programas referidos á saúde ou aos consumidores; "Europa Global" (6%) na que se atopan todos os programas de axuda externa da UE; e "Administración" (6%) que cobre os gastos administrativos de todas as institucións europeas, incluídos os custos de persoal.



Os fondos comunitarios na práctica

A execución deste orzamento é complexa, malia que a meirande parte se realiza a través de programas de financiamento que acompañan o desenvolvemento de cada política comunitaria. Estes programas conteñen varios elementos: a razón pola que se crean, os seus obxectivos, un calendario de execución, os requisitos de acceso ao financiamento e as accións susceptibles de ser financiadas. Existe un amplo abano de beneficiarios finais destes fondos (agricultores, estudantes, empresas, científicos, ONG....) e numerosos procedementos de xestión, control e avaliación cos que se pretende asegurar que estes cartos vaian parar a aquilo para o que foron creados. A grandes trazos, pódense diferenciar, ademais, dous grandes modelos de xestión destes fondos: o descentralizado, a través de organizacións intermedias situadas en toda a UE, e o centralizado dende as institucións comunitarias, con sede en Bruxelas principalmente.

A xestión descentralizada

Preto dun 80% dos fondos xestionáanse a través de entidades intermediarias entre a Unión Europea e o beneficiario final. Tal é o caso dos ben coñecidos en Galicia fondos estruturais (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e Fondo Social Europeo) e “de inversión” ou sectoriais (Fondo Europeo Marítimo e Pesqueiro e Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural), xestionados pola administración a nivel nacional ou rexional seguindo as directrices da Comisión Europea. Son os que teñen financiado grandes infraestruturas e os despezos de barcos, por exemplo, aínda que hoxe en día as prioridades céntranse en accións máis intanxibles, en consonancia cos obxectivos da estratexia Europa 2020.


Tamén se consideran parte do modelo de xestión indirecta os instrumentos financeiros que pon en marcha a UE a través do Fondo Europeo de Investimentos (FEI). O portal web “Access2Finance” da Comisión Europea ofrece información detallada sobre as entidades financeiras intermediarias que están a asinar convenios co FEI para poder conceder préstamos ou pór en marcha instrumentos de capital risco nunhas condicións máis vantaxosas, grazas ao respaldo do financiamento comunitario.

A xestión centralizada

Por outra banda, un 20% do orzamento é xestionado directamente pola Comisión Europea ou as súas axencias executivas. É aquí onde existen posibilidades de financiamento menos coñecidas, nas que fará especial fincapé esta guía. Horizonte 2020, COSME ou LIFE son os nomes dalgúns destes programas que teñen por función apoiar o desenvolvemento das políticas da UE en diferentes ámbitos como a I+D+i, a promoción empresarial ou a protección ambiental.

Para poder resultar elixidas, as propostas de proxecto deben demostrar un valor engadido europeo e encadrarse plenamente na lóxica de cada programa. A innovación e a excelencia son requisitos indispensables e esíxese, polo xeral, a participación de socios de polo menos tres países diferentes. En definitiva, trátase de proxectos que contribúen, en última instancia, ao proceso de construción europea grazas aos lazos que se crean entre diferentes axentes, públicos e privados, de toda a UE. A pesar da gran competencia existente, non poucas entidades galegas teñen participado en programas destas características, demostrando que, malia a burocracia e a alta capacidade e dedicación que esixen, os beneficios van máis aló do puramente económico.

FINANCIAMENTO EUROPEO 2014 - 2020





Manual de elaboración de proxectos europeos

Expóñense a continuación unha serie de pautas para a elaboración e posta en marcha de proxectos financiados a cargo dos programas de xestión centralizada, resumidos en forma de fichas posteriormente nesta guía.

▶ 1. Consideracións previas

Unha das cuestións principais a ter en conta antes de presentar un proxecto é a adecuación do mesmo aos requisitos xerais que a Comisión Europea valora na súa avaliación, e que determinarán as posibilidades de éxito da proposta. É polo tanto preciso facer unha análise previa sobre os seguintes criterios:

- A **dimensión europea** do proxecto. A UE concentra os seus esforzos naquelas áreas nas que a súa intervención é máis eficaz ou coherente que a das autoridades nacionais ou locais. De tal maneira, é moi importante destacar a dimensión europea e o intercambio transnacional do proxecto, que xustifique o seu financiamento por parte da Comisión Europea. Esta cuestión pode destacarse a través da composición do consorcio de socios ou da localización das accións concretas.
- O **carácter innovador** da proposta. Os proxectos deben achegar solucións innovadoras e distintas a problemas concretos nos ámbitos de actuación do programa de financiamento. O carácter innovador

pódese reflectir na temática, no territorio, nos beneficiarios, nos recursos empregados, etc.

- O **efecto multiplicador**. Por regra xeral, as autoridades comunitarias pretenden que o proxecto non sexa una iniciativa illada, senón que os seus efectos sexan duradeiros e deriven en novas propostas ou iniciativas que contribúan a acadar os obxectivos do programa.

Existen outros elementos de carácter transversal importantes para a Comisión Europea que poden favorecer a avaliación do noso proxecto, como a inclusión de cuestións sobre a **igualdade entre homes e mulleres**, a integración dos discapacitados ou a **protección do medio ambiente**.

Hai que ter en conta, ademais, que os distintos programas de financiamento comunitario nos que se inscriben as convocatorias veñen determinados pola axenda política da Unión. Este contexto determinará o enfoque do noso proxecto, que debe ser coherente co da Comisión, polo que cómpre ler ben a convocatoria para comprender os motivos e obxectivos que persegue. En xeral, todos os programas existentes durante o período 2014-2020 se inscriben na xa mencionada Estratexia Europa 2020, polo que é conveniente coñecela e entender o seu enfoque para poder reflectilo nas propostas presentadas.



O establecemento das prioridades de financiamento e obxectivos políticos materialízase en períodos plurianuais, mais poden evolucionar e repercutir nas distintas accións dos programas. Por este motivo, é recomendable coñecer o funcionamento do chamado **Ciclo de Proxecto** que a Comisión Europea utiliza para xestionar os programas. Deste modo, será posible anticiparse á publicación de convocatorias. Velaquí as cinco fases que conforman o Ciclo de Proxecto:

1. Programación plurianual
2. Identificación das necesidades que deberían ser financiadas a nivel europeo
3. Formulación: redacción das convocatorias
4. Execución: publicación das convocatorias, selección e posta en marcha dos proxectos
5. Avaliación

Outras cuestións sobre as que reflexionar antes de iniciar a elaboración dunha proposta de proxecto europeo son aquelas relacionadas coa capacidade das entidades que o van xestionar:

- Os proxectos europeos esixen moita dedicación. En caso de optar por solicitar financiamento comunitario, ha de preverse un investimento de tempo e recursos importantes.
- En moitas ocasións, o financiamento comunitario non ten tanto valor en si mesmo como o prestixio que outorga.
- A taxa de éxito das propostas presentadas adoita ser baixa. Algunhas estimacións apuntan a que tan só un 15% dos proxectos propostos resultan elixidos.
- En moi poucas ocasións o financiamento comunitario cobre o 100%, polo que as entidades participantes nos proxectos deben achegar o financiamento adicional, ben con fondos propios ou ben con fondos procedentes doutras fontes distintas á Unión Europea.
- O cofinanciamento das pemes é habitualmente menor que o da administración pública ou o das entidades sen ánimo de lucro. O cofinanciamento das universidades, polo contrario, adoita ser dos maiores.

En definitiva, ¿compensa solicitar financiamento comunitario tendo en conta o esforzo extra que require, os recursos humanos existentes e os custos de xestión que implica?





▶ 2. Preparación de propostas

a. Documentación e información previa

Cando contemos cun proxecto que cumpra os criterios xerais de admisibilidade e teñamos identificada a liña de financiamento do noso interese, poderemos atopar toda a información necesaria para desenvolver a nosa proposta no sitio web do programa específico.

O **programa xeral de axuda** é a decisión xurídica pola que se aproba o programa. Inclúe información sobre a razón de ser do mesmo e pode axudar a comprender mellor os obxectivos xerais e os intereses da Comisión Europea. Por outro lado, moitos programas contan con programas de traballo anuais ou plurianuais onde se recollen as prioridades que prevén financiarse, baixo que forma se executará o orzamento (convocatorias de propostas e/ou licitacións) e indicacións de cando as convocatorias sairán publicadas.

O **Regulamento Financeiro** do orzamento comunitario, aplicable a todos os programas, contén información útil sobre os gastos admisibles, os custos directos e indirectos, e as condicións de cofinanciamento.

Unha ferramenta interesante para obter referencias para a elaboración do noso proxecto son os repertorios de proxectos previos financiados pola Comisión no contexto do programa ao que pretendemos presentar a nosa candidatura. De tal maneira poderemos confirmar se a nosa idea é ou non novedosa, así como o tipo de proxectos que interesan.

Mediante as **convocatorias** (*call for proposals*), a Comisión convida as partes interesadas a presentar proxectos con cargo a un programa determinado,

senalando en detalle os criterios de participación e dando unha idea do tipo de propostas que agarda recibir.

As informacións que se poden atopar nunha convocatoria son:

- **Destinatarios:** tipos de entidades que poden presentarse, zonas xeográficas cubertas, criterios de exclusión, necesidade de conformar un consorcio de entidades e número de socios precisados.
- **As accións:** tipos de actividades susceptibles de ser financiadas que deben responder aos obxectivos da convocatoria.
- **Orzamento:** importe total da convocatoria, montante mínimo e máximo da subvención por proxecto, e porcentaxe de cofinanciamento.
- **Calendario:** data límite de presentación das propostas, data de inicio e duración dos proxectos.
- **Procedemento:** posibilidade de presentar unha proposta previa, criterios de admisión e criterios de selección.
- **Fontes de información:** documentos relacionados co programa e enderezo de contacto para máis información ou para resolver dúbidas.

No caso de que non se teña publicado a convocatoria anual, pode ser de utilidade consultar as convocatorias de anos anteriores para comprobar os

requisitos e a documentación esixida, dado que os prazos entre a publicación das convocatorias e a data límite de recepción de propostas non soe superar as 12 semanas.

A Comisión pode modificar o contido das convocatorias mediante a publicación dun *addendum* (que engade información adicional) ou dun *corrigendum* (que modifica a información previa). É moi importante polo tanto facer un seguimento da publicación de tales variacións no texto da convocatoria, para poder facer as adaptacións precisas.

A **Guía do Candidato ou de Programa** publícase como complemento á convocatoria, co obxectivo de guiar a aqueles interesados en presentar propostas. O texto contén información práctica sobre como encher os formularios de solicitude, os anexos necesarios e as normas contractuais e de procedemento que se deben respectar á hora de solicitar a axuda.


b. Redacción do proxecto


Unha vez elixida a liña de financiamento e con toda a información e documentación necesaria ao noso alcance, é o momento de modelar a nosa proposta de proxecto.

Aínda que en ocasións é factible redactala en calquera das 24 linguas oficiais da Unión Europea, o máis habitual é que estas propostas sexan redactadas en inglés, dado que, ademais, esta adoita ser a lingua de comunicación dentro dun consorcio de socios. En caso de redactala noutro idioma, é recomendable (e, en ocasións, obrigatorio) engadir un resumo en inglés para facilitar a tarefa aos avaliadores.

Outro punto, que aínda que por obvio non deixa de ser importante, é o de empregar unha redacción concisa, clara e estruturada, sen xiros idiomáticos nin frases demasiado longas. Con frecuencia, boas ideas de proxectos quedan sen financiamento por unha mala explicación das mesmas. Os obxectivos do proxecto, as distintas fases, o reparto de tarefas entre os socios, as actividades previstas e os beneficiarios finais deben quedar claramente definidos no límite de palabras esixido polos formularios. Convén levar a cabo, por tanto, un exercicio de síntese e diferenciación entre os elementos máis e menos importantes.

A clave dunha boa proposta reside en responder ás expectativas da Comisión Europea, para o que resulta imprescindible entender ben o que esta pretende coa convocatoria en cuestión e, dun xeito máis amplo, co programa. Para iso, convén ler atentamente a convocatoria e, en caso necesario, documentarse sobre a política pertinente para entender o contexto en que se lanza a convocatoria. En caso de dúbida, é posible preguntar á Comisión a través das direccións de contacto facilitadas na convocatoria ou consultar o apartado de preguntas frecuentes dispoñibles en moitos programas.





Consellos para a redacción da proposta:

- Amosar claramente os puntos fortes da proposta e do consorcio.
- Procurar non ser moi xeral nin moi técnico. Convén explicar e contextualizar, sen dar nada por sabido, dado que os avaliadores non teñen por que ser expertos no tema do proxecto.
- Adaptar a linguaxe á terminoloxía empregada na UE, procurando utilizar palabras clave a nivel comunitario.
- Apostar por unha boa maquetación para facilitar a lectura, tendo en conta que o avaliador non investirá máis dunha hora na nosa proposta.
- Empregar o modelo de Enfoque de Marco Lórico para o deseño do proxecto, dado que é o método que utiliza a Comisión Europea para a redacción dos seus proxectos e a formación dos seus avaliadores.
- Adaptar os currículos dos participantes.
- Establecer prazos internos para a preparación da proposta. A carga de traballo acumúlase a medida que se achega a data límite de entrega.
- Revisar a proposta unha vez concluída dende tres perspectivas: a administrativa, a técnica e a financeira.

c. Procura de socios e formación do consorcio

A meirande parte dos proxectos europeos precisan a participación conxunta de organizacións de varios países de cara a conseguir a necesaria dimensión europea dos mesmos. Esas diferentes organizacións ou socios agrúpanse

formando un consorcio, que pode ser tanto unha agrupación permanente, constituída legalmente, como unha agrupación sen formalizar, creada por unha licitación ou convocatoria de propostas concreta.

Para a busca puntual de socios, a propia Comisión Europea proporciona, en ocasión, plataformas e ferramentas para poñer en contacto aos potenciais compoñentes dun consorcio:

- **Repertorio de proxectos.** Xa se falou previamente nesta guía deste tipo de publicacións como unha fonte de información interesante para coñecer en qué tipo de proxectos está interesada a Comisión en cada convocatoria. Os repertorios, que podemos atopar nas páxinas web dos programas, inclúen proxectos presentados a outras convocatorias con indicación das actividades desenvolvidas, os socios participantes e os resultados obtidos. Tal información pode ser de gran interese para identificar posibles socios con experiencia en proxectos europeos.
- **Bases de datos para a busca de socios.** Algúns programas contan con ferramentas en liña para a procura de socios que permiten publicar anuncios e consultar as ofertas e demandas xa rexistradas a través de distintos criterios de busca.
- **Infodays.** Son xornadas que organiza a Comisión para informar sobre unha convocatoria concreta nas semanas posteriores á súa publicación. Polo escaso marxe que existe para a presentación de candidaturas, normalmente non dará tempo a formalizar os acordos coas entidades contactadas neste tipo de eventos, pero pode ser interesante para anos posteriores.

A **Fundación Galicia Europa** dispón no seu sitio web dun apartado onde se publican procuras de socios de entidades estranxeiras, ademais dun formulario para que as entidades galegas poidan lanzar as súas propias procuras en Europa.

Consideracións previas para a busca de socios:


- Criterios de admisibilidade dos socios: ¿poden participar empresas? ¿É posible contar con expertos?
- Os nosos socios, ¿son admisibles? ¿Son compatibles ou complementarios? ¿Trátanse de actores clave no ámbito do proxecto?
- A reputación dos socios é fundamental de cara á avaliación da Comisión.

Unha vez atopados os socios, unha das máis arduas tarefas é a formalización dos acordos cos mesmos. Para comezar, é fundamental establecer un sistema coordinado de traballo, que poida superar a tripla barreira existente: a da distancia xeográfica, a lingüística e a cultural.


A coordinación deste sistema de traballo, así como a relación directa coa Comisión Europea dependerá do líder do consorcio, a entidade que estará ligada contractualmente coa Comisión Europea a través do proxecto e será polo tanto responsable dende o punto de vista xurídico da xestión do mesmo. Debido a tal nivel de responsabilidade, é primordial que o líder sexa competente para as xestións administrativas e financeiras, cun equipo dedicado enteiramente a tal tarefa. Así mesmo, é recomendable que conte con certa experiencia previa na xestión de proxectos europeos.

Unha vez elixido quen liderará o consorcio, a primeira cuestión que deberá abordar o líder será o establecemento dun sistema de organización aceptado por todos, que se materializará a través dun acordo formal de partenariado, documento contractual no que se detalla o sistema de información interna e cómo funcionarán os procesos de decisión, que han de ser democráticos.

A composición do consorcio darase a coñecer á Comisión Europea a través das Cartas de Compromiso de cada unha das entidades participantes, a anexar á candidatura da proposta. Estas incluírán o compromiso de cada un dos socios para participar na realización do proxecto presentado ao programa comunitario en cuestión, así como a contía económica que aportará para a posta en marcha do mesmo en función do plan financeiro elaborado. Ademais, a Carta confirmará que cada unha das entidades cumpren as condicións de admisibilidade e respectan a lexislación comunitaria. Estas Cartas de Compromiso non constitúen base sólida algunha para rexer contractualmente as obrigas dos socios, tan só informan á Comisión sobre a composición do consorcio.

**¿Liderar ou non liderar?**

- Ser líder dun consorcio aporta visibilidade, a posibilidade de ter un diálogo directo coa Comisión e de xestionar un equipo internacional.
- Por outra banda, implica un alto risco financeiro e moita responsabilidade sobre a calidade do consorcio ante a Comisión Europea.
- Recibe entre un 5 e un 12% do financiamento do proxecto polo seu labor de coordinación.



▶ 3. Avaliación e selección dos proxectos

Unha vez que os formularios están debidamente cumprimentados e revisados, serán enviados aos servizos correspondentes da Comisión Europea dentro do prazo habilitado para iso. Actualmente, a maioría das solicitudes xa se realizan a través de aplicacións informáticas habilitadas na páxina da convocatoria, polo que se recomenda non esperar ata o último día para encher todos os formularios por mor de posibles problemas informáticos.

Cando a Comisión Europea recibe os proxectos, outórgalles un número identificativo e procede á súa análise co fin de escoller os máis axeitados aos obxectivos que se están a perseguir.

Nun principio exclúense todos aqueles que non cumpren cos criterios formais básicos esixidos, por exemplo, a falta dunha sinatura, unha resposta incompleta ás preguntas ou un orzamento desequilibrado. Aproximadamente un 30% das propostas adoecen de defectos deste tipo e son rexeitadas.

De seguido, comeza a avaliación do contido polos servizos da Comisión, que pode contar con apoio externo. Primeiramente examínanse os requisitos de admisibilidade (as condicións xurídicas e a capacidade técnica e financeira dos solicitantes) e despois estúdase o grao de observancia dos principios e o fomento dos obxectivos que guían o programa.

Debido á forte competitividade dos participantes, resulta necesario amosar a máxima rigorosidade e excelencia na presentación, no enfoque e no desenvolvemento previsto do proxecto. Ante a cantidade de proxectos que se presentan, sempre se dará prioridade a aqueles que sexan particularmente innovadores, e que fagan fincapé nos temas que son de especial relevancia para a Unión Europea, indicados nas consideracións previas.

Factores de éxito



- Responder ás expectativas da Unión Europea.
- Probada excelencia técnica na organización do consorcio e na proposta.
- Unha presentación consistente na linguaxe utilizada e as mensaxes lanzadas.

No caso de que o proxecto sexa seleccionado, a Comisión Europea enviará un contrato que define os dereitos e as obrigas de cada parte. O modelo de acordo adoita conter:

- O contrato propiamente dito, con disposicións relativas ao obxecto do proxecto, o lugar de realización, a duración, o custo total estimado, a porcentaxe de contribución comunitaria, os pagos e o envío de informes á Comisión.
- Un anexo técnico coas condicións xerais aplicables.
- O orzamento.

Os proxectos, como xa se mencionou, réxense polo principio de cofinanciamento, é dicir, que os solicitantes sempre deberán achegar fondos para parte do proxecto. Só en certos casos excepcionais a axuda comunitaria será do 100%.

En canto ao pago das subvencións, xeralmente será realizada en dous prazos: un anticipo e un saldo. O número de prazos de pago vai depender dos riscos existentes en cada proxecto. Hai que sinalar que o importe da axuda só é definitivo cando se presentan as contas finais. Se existen diferenzas co orzamento establecido, a axuda pode ser reducida ou terá que ser reembolsada.



Todas as especificacións da parte económica do proxecto sométense ao réxime establecido polo Regulamento Financeiro¹ do orzamento comunitario e as súas regras de aplicación que entraron en vigor a comezos do 2013. Con este novo regulamento, a UE pretende simplificar a execución do orzamento, reforzar a boa xestión financeira e incentivar os mecanismos financeiros que produzan un efecto panca sobre os fondos comunitarios. En relación coa simplificación, en marzo de 2014, a Comisión adoptou máis de 120 medidas entre as que se inclúen a aplicación dun único marco xurídico, a redución das cargas administrativas e un novo réxime de “pequeno agricultor” para as axudas da PAC.

► 4. Execución do proxecto e seguimento

Cada proxecto contará cun contacto permanente no seo da Comisión ou na Axencia Executiva correspondente, que ben pode ser un axente concreto ou un equipo. Este contacto (*project officer*) ten por misión realizar o seguimento do proxecto a través da análise dos informes e a asistencia ás reunións necesarias. Constitúe un nexa de unión entre a Comisión e o líder do proxecto, ademais de facer de intermediario cos avaliadores e auditores. Ademais, o contacto permanente representa unha axuda valiosa no caso de xurdiren dúbidas ou contratempos ao longo da execución do proxecto.

A xestión orzamentaria do proxecto será controlada periodicamente polos servizos da Comisión co fin de asegurar a súa correcta execución conforme ao contrato asinado, así como para protexer os intereses financeiros comunitarios. O contrato pode contemplar controis anuais, un control intermedio e un control final, co que se determina o impacto do proxecto.

Así mesmo, a Comisión ten a posibilidade de realizar auditorías técnicas, financeiras, ou éticas, estando recollido no contrato o réxime de auditoría aplicable. A auditoría técnica verifica que o proxecto se desenvolve segundo as condicións indicadas polos participantes. Pola súa parte, nunha auditoría financeira, pode ser tratado

calquera aspecto da xestión económica do proxecto, e nunha auditoría ética verifícase o respecto aos principios éticos fundamentais e á normativa nacional.

Por último, o seguimento das actividades e resultados é un aspecto fundamental á hora de recibir financiamento comunitario. O sistema de seguimento e avaliación debe estar previsto dende o comezo, valorándose positivamente que, á marxe da avaliación da propia Comisión, os xestores do proxecto conten con outra entidade que valore de forma independente os resultados do proxecto. Esta avaliación externa pode incluírse no orzamento do proxecto e, polo tanto, pode ser cuberta pola subvención.

Consideracións sobre a xustificación dos gastos para o seu reembolso

- A Comisión só paga o que previamente se gastou. Se non se xustifica todo o financiamento outorgado, a Comisión destina o remanente para pequenos estudos ou devolve a parte correspondente aos Estados membros.
- Pode haber auditorías do proxecto anos despois. De tal xeito, é de vital importancia conservar toda a documentación relativa á axuda ata cinco anos despois da percepción do saldo, ou ben tres anos se son “subvencións de escasa contía”, segundo o Regulamento Financeiro.
- Nas subvencións de máis de 150.000 euros pídesse unha garantía bancaria.

¹ Regulamento (UE, Euratom) n° 966/2012 do Parlamento Europeo e do Consello de 25 de outubro de 2012 sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión e polo que se derroga o Regulamento (CE, Euratom) n°1605/2002 do Consello



► 5. Comunicación do proxecto e difusión dos seus resultados

Todos os proxectos deben incluír actividades dirixidas a divulgar as experiencias e resultados derivados do proxecto no marco dun plan de difusión que abranga ao maior número posible de destinatarios. Neste senso, é imprescindible contar cun sitio web sendo recomendable ter presenza nas redes sociais. Moitos proxectos contemplan, ademais, seminarios de difusión de resultados, boletíns electrónicos de información que se elaboran e difunden a medida que avanza o proxecto, así como material informativo en formato impreso e electrónico.

É moi importante, polo tanto, establecer ao principio do proxecto un verdadeiro plan de comunicación no que se estableza un calendario de actuacións que dean visibilidade ao proxecto: conferencias de prensa, folletos, outras publicacións... Cómpre ter en conta, por último, a obriga contractual de mencionar o apoio financeiro do programa de financiamento específico, incluíndo o logo en todo soporte escrito e visual.

Algúns programas facilitan *kits* de comunicación con modelos, recomendacións e exemplos de boas prácticas que poden ser de utilidade para todo tipo de proxectos:

http://ec.europa.eu/europeaid/work/visibility/index_es.htm

<http://ec.europa.eu/environment/life/toolkit/comtools/>

A Fundación Galicia Europa ofrécese como socio na difusión dos proxectos con participación galega. Deste xeito, a entidade promotora do proxecto poderá ter ao seu servizo os medios e canles da Fundación, podendo sacar partido do emprazamento físico da oficina en Bruxelas e dos medios e a rede de contactos dos que dispón, froito de máis de 25 anos de experiencia na capital comunitaria.

► 6. Fontes de información

www.fundaciongaliciaeuropa.eu

O apartado “proxectos europeos” da Fundación Galicia Europa contén un resumo de todos os programas existentes, as convocatorias relacionadas e avisos de entidades europeas que procuran socios para elaborar propostas de proxectos. É posible subscribirse, ademais, ao boletín electrónico para recibir, cada 15 días, as alertas sobre os novos contidos da web, podendo elixir o idioma preferente (galego o castelán), así como os apartados ou subapartados de preferencia.

<http://www.dicoruna.es/europedirect/axudas-europeas>

O centro de información europea “Europe Direct” da Deputación da Coruña ofrece un apartado específico sobre as axudas europeas.

<http://www.guiafc.com>


Guía de financiamento comunitario do Centro de Documentación Europea da Universidade de Valencia.

<http://euroalert.net>

Portal que ofrece un servizo de alertas con información europea de todo tipo: noticias, eventos, convocatorias e licitacións.

www.welcomeurope.com

Portal de información e asesoramento sobre o acceso ao financiamento comunitario (de pago).



▶ 7. O apoio da Fundación Galicia Europa

Un dos principais obxectivos da FGE consiste en prestar apoio á sociedade galega para acceder ao financiamento comunitario. A través das súas dúas oficinas, en Bruxelas e en Santiago de Compostela, anima a participación de entidades galegas, con especial atención ás pemes e ás entidades locais, nestes proxectos, prestando o seguinte apoio:

- Información e asesoramento sobre os diferentes programas existentes.
- Organización de cursos de elaboración e xestión de proxectos europeos en Galicia.
- Procura de socios a escala europea.
- Utilización da sala de reunións e conferencias da FGE en Bruxelas para reunións das entidades galegas cos seus socios europeos ou para organizar actos de difusión de resultados dos proxectos.
- Posibilidade de que a FGE participe en proxectos que sexan de interese para a consecución dos seus obxectivos. A FGE ofrécese como socio para a difusión dos resultados do proxecto, aproveitando a súa presenza en Bruxelas.

Nos últimos anos, diversas entidades públicas e privadas teñen recibido o apoio da FGE, ben sexa na fase preliminar dos proxectos (busca de fontes de financiamento e de socios) ou na súa execución. A mesma Fundación Galicia Europa ten participado en diferentes proxectos europeos relacionados principalmente coa xuventude, co fin de promover entre os máis novos o coñecemento e participación na Unión Europea.

Dentro do apartado “proxectos europeos” da páxina web da Fundación Galicia Europa, é posible atopar os seguintes servizos de información e participación en proxectos europeos:

- Programas europeos vixentes na actualidade.
- Convocatorias para proxectos dentro de cada un dos programas europeos.
- Información sobre entidades de toda Europa que procuran socios para participar conxuntamente en proxectos europeos.
- Iniciar unha procura de socios en Europa para traballar nun proxecto europeo.
- Procurar exemplos de proxectos europeos que se teñen desenvolvido en Galicia coa axuda da UE, coa posibilidade de darlles difusión.

www.fundaciongaliciaeuropa.eu



Programas de financiamento comunitario 2014-2020



Rúbrica do Marco Financeiro Plurianual 2014-2020	PROGRAMAS	TEMAS	ORZAMENTO ¹
1.CRECEMENTO INTELIXENTE E INCLUSIVO 1.a. Competitividade para o crecemento e o emprego	1. HORIZONTE 2020	I+D+i	77.028,30 M €
	2. Mecanismo Conectar Europa	Transporte, Telecomunicacións e Enerxía	33.242,00 M €
	3. Erasmus+	Educación, Xuventude e Deporte	14.774,52 M €
	4. Galileo e Egnos	I+D+i	7.071,73 M €
	5. Copernicus	I+D+i	4.291,48 M €
	6. ITER	I+D+i	2.985,62 M €
	7. COSME	Empresa	2.298,24 M €
	9. EaSI	Emprego e Asuntos Sociais	919,47 M €
	10. Aduana 2020	Fiscalidade e Unión Aduaneira	522,94 M €
	11. Fiscalis 2020	Loita contra a fraude	223,36 M €
	12. Hércules III	Loita contra a fraude	104,92 M €
	13. Pericles 2020	Loita contra a fraude	7,34 M €
	14. Programa UE Gateway	Empresa	
	15. Programa de Formación de Executivos en Xapón e Corea	Empresa	
	16. Vulcanus	Empresa	
	17. Vida cotiá asistida polo entorno	Sociedade da información	700 M €



Rúbrica do Marco Financeiro Plurianual 2014-2020	PROGRAMAS	TEMAS	ORZAMENTO ¹
1.b. Cohesión	18. Rexións menos desenvolvidas	I+D+i, TIC, pemes, transición cara unha economía baixa en carbono, cambio climático, ambiente, transporte sostible, emprego, inclusión social e loita contra a pobreza, educación e aprendizaxe permanente	185.374,42 M €
	19. Rexións en transición		35.701,31 M €
	20. Rexións máis desenvolvidas		55.780,14 M €
	21. Rexións ultraperiféricas e con baixa densidade de poboación		1.562,99 M €
	22. Cooperación territorial		10.228,81 M €
	23. Fondo de Cohesión		74.928,36 M €
	24. Iniciativa de Emprego Xuvenil		Emprego e Xuventude
	25. Fondo Europeo de Axuda para os máis Desfavorecidos (FEAD)	Inclusión social e loita contra a pobreza	3.395,00 M €
2. Desenvolvemento sostible e recursos naturais	26. Pagos directos aos agricultores	Agricultura	312.736,00 M €
	27. Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER)	Agricultura	95.577,05 M €
	28. Fondo Europeo Marítimo e de Pesca	Pesca	5.749,00 M €
	29. LIFE	Medio ambiente	3.456,66 M €
3. Seguridade e Cidadanía	30. Europa Creativa	Cultura e audiovisual	1.462,72 M €
	31. Europa cos Cidadáns	Cidadanía	185,47 M €
	32. Saúde para o Crecemento	Sanidade e Consumo	449,39 M €
	33. Programa de Consumidores	Sanidade e Consumo	188,83 M €
	34. Saúde Animal e das Plantas	Sanidade e Consumo	1.891,94 M €
	35. Fondo de Seguridade Interior	Inmigración e Xustiza	3.764,23 M €
	36. Fondo de Asilo e Migración	Inmigración e Xustiza	3.137,42 M €
	37. Xustiza 2014	Inmigración e Xustiza	377,60 M €
38. Dereitos, Igualdade e Cidadanía	Seguridade e Cidadanía	439,50 M €	



Programas de financiamento comunitario 2014-2020



Rúbrica do Marco Financeiro Plurianual 2014-2020	PROGRAMAS	TEMAS	ORZAMENTO ¹
4. Europa como actor global	39. Instrumento de Axuda á Pre-adhesión (IPA)	Cooperación cos países candidatos á UE	11.698,67 M €
	40. Instrumento Europeo de Veciñanza (ENI)	Cooperación cos países limítrofes da UE	15.432,63 M €
	41. Instrumento Europeo para a Democracia e os Dereitos Humanos (EIDHR)	Promoción dos dereitos humanos no mundo	1.332,75 M €
	42. Instrumento de Estabilidade (IfS)	Prevenición e xestión de conflitos	2.338,72 M €
	43. Instrumento de Asociación (PI)	Cooperación con países industrializados	954,76 M €
	44. Instrumento de Cooperación ao Desenvolvemento (DCI)	Cooperación con América Latina, Asia, a rexión do Golfo e Sudáfrica	19.661,64 M €
	45. Axuda Humanitaria	Axuda Humanitaria	6.621,70 M €
	46. Mecanismo de Protección Civil da Unión	Prevenición e resposta a catástrofes	368,43 M €
	47. Voluntarios de Axuda humanitaria da UE (EUAV)	Voluntariado fóra da UE	147,93 M €
	48. Fondo Europeo de Desenvolvemento (FED) (fóra do MFP)	Cooperación cos países de África, Caribe e Pacífico	30.506,00 M €

Licitacións na UE

A adquisición de bens e servizos e a contratación de obras por parte dos entes públicos, como a Administración central, as Administracións locais ou rexionais, así como os seus organismos regulados polo Dereito público ou unha asociación composta por un ou varios de ditos poderes ou organismos, tradúcense en contratos públicos. Toda empresa establecida nun país membro da Unión Europea (UE) pode participar nas licitacións públicas de todos os demais, aplicándose en todos eles procedementos harmonizados e transparentes.

A contratación pública representa ao redor dunha sexta parte do PIB total da UE, o que se traduce nun mercado enorme e unha gran oportunidade para as pemes. A normativa europea garante e facilita o acceso das pemes á contratación pública, establecendo procedementos harmonizados e transparentes para que todas as empresas poidan concorrer en igualdade de condicións.

Traballar para o sector público ou telo como cliente é un obxectivo que toda peme debe tomar en consideración. Os motivos para isto son varios:

- Non se trata dun só cliente senón de moitos, polo que existen múltiples oportunidades de negocio e posibilidades de abrir novas expectativas.
- O pago ao provedor, ao figurar no presuposto, está garantido –aínda que as veces os prazos de pago poidan ser longos-.
- O cliente está identificado e tense acceso a él, é dicir, todo poder adjudicador está identificado e ten a obriga de atender e recibir ás empresas provedoras.

Moitas pemes ás veces non se presentan a unha licitación pública, xa sexa pola complexidade que supón redactar unha oferta ou, simplemente, porque non cumpren con todos os requisitos económicos ou capacidade técnica esixida. Non obstante, isto non significa que non poidan beneficiarse igualmente do mundo das licitacións. Nestes casos é aconsellable realizar un seguimento dos contratos públicos adxudicados e contactar coa empresa gañadora para explorar a posibilidade da subcontratación. Outra alternativa é a de asociarse entre varias empresas para completar a oferta.

Cómpre sinalar igualmente que os criterios de adxudicación dos contratos públicos non teñen necesariamente que basearse exclusivamente no prezo máis baixo, senón que tamén se pode adxudicar un contrato á oferta económica máis vantaxosa dende o punto de vista do poder adjudicador, baseándose en criterios vinculados ao obxecto do contrato como, por exemplo, a calidade, o valor técnico, as características estéticas e funcionais, as características medioambientais, etc.

► Fontes de información

As ferramentas principais da contratación pública europea están organizadas en tres servizos electrónicos, a saber: eNotices, SIMAP e TED.

- **eNotices** é unha ferramenta electrónica que se emprega para a preparación de anuncios de licitación a través de formularios normalizados para a súa publicación no TED. Para poder acceder aos servizos de eNotices é preciso rexistrarse coma usuario: o rexistro é gratuito. Outro medio de publicación



de licitacións é a través dos chamados OJS eSenders, entidades públicas e privadas cualificadas para presentar os anuncios de licitación directamente á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

- **SIMAP** (Sistema de información para a contratación pública europea) ofrece a información máis importante en materia de contratación pública europea para compradores e provedores, coma, por exemplo, definicións, lexislación aplicable, enlaces ás bases de datos nacionais sobre contratación pública, así coma outros enlaces de interese.

- **TED** (*Tenders Electronic Daily*) é a versión en liña do Suplemento ao Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) e constitúe, sen lugar a dúbida, unha das ferramentas máis importantes e útiles na procura de oportunidades de negocio. Trátase dunha base de datos con información actualizada sobre oportunidades de contratación pública na Unión Europea, o Espazo Económico Europeo e outros países. De acordo coas directivas comunitarias e os acordos internacionais sobre a materia, os anuncios públicos relativos a contratos de obras, suministros e servizos que superen certos umbrais deben publicarse no TED. Toda a información publicada é gratuita -previo rexistro coma usuario- e está dispoñible en todas as linguas oficiais da Unión Europea -os anuncios completos publícanse na lingua do poder adxudicador e un resumo do anuncio en todas as demais linguas oficiais-.

Outras fontes para examinar anuncios de licitacións son as propias páxinas web das institucións da Unión Europea (Parlamento Europeo, Consello Europeo, Consello, Comisión Europea, Tribunal de Xustiza da Unión Europea, Banco Central Europeo e Tribunal de Contas Europeo) e do Comité das Rexións, o Comité Económico e Social Europeo e a Escola Europea de Administración.

Outra forma moi interesante de acceder á contratación pública é a través das licitacións levadas a cabo pola Dirección Xeral de Desenvolvemento e Cooperación da Comisión Europea, máis coñecida como EuropeAid. EuropeAid é a oficina encargada de xestionar os programas europeos de cooperación e axuda exterior, tanto os financiados con cargo ao presuposto da UE, como os do Fondo Europeo de Desenvolvemento (FED).


► **Ligazóns de interese**

- TED (<http://ted.europa.eu>)
- SIMAP (<http://simap.europa.eu>)
- eNotices (<http://simap.europa.eu/enotices>)
- EuropeAid (<http://ec.europa.eu/europeaid>)
- Unión Europea (<http://europa.eu>)
- Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo (AECID) (<http://www.aecid.es/ES/la-aecid/nuestros-socios/sector-empresarial>)

1. Crescimento intelixente e integrador

1.a. Competitividade para o crescimento e o emprego





HORIZONTE 2020

Programa Marco de Investigación e Innovación

I+D+I

► Base legal

Regulamento (UE) nº 1291/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, polo que se establece Horizonte 2020, Programa Marco de Investigación e Innovación (2014-2020)

► Duración

2014-2020

► Obxectivos

O obxectivo xeral de Horizonte 2020 é contribuír á construción dunha economía baseada no coñecemento e a innovación en toda a Unión mobilizando un financiamento adicional suficiente nos ámbitos de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación. Deste xeito, apoiará a aplicación da estratexia Europa 2020 e outras políticas da Unión, así como a realización e o funcionamento do Espazo Europeo de Investigación (EEI).

Este obxectivo xeral perséguese a través de tres prioridades:

1. Ciencia excelente: aspira a reforzar e ampliar a excelencia da base científica da Unión, así como a consolidar o Espazo Europeo de Investigación para facer que o sistema de investigación e innovación da Unión resulte máis competitivo a escala mundial.

2. Liderado industrial: ten por obxecto acelerar o desenvolvemento das tecnoloxías e innovacións que sustentarán as empresas do mañá e axudar ás pemes innovadoras europeas a converterse en empresas líderes no mundo.

3. Retos sociais: responde directamente ás prioridades políticas e retos sociais expostos na estratexia Europa 2020 e proponse estimular a masa crítica de esforzos de investigación e innovación necesaria para alcanzar os obxectivos políticos da Unión.

► Eidos de actuación

1. Ciencia excelente

- *Consello Europeo de Investigación (CEI)*: proporciona un financiamento atractivo e flexible para permitir a investigadores de talento e creativos e aos seus equipos explorar as alternativas máis prometedoras nas fronteiras da ciencia, sobre a base da competencia a escala da Unión.

- *Tecnoloxías Futuras e Emerxentes*: apoia a investigación en colaboración a fin de ampliar a capacidade de Europa para realizar unha innovación avanzada, capaz de modificar os paradigmas actuais. Fomenta a colaboración científica entre disciplinas sobre ideas radicalmente novas e de alto risco, ademais de acelerar o desenvolvemento dos campos emerxentes máis prometedores da ciencia e a tecnoloxía, así como a estruturación en toda a Unión das comunidades científicas correspondentes.

- *Accións Marie Skłodowska-Curie*: proporciona unha formación en investigación excelente e innovadora, así como oportunidades atractivas de carreira profesional e intercambio de coñecementos, a través da mobilidade transfronteiriza e transectorial dos investigadores, a fin de preparalos optimamente para facer fronte aos retos sociais presentes e futuros.

- *Infraestruturas de investigación (incluíndo infraestruturas electrónicas)*: desenvolve as infraestruturas de investigación europeas de primeira clase accesibles para todos os investigadores en Europa e noutros territorios.



2. Liderado industrial

- *Liderado en tecnoloxías industriais e de capacitación:* presta un apoio específico á investigación, desenvolvemento e demostración nos ámbitos das TIC, a nanotecnoloxía, os materiais avanzados, a biotecnoloxía, a fabricación e transformación avanzadas, e o espazo. Farase fincapé na interacción e converxencia das diferentes tecnoloxías.
- *Acceso ao financiamento de risco:* propónse superar os déficits na dispoñibilidade de financiamento de débeda e de capital para as empresas e os proxectos de I+D impulsados pola innovación en todas as fases de desenvolvemento. Xunto co instrumento de capital do Programa de Competitividade das Empresas e as Pemes (COSME), apoia o desenvolvemento do capital-risco a nivel europeo.
- *Innovación nas pemes:* fomenta todas as formas de innovación nas pemes, centrándose nas que teñan potencial para crecer e internacionalizarse no mercado único e fóra del.

3. Retos sociais

- saúde, cambio demográfico e benestar;
- seguridade alimentaria, agricultura sostible, investigación mariña e marítima e bioeconomía;
- enerxía segura, limpa e eficiente;
- transporte intelixente, ecolóxico e integrado;
- acción polo clima, eficiencia dos recursos e materias primas;
- Europa nun mundo cambiante: sociedades inclusivas, innovadoras e reflexivas;

- sociedades seguras - protexer a liberdade e a seguridade de Europa e dos seus cidadáns.

► Destinatarios

Calquera entidade legal, independentemente da súa sede legal, pode participar, a condición de que cumpran coas condicións establecidas nas diferentes convocatorias.

► Financiamento

O orzamento total do programa Horizonte 2020 é de 77.028 millóns de euros para o período 2014-2020. O reparto efectúase da seguinte forma:

- Ciencia excelente: 24.441 millóns de euros.
- Liderado industrial: 17.015 millóns de euros.
- Retos sociais: 29.679 millóns de euros.

► Comentarios

Horizonte 2020 é moito máis que os tres eixes principais. Hai temas horizontais que contan co seu propio orzamento, como "Ciencia con e para a Sociedade" ou "Difundindo a excelencia e ampliando a participación", que non se engloban en ningún dos tres grandes eixes e, polo tanto, necesitan o seu propio apartado.

Horizonte 2020 tamén é o Centro Común de Investigación (JRC) e o Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía (EIT), os cales desempeñan un papel importante no novo Programa de Investigación e Innovación da Unión Europea.



► Ligazóns de interese

Sitio oficial do programa Horizonte 2020
<http://ec.europa.eu/programmes/horizon2020/>

Portal de participación de Horizonte 2020
<http://ec.europa.eu/research/participants/portal/desktop/en/home.html>

Portal español do Programa Marco de Investigación e Innovación de la Unión Europea
<http://eshorizonte2020.es/>

Convocatorias
http://ec.europa.eu/research/participants/portal/desktop/en/opportunities/h2020/master_calls.html

► Contacto **Puntos nacionais de contacto**

Javier García Serrano
 Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI)
 C/ Cid, 4, 28001 - Madrid
 91 581 55 66
javier.garcia@cdti.es

Almudena Agüero Prieto
 Ministerio de Economía y Competitividad
 C/ Albacete 5ª planta norte, despacho 4, 28027 - Madrid
 91 603 79 51
agentesh2020@mineco.es

Punto de axuda da Comisión Europea

<http://ec.europa.eu/research/index.cfm?pg=enquiries>

OS INSTRUMENTOS FINANCEIROS DE HORIZONTE 2020

O 3,69% do orzamento de Horizonte 2020 outorgárase a través de instrumentos financeiros, que xa foran utilizados dentro do 7º Programa marco de I+D. A nova xeración de instrumentos pretende axudar ás empresas a dar o salto da I+D cara á innovación, mobilizando o investimento privado necesario co obxectivo de xerar o efecto panca que contribúa a acadar a meta do 3% do PIB da UE dedicado á I+D.

En termos orzamentarios, dos 77.028 millóns de euros cos que conta Horizonte 2020, 2.700 millóns irán destinados a este tipo de instrumentos, dos cales polo menos un terzo estará dirixido a pemes con actividades de I+D+i e empresas de mediana capitalización.

Existen dous tipos de instrumentos:

- **Préstamo bancario** (*debt facility*): instrumento de risco compartido para préstamos e garantías a través de intermediarios financeiros. Comprende o Instrumento de Financiamento de Riscos Compartidos (*Risk Sharing Finance Facility* - RSFF II), que facilita préstamos para grandes investimentos en I+D por un importe mínimo de 7,5 millóns de euros, e o Instrumento de Riscos Compartidos (*Risk Sharing Instrument* - RSI II), dirixido a pemes e empresas de mediana capitalización cunha actividade intensa en investigación e innovación, que facilita préstamos de entre 25.000 e 7,5 millóns de euros. O Banco Europeo de Investimentos (BEI), no primeiro caso, e o Fondo Europeo de Investimentos (FEI), no segundo, son os encargados de poñer en marcha estes instrumentos en colaboración con entidades financeiras de toda a UE.

- **Capital risco** (*equity facility*): o FEI inviste, baixo certas condicións, en fondos de capital risco doutras entidades. Este instrumento comprende un fondo para cubrir as fases de creación e crecemento de empresas innovadoras (*Growth and Innovation Fund*) e un mecanismo piloto de transferencia de tecnoloxía para trasladar os resultados de I+D das organizacións públicas de investigación e universidades ao mercado (concesión de licencias, creación de *spin-offs*...).

Para consultar as entidades financeiras que, en España, están a asinar acordos co BEI ou o FEI para poñer en marcha este tipo de instrumentos, pódese visitar o portal web: www.access2finance.eu.




O INSTRUMENTO PARA PEMES DE HORIZONTE 2020

- Dentro do programa Horizonte 2020 inclúese unha ferramenta específica para as pemes cun perfil innovador, ambicións comerciais e potencial de crecemento e internacionalización.

- Esta liña de financiamento conta con cerca de 3.000 millóns de euros para o período 2014-2020, destinados a subvencionar proxectos innovadores de produtos, servizos ou procesos que poidan competir a nivel mundial.

- O apoio dispoñible estrutúrase en tres fases diferenciadas:



Durante as dúas primeiras fases, as empresas poden recibir orientación e formación sobre emprendemento e innovación para:

- Incrementar a capacidade de innovación da compañía;
- Adaptar o proxecto á liña da estratexia de negocio;
- Incrementar o impacto comercial e económico do proxecto, así como a súa sustentabilidade.

O PROGRAMA CONXUNTO EUROSTARS II DENTRO DE HORIZONTE 2020

O programa conxunto Eurostars II, onde o financiamento é compartido pola UE e os Estados membros, é a continuación de Eurostars I para o período 2014-2020. Apoia a pemes innovadoras de calquera sector encargadas de desenvolver produtos, procesos e servizos innovadores, para que poidan obter unha vantaxe competitiva. Desta maneira, Eurostars II proporciona financiamento para proxectos innovadores cun carácter transnacional e cuxo resultado estea orientado á comercialización.

Eurostars II está incluído no chamado paquete de “Investimento para a innovación” dentro do capítulo 2c “Innovación nas pemes” de Horizonte 2020. “Investimento para a Innovación” consiste en cinco Iniciativas Tecnolóxicas Conxuntas (*Joint Technology Initiatives* - JTI) e catro Partenariados Público-Públicos, entre os que se atopa o programa Eurostars.

En canto aos criterios de participación, o líder do consorcio debe ser unha peme que realiza actividades de innovación e que sexa dun país participante no programa Eurostars II, xunto con polo menos outro participante doutro país Eurostars II. O proxecto, dunha duración inferior a tres anos, haberá de prever a introdución do produto no mercado durante os dous anos posteriores á súa realización. En España, o cofinanciamento máximo alcanza o 60% dos custos en innovación para pemes.

Eurostars II conta cun orzamento total de 1.140 millóns de euros. No marco do proceso de selección, un grupo de alto nivel de Eureka-Eurostars encárgase de aprobar os proxectos, mediante unha lista única ordenada que se basea nunha avaliación previamente realizada por un panel de expertos independentes. Os proxectos aprobados fináncianse por orde descendente, comezando polo de maior puntuación, mentres existan fondos comprometidos para a convocatoria correspondente.

As oficinas nacionais de EUREKA (o CDTI no caso español) encárganse da coordinación e o seguimento dos proxectos, ademais de prestar apoio ás empresas nacionais que participan no programa.

As empresas participantes nos proxectos EUROSTARS reciben as axudas a nivel nacional por medio das súas axencias financiadoras. Os custos elixibles e os requisitos para a súa concesión son definidos en cada país por estas axencias.

www.eurostars-eureka.eu



MECANISMO CONECTAR EUROPA

O Mecanismo Conectar Europa (MCE) apoia, a través de axuda financeira da Unión, á execución de proxectos de interese común encamiñados ao desenvolvemento e construción de infraestruturas e servizos novos ou á mellora de infraestruturas e servizos existentes nos sectores do transporte, as telecomunicacións e a enerxía.

TRANSPORTE, TELECOMUNICACIÓNS E ENERXÍA

► Base legal

Regulamento (UE) n° 1316/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, polo que se crea o Mecanismo “Conectar Europa”, polo que se modifica o Regulamento (UE) n° 913/2010 e polo que se derrogan os Regulamentos (CE) n° 680/2007 e (CE) n° 67/2010

► Duración

2014 - 2020

► Obxectivos

O MCE persegue os seguintes obxectivos dentro dos sectores do transporte, a enerxía e as telecomunicacións:

1. Contribuír a un crecemento intelixente, sostible e integrador, en liña coa Estratexia Europa 2020 mediante o desenvolvemento de redes transeuropeas modernas;

2. Permitir á UE lograr os seus obxectivos en materia de desenvolvemento sostible incluídos a redución do 20% das emisións de gases de efecto invernadoiro con respecto aos niveis de 1990, o aumento do 20% da eficiencia enerxética, e o incremento da cota de enerxías renovables ata o 20% de aquí a 2020;

► Eidos de actuación

1. Sector do transporte: o MCE brinda apoio a proxectos de interese común que persigan:

- Eliminar os colos de botella, mellorar a interoperabilidade do transporte, realizar conexións onde non existan e, en particular, mellorar os tramos transfronteirizos;

- Garantir uns sistemas de transporte sostibles e eficientes a longo prazo, co obxecto de prepararse para os futuros fluxos de transporte previstos, así como de facer posible a descarbonización de todos os modos de transporte;

- Optimizar a integración e a interconexión dos modos de transporte e reforzar a interoperabilidade dos servizos de transporte, garantindo a accesibilidade das infraestruturas de transporte.

2. Sector da enerxía: o MCE brinda apoio a proxectos de interese común que persigan un ou máis dos seguintes obxectivos:

- Aumentar a competitividade fomentando unha maior integración do mercado interior da enerxía e a interoperabilidade transfronteiriza das redes de electricidade e gas;

- Aumentar a seguridade do abastecemento enerxético da Unión;

- Contribuír ao desenvolvemento sostible e á protección do medio, integrando a enerxía de fontes renovables na rede de transporte, e a través do desenvolvemento de redes de enerxía e redes de dióxido de carbono intelixentes.

3. Sector das telecomunicacións: o MCE apoia actuacións que persigan os obxectivos especificados no regulamento correspondente sobre orientacións para redes transeuropeas na área das infraestruturas de telecomunicacións.

► Destinatarios

As propostas para poder participar no MCE poden ser presentadas por:

- Un ou varios Estados membros;

- Organizacións internacionais;

- Empresas comúns;

- Organismos ou empresas públicos ou privados establecidos nos Estados membros;

- Entidades que carezan de personalidade xurídica conforme ao Dereito nacional aplicable, sempre e cando os seus representantes teñan



capacidade para contraer obrigas xurídicas en nome das entidades e ofrezan unha garantía de protección dos intereses financeiros da Unión equivalente á ofrecida polas persoas xurídicas.

Non serán admisibles as propostas presentadas por persoas físicas. Sempre que a súa participación estea xustificada debidamente, poderán participar en accións que contribúan aos proxectos de interese común países terceiros e entidades establecidas nun país terceiro.

► **Financiamento**

O mecanismo Conectar Europa conta cun presuposto de 33.242 millóns de euros, dos que 26.000 millóns se destinarán ao sector transporte, 6.000 millóns ao sector da enerxía e 1.000 millóns para o sector das telecomunicacións.

► **Comentarios**

O MCE execútase a través de subvencións, contratos públicos e instrumentos financeiros. Os fondos do MCE xestiónanse directamente pola Comisión Europea, que se encarga de seleccionar e adjudicar os proxectos presentados tras as correspondentes convocatorias de propostas establecidas nos programas de traballo anuais e plurianuais.

A Comisión, asistida por unha axencia executiva, encárgase de supervisar a execución técnica e financeira dos proxectos. Os fondos concedidos e non utilizados dentro dun determinado espazo de tempo, serán devoltos ao MCE co fin de ser asignados a outros proxectos.

► **Ligazóns de interese**

Axencia Executiva de Innovación e Redes (INEA)
<http://inea.ec.europa.eu/>

Dirección Xeral de Mobilidade e Transporte (MOVE)
http://ec.europa.eu/transport/themes/infrastructure/connecting_en.htm

Dirección Xeral de Enerxía (ENER)
http://ec.europa.eu/energy/mff/facility/connecting_europe_en.htm

Dirección Xeral de Redes de Comunicación, Contido e Tecnoloxías (CNECT)
<http://ec.europa.eu/digital-agenda/en/connecting-europe-facility>





ERASMUS +

Erasmus+ é o novo programa da Unión Europea en materia de educación, formación, mocidade e deporte para o período 2014-2020. Substitúe ao Programa de Aprendizaxe Permanente 2007-2013 e os subprogramas Erasmus, Leonardo, Grundtvig, Comenius, e Jean Monnet, aos programas internacionais de educación superior (Erasmus Mundus, Tempus, Alfa, Edulink e os programas bilaterais) e ao programa Xuventude en Acción 2007-2013. Erasmus+ integra, ademais, por vez primeira, unha área nova: o deporte.



EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

► Base legal

Regulamento (UE) nº 1288/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, polo que se crea o programa “Erasmus+” de educación, formación, xuventude e deporte da Unión

► Duración

2014 - 2020

► Obxectivos

Os obxectivos do programa enmárcanse dentro da estratexia “Europa 2020”, para o crecemento da UE na próxima década e da estratexia “Educación e Formación 2020” (ET 2020), para a cooperación europea no ámbito da educación e a formación. En concreto perséguese:

- Lograr un aumento do 32% ao 40% da poboación que conte con titulacións de educación superior.
- Reducir a taxa de abandono escolar do 14% a menos do 10%.
- Lograr que un 15% de adultos (25-64 anos) participe en programas de aprendizaxe ao longo da vida.

- Favorecer a mobilidade durante a aprendizaxe: un incremento do 20% en Educación Superior e un 6% en Formación Profesional inicial.

► Eidos de actuación

Erasmus+ comprende tres accións clave e tres accións específicas

Accións clave (Key Actions-KA)

1. Mobilidade para a aprendizaxe

- **Mobilidade do persoal:** trátase de fomentar a mobilidade de profesores, directores e demais persoal educativo, así como de monitores xuvenís con fins de aprendizaxe e o intercambio de boas prácticas.
- **Mobilidade de estudantes:** consiste na mobilidade de estudantes de educación superior e de formación profesional, así como da realización de prácticas (FP e Educación Superior) no estranxeiro.
- **Mobilidade para cursar un máster:** prevese a creación dun sistema de préstamos en condicións favorables para o financiamento íntegro dun programa de máster na UE/EEE.
- **Titulacións de máster conxuntas:** programas de estudo internacionais de alto nivel impartidos por

un consorcio de centros de educación superior que conceden bolsas a estudantes de máster.

2. Cooperación para a innovación e o intercambio de boas prácticas

- **Asociacións estratéxicas:** consiste no apoio a asociacións entre centros de ensino, organizacións xuvenís e de voluntariado. Xestionaranse a través das axencias nacionais correspondentes.
- **Alianzas para o coñecemento:** fomentan asociacións entre centros de educación superior e empresas co fin de ofertar novos plans de estudo, oportunidades de aprendizaxe e habilidades. Xestiónanse a través da Axencia Executiva no ámbito Educativo, Audiovisual e Cultural (EACEA).
- **Alianzas para competencias sectoriais:** trátase de fomentar as asociacións entre centros de Formación Profesional e empresas para incrementar a empregabilidade e completar a formación a través da creación de plans de estudo específicos para determinados sectores e da innovación nos plans de formación profesional.
- **Apoio á administración local e rexional, e ás ONG.**
- Creación de **plataformas informáticas** como o *e-Twinning*, o Portal Europeo da Mocidade e a Plataforma electrónica para a aprendizaxe de adultos en Europa (EPALE).

- **Cooperación internacional e reforzo de capacidades:** fomento da cooperación con terceiros países seguindo as prioridades da UE en política exterior.

3. Apoio á reforma das políticas

Trátase de promover reformas a nivel comunitario e nacional para modernizar a educación e promover a innovación, o emprendemento e a empregabilidade relacionados coa formación. Realízase a través do apoio a:

- O Método Aberto de Coordinación no ámbito educativo e o apoio ao Semestre Europeo.
- O fomento na aplicación nacional de instrumentos de transparencia comunitarios, como os créditos ECTS nas universidades ou ECVET na Formación Profesional (FP)
- Diálogo estruturado: a promoción do diálogo político entre as partes interesadas, terceiros Estados e organizacións internacionais.

Accións específicas

1. Acción para o Deporte (ver recadro aparte) En relación co deporte, este subprograma ten por obxectivos: loitar contra a falta de integridade no deporte, promover

o bo goberno, fomentar a inclusión social a través do deporte, favorecer a igualdade de oportunidades no acceso ao deporte, e concienciar sobre o impacto saudable da actividade física. Estes obxectivos promoveranse a través de:

- Proxectos colaborativos de entre polo menos entidades de cinco Estados membros diferentes.
- Acontecementos deportivos europeos sen ánimo de lucro que reúnan a un mínimo de 12 Estados membros.

2. Iniciativa Jean Monnet

Trata de promover a excelencia nos estudos de educación superior relativos á integración europea a través de:

- **Cátedras Jean Monnet:** postos de ensino superior e de investigación dirixidos a profesores titulares e catedráticos con especialización en estudos sobre a integración europea.
- **Cátedras Jean Monnet *ad personam*:** dirixidas a catedráticos prestixiosos que demostren experiencia docente internacional de alto nivel e publicacións de gran calidade, e a catedráticos cunha experiencia recoñecida como asesores de alto nivel no ámbito da integración europea.

- **Módulos Jean Monnet:** fomentan a investigación e o ensino en materia de integración europea a través da impartición de breves cursos en materia de integración europea en centros de educación superior.

- **Centros de excelencia e Proxectos multilaterais de investigación Jean Monnet:** apoio a certas institucións e asociacións de profesores e investigadores que levan a cabo estudos de integración europea.

3. Xuventude

Fomenta á mobilidade entre mozos a través do voluntariado e do intercambio xuvenil co fin de mellorar as súas competencias e habilidades, incluíndo os menos favorecidos e os que acaban de acceder ao mercado laboral.

▶ Destinatarios

O programa destínase a todos os ámbitos educativos así como a institucións e organizacións:

- **Ámbitos educativos:** mozos de entre 13 e 30 anos, xa sexan estudantes de ensino superior, estudantes de máster, estudantes de formación profesional, mozos traballadores e novos voluntarios. Tamén se inclúen mestres, profesores, formadores e demais persoal do sector educativo.



• **Institucións e organizacións:** centros de primaria, centros de formación profesional, institucións de ensino superior e de adultos, organizacións xuvenís, empresas e asociacións no ámbito deportivo.

► **Financiamento**

O orzamento do programa é de 14.774 millóns de euros. A acción clave 1 recibirá o 63%, a acción clave 2 o 28% e a acción clave 3 o 4,2%.

► **Comentarios**

Erasmus+ supón un incremento dun 40% do orzamento en comparación cos sete programas anteriores que agora se integran nun programa único. Así mesmo, lévase a cabo unha simplificación na xestión e unha redución da complexidade grazas á concentración das actividades en accións clave.

► **Contacto**

Organismo Autónomo Programas Educativos Europeos (OAPEE)

Gustavo Fernández Balbuena, 13. 28002 Madrid
91 550 67 18
secretaria@oapee.es

Instituto de la Juventud (INJUVE)

C/ José Ortega y Gasset, 71. 27006 Madrid
91 272 78 12
juventudenaccion@injuve.es

► **Ligazóns de interese**

Erasmus+. Dirección Xeral de Educación e Cultura da Comisión Europea
http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/index_en.htm

Axencia nacional de Erasmus+ Educación :
Organismo Autónomo Programas Educativos Europeos (OAPEE)
<http://www.oapee.es/>

Axencia nacional de Erasmus + Xuventude: Instituto da Xuventude (INJUVE)
<http://www.juventudenaccion.injuve.es/>

Axencia Executiva no ámbito Educativo, Audiovisual e Cultural (EACEA)
http://eacea.ec.europa.eu/index_en.php

Guía do programa Erasmus + 2014-2020
http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/documents/erasmus-plus-programme-guide_en.pdf

ERASMUS + DEPORTES

Erasmus + inclúe un apartado específico para o deporte que, por primeira vez, forma parte dun programa de UE.

A acción específica Erasmus+ Deportes conta cun orzamento de 265,94 millóns de euros, que se distribúen de forma crecente, correspondendo 16,6 millóns de euros en 2014 e acadando os 60 millóns de euros en 2020.

O programa persegue os seguintes obxectivos específicos:

- Afrontar os desafíos transnacionais no deporte como a dopaxe, o amaño de partidos, a violencia, o racismo e a intolerancia.
- Apoiar a boa gobernanza no deporte e as carreiras duais dos atletas (combinación dunha formación deportiva de alto nivel coa educación xeral ou o traballo).
- Promover a inclusión social, a igualdade de oportunidades e a sensibilización con respecto á importancia das actividades físicas beneficiosas para a saúde mediante unha maior participación no deporte e un acceso ao mesmo igual para todos.

O financiamento de Erasmus+ Deportes distribuirase con base nunha convocatoria de propostas anual, que financiará proxectos que se desenvolverán durante o ano seguinte. A avaliación dos proxectos farase a través de expertos, tanto da CE como externos, co fin de garantir a independencia, a transparencia e a equidade no proceso de selección.

Financia o seguinte tipo de **actividades**:

I) Asociacións en colaboración: rede de entidades de polo menos cinco Estados membros distintos que traballan no eido deportivo, especialmente no deporte de base. Cabe salientar que as asociacións que persigan os obxectivos específicos das carreiras duais dos atletas e das actividades físicas beneficiosas para a saúde van concentrar o 50% do orzamento destinado ás asociacións en colaboración.

As accións que se poden financiar son as seguintes: identificación e intercambio de boas prácticas; desenvolvemento de módulos educativos e de formación; actividades de sensibilización sobre a importancia do deporte e da actividade física, recollida de datos, enquisas e consultas; e conferencias, seminarios e encontros.

II) Eventos deportivos europeos sen ánimo de lucro: trátase de eventos organizados de forma simultánea nun mínimo de 12 países diferentes. Deben centrarse na inclusión social, na igualdade de oportunidades e na posta en marcha das prioridades do programa.

As accións que se poden financiar son as seguintes: organización de actividades de formación de atletas, adestradores, organizadores e voluntarios; a organización do evento, a organización de actividades paralelas (conferencias ou seminarios) e a posta en marcha de actividades de seguimento (avaliacións e deseño de plans futuros). Así e todo, non poderán financiarse competicións organizadas regularmente por ligas ou federacións deportivas ou de carácter profesional.



GALILEO E EGNOS

Galileo e EGNOS son os programas europeos de radionavegación e posicionamento por satélite, que dota á UE dunha tecnoloxía independente do GPS americano e do GLONASS ruso.

I+D+I

► Base legal

Regulamento (UE) nº 1285/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, relativo ao establecemento e a explotación dos sistemas europeos de radionavegación por satélite e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 876/2002 do Consello e o Regulamento (CE) nº 683/2008 do Parlamento Europeo e do Consello

► Duración

2014 - 2020

► Obxectivos

Estes programas pretenden fomentar o desenvolvemento de aplicacións e servizos baseados nos sistemas europeos de radionavegación por satélite. O sistema resultante do programa Galileo será un sistema civil baixo control civil e unha infraestrutura autónoma do sistema mundial de radionavegación por satélite (GNSS) consistente nunha constelación de satélites e unha rede mundial de estacións terrestres. Pola súa parte, o sistema EGNOS será un sistema europeo de radionavegación por satélite e unha infraestrutura que controlará e corraxirá os sinais abertos emitidos polos sistemas mundiais de radionavegación por satélite existentes, así como as do servizo aberto ofrecido polo sistema establecido no marco do programa Galileo. Constará de estacións terrestres e de varios transpondedores instalados en satélites xeoestacionarios.

► Eidos de actuación

- Finalización da fase de despregamento do programa Galileo;
- Fase de explotación do programa Galileo;
- Fase de explotación do programa EGNOS;
- Xestión e seguimento dos programas Galileo e EGNOS;
- Actividades asociadas coa investigación e o desenvolvemento de elementos fundamentais tales como conxuntos de circuitos integrados e receptores compatibles con Galileo;
- Actividades de preparación, seguimento, control, auditoría e avaliación necesarias para a xestión dos programas e a realización dos seus obxectivos específicos. En concreto: os estudos e as reunións de expertos, accións de formación e comunicación, redes de tecnoloxías da información cuxo obxectivo sexa o tratamento ou o intercambio de información, e calquera outra axuda técnica ou administrativa prestada á Comisión para a xestión dos programas.

► Financiamento

A dotación financeira para o establecemento das actividades, así como os riscos asociados a estas, é de 7.071,73 millóns de euros en prezos correntes. O Parlamento Europeo e o Consello autorizarán os créditos anuais dentro destes límites.

O importe total divídese nas seguintes categorías de gasto:

- a) finalización da fase de despregamento do programa Galileo: 1.930 millóns de euros;
- b) fase de explotación do programa Galileo: 3.000 millóns de euros;
- c) fase de explotación do programa EGNOS: 1.580 millóns de euros;
- d) xestión e seguimento dos programas Galileo e EGNOS: 561,73 millóns de euros.

Os Estados membros poderán solicitar achegar fondos adicionais aos programas Galileo e EGNOS co fin de abranguer elementos adicionais en casos particulares. Os terceiros países e as organizacións internacionais tamén poderán achegar fondos adicionais.

► Ligazón de interese

http://ec.europa.eu/enterprise/policies/satnav/galileo/index_en.htm

► Contacto

Comisión Europea. Dirección Xeral de Empresa e Industria (DG ENTR)

Avenue d'Auderghem 45. 1040 Bruxelas. Bélxica
entr-galileo@ec.europa.eu



COPERNICUS

Copernicus, anteriormente coñecido como GMES (Vixilancia Mundial do Medio Ambiente e a Seguridade), é o novo nome do Programa Europeo de Observación e Vixilancia da Terra.



SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

► Base legal

Regulamento (UE) nº 377/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de abril de 2014, polo que se establece o Programa Copernicus (programa da Unión de observación e vixilancia da Terra)

► Duración

2014-2020

► Obxectivos

Copernicus ten por obxecto proporcionar a Europa un acceso continuo, independente e fiable aos datos e á información que resultan da observación e vixilancia da terra. O investimento da UE pretende encher as lagoas neste ámbito de observación mediante o acceso aos recursos existentes e o desenvolvemento dos servizos operativos.

► Eidos de actuación

Copernicus está estruturado en seis servizos de vixilancia: mariña, atmosférica, terrestre e máis os relativos ao cambio climático, a xestión de emerxencias e a seguridade civil.

En cada un destes servizos de vixilancia, o programa financiará o seguinte tipo de accións:

- As actividades propias dos servizos de vixilancia;
- Actividades de desenvolvemento tendentes a mellorar a calidade e o rendemento dos servizos operativos;

- Actividades de apoio para favorecer a utilización dos servizos operativos por parte dos usuarios e das aplicacións derivadas, así como actividades de difusión e comunicación.

► Destinatarios

O programa está aberto á participación de todos os Estados membros da UE, podendo establecerse acordos cos países da Asociación Europea de Libre Comercio (AELC), os países candidatos, así como os países candidatos potenciais e Suíza. Ademais, os terceiros países e as organizacións internacionais poderán proporcionar axuda financeira ao programa.

► Financiamento

4.291 millóns de euros. Unha pequena parte do programa será executada mediante subvencións e contratación pública.

► Ligazón de interese

<http://www.copernicus.eu>

► Contacto

Comisión Europea.

Dirección Xeral de Empresa e Industria (DG ENTR)

Avenue d'Auderghem 45. 1040 Bruxelas. Bélxica
entre-copernicus-services@ec-europa.eu





COMPETITIVIDADE DAS EMPRESAS E AS PEMES (*COMPETITIVENESS OF ENTERPRISES AND SMES- COSME*)

COSME é o programa da UE para a Competitividade das Pequenas e Medianas Empresas (pemes) que ten como finalidade reforzar o crecemento das pemes e reforzar a súa competitividade e sostibilidade, a través de medidas de apoio á concesión de préstamos a empresas. COSME é froito do éxito do actual Programa para a Innovación e a Competitividade (2007 -2013).

EMPRESA

► Base legal

Regulamento (UE) nº 1287/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 1 de decembro 2013, que establece o Programa para a Competitividade das Empresas e para as Pequenas e Medianas Empresas (COSME) (2014-2020)

► Duración

2014 - 2020

► Obxectivos

Reforzar a competitividade e a sostibilidade das empresas da UE, fomentando a cultura do emprendemento e promovendo a creación e o crecemento das pemes.

► Eidos de actuación

1. Acceso ao financiamento. Case 1.400 millóns de euros dos 2.300 millóns do presuposto de COSME asígnanse a dous tipos de instrumentos financeiros, cos que se pretende complementar as medidas nacionais de financiamento das pemes:

- Un Instrumento de Garantías de Préstamo (*Loan Guarantee Facility*), que ofrece ás pemes garantías directas ou outras modalidades de risco compartido para cubrir préstamos de ata 150.000 €;
- Un Instrumento de Capital para o Crecemento (*Equity Facility for Growth*), que se centrará en fondos que proporcionen financiamento de capital risco, como os préstamos subordinados e participativos, para empresas en expansión e en fase de crecemento, en particular aquelas que realizan actividades transfronteirizas.

Para consultar as entidades financeiras que en España están a asinar acordos co BEI ou o FEI co obxectivo de poñer en marcha este tipo de instrumentos, ha de consultarse o portal web: www.access2finance.eu

2. Acceso aos mercados. COSME financia a Rede Europea de apoio ás Empresas (*Enterprise Europe Network-EEN*) para prestar apoio á internacionalización das pemes, facilitando a súa expansión e a cooperación transnacional. Dentro deste mesmo apartado, COSME tamén presta servizos de asistencia para os dereitos de propiedade intelectual e industrial en Europa, China, o Sudeste asiático e os países de Mercosur.

3. Mellora das condicións xerais para a competitividade e sostibilidade das empresas, en particular as pemes, incluído o sector turístico. Neste apartado COSME apoia a redución de cargas administrativas para as empresas -dado que os estudos demostran que estas cargas afectan gravemente á súa competitividade-, a identificación e intercambio de boas prácticas nos países europeos en relación coa promoción empresarial e, por último, os proxectos de cooperación europea no eido do turismo (desestacionalización, diversificación da oferta, demanda, accesibilidade...).

4. Fomento do emprendemento: COSME apoia actividades en relación cos tres eixes do plan de acción europeo "Emprendemento 2020": o emprendemento na educación, a mellora das condicións para emprender, o fomento do emprendemento entre grupos específicos da poboación (mulleres, mozos e maiores). Dentro deste último apartado, continúa o programa Erasmus para Novos Emprendedores (ver recadro á parte).



► Destinatarios

COSME vai destinado a:

- Empresarios, en especial as pemes, que se beneficiarán dun acceso máis doado ao financiamento para o desenvolvemento, a consolidación e o crecemento das súas empresas.
- Cidadáns que queren traballar por conta propia e que encontren dificultades en establecer os seus negocios.
- Administracións dos Estados membros a nivel estatal, rexional e local, que se beneficiarán do apoio financeiro, o intercambio de boas prácticas e as estatísticas realizadas a nivel comunitario para poñer en práctica unha política eficaz en favor das empresas.

► Financiamento

2.298 millóns de euros.

► Ligazóns de interese

Programa COSME

http://ec.europa.eu/enterprise/initiatives/cosme/index_en.htm

Enterprise Europe Network

http://een.ec.europa.eu/index_es.htm

Portal Europeo para as pemes

http://ec.europa.eu/small-business/index_es.htm

Portal de acceso ao financiamento europeo para empresas

www.access2finance.eu

► Contacto

A rede *Enterprise Europe Network* está representada en Galicia a través de tres organismos:

- **CIS Galicia** (Centro de Innovación e Servizos para o deseño e a tecnoloxía): apoia a transferencia de tecnoloxía entre empresas e a súa participación en programas de financiamento comunitario, especialmente naqueles relacionados coa I+D+i.
Contacto: galactea@cisgalicia.org
- **IGAPE** (Instituto Galego de Promoción Económica): informa e asiste ás empresas en temas comunitarios, promove a cooperación empresarial e apoia a súa participación en programas europeos.
Contacto: internacionalizacion@igape.es
- **CEG** (Confederación de Empresarios de Galicia): presta información e asistencia ás empresas en temas europeos, promove a cooperación empresarial, transmite á Comisión Europea as opinións das empresas galegas e apoia a súa participación en programas europeos.
Contacto: euroinfo@ceg.es

ERASMUS PARA MOZOS EMPRENDEDORES

O programa Erasmus para Mozos Emprendedores pretende axudar aos aspirantes europeos a empresarios a adquirir as habilidades necesarias para crear e/ou dirixir con éxito unha pequena ou mediana empresa.

Este programa facilita o intercambio de experiencias e coñecementos entre emprendedores noveis e empresarios experimentados doutros países da Unión. Este intercambio prodúcese no marco de estadias dos primeiros nas empresas dos segundos durante as cales os novos emprendedores poden adquirir as habilidades necesarias para dirixir unha pequena ou mediana empresa. Pola súa banda, os empresarios anfitrións benefíciense dunha nova perspectiva sobre o seu negocio e gozan da oportunidade de cooperar con socios estranxeiros ou coñecer novos mercados. A estadía está parcialmente subvencionada pola Unión Europea.

A captación e selección dos emprendedores e empresarios de acollida realízase a través de organizacións intermediarias presentes en todos os Estados participantes no programa que, ademais, realizan labores de apoio e seguimento das estadias de formación. En Galicia, é organización intermediaria a Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L (UNINOVA), dependente da Universidade de Santiago de Compostela.

A participación no programa consta de catro fases:

- **Inscripción en liña:** os emprendedores e os empresarios de acollida deben acceder á ferramenta de inscrición en liña e elixir a organización intermediaria do seu país que prefiran (aconséllase que sexa a máis próxima ao seu lugar de residencia ou actividade económica). Esta organización intermedia verifica que se cumpren os requisitos para poder ser incluídos no catálogo en liña.

- **Procura dun colaborador:** unha vez admitidos, empresarios e emprendedores buscan na base de datos as propostas que máis se adecúan ao seu perfil co obxectivo de establecer contacto. O programa está tamén presente nas redes sociais para facilitar estes contactos.

- **Preparación e trámites:** emprendedor e empresario de acollida negocian un borrador de convenio que contén os obxectivos, duración e contidos do intercambio. As estadias, de un a seis meses de duración, poden realizarse dunha vez ou en diversos períodos nun prazo máximo dun ano. Se alcanzan un acordo, procédese á firma do convenio e o emprendedor realiza un curso de formación para preparar o seu traslado.

- **Estadía no estranxeiro:** o emprendedor trasládase á empresa de acollida. Ao finalizar o intercambio, deberá redactar un informe sobre a súa estadía.

Dende a súa creación en 2008 este programa mobilizou a máis de 2.300 emprendedores a través de 180 organizacións intermediarias, das que 24 están en España. Calcúlase que un terzo de todos os emprendedores que participaron chegaron a crear unha empresa posteriormente. As empresas creadas adoitan ter unha taxa de fracaso menor á media. O programa pretende chegar aos 10.000 intercambios no novo período 2014-2020.

Máis información:

<http://www.erasmus-entrepreneurs.eu/>

<http://www.uninova.org>



EMPREGO E INNOVACIÓN SOCIAL (EMPLOYMENT AND SOCIAL INNOVATION - EaSI)

EaSI, o programa da Unión Europea para o emprego e a innovación social, é un instrumento de financiamento que pretende apoiar a creación de emprego, as políticas sociais e a mobilidade laboral na UE. EaSI reúne os programas PROGRESS, EURES e PROGRESS Microfinanciamento 2007-2013, ata agora xestionados individualmente.

EMPREGO E ASUNTOS SOCIAIS

► Base legal

Regulamento (UE) nº 1296/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, relativo a un Programa da Unión Europea para o Emprego e a Innovación Social («EaSI») e polo que se modifica a Decisión nº 283/2010/UE pola que se establece un instrumento europeo de microfinanciamento para o emprego e a inclusión social

► Duración

2014 - 2020

► Obxectivos

- Reforzar a adhesión dos responsables políticos a todos os niveis e preparar actuacións concretas, tanto a nivel da Unión como dos Estados membros, nas áreas de emprego, asuntos sociais e inclusión social.
- Apoiar o desenvolvemento de sistemas de protección social e mercados de traballo axeitados, accesibles e eficientes.
- Modernizar e garantir unha aplicación efectiva da lexislación europea.
- Promover a mobilidade laboral e potenciar as oportunidades de traballo por medio do desenvolvemento dun mercado de traballo aberto.
- Promover o emprego e a integración social, mediante o aumento da dispoñibilidade e a accesibilidade do microfinanciamento para as persoas vulnerables que desexen crear unha microempresa, así como para as microempresas existentes, e potenciar o acceso ao financiamento para as empresas sociais.

► Eidos de actuación

EaSI está composto por tres eixes complementarios entre si: Progress, EURES e Microfinanciamento e emprendemento social.

1. Progress

Apoia accións nas áreas de a) emprego; b) protección e integración social; c) redución e prevención da pobreza; e d) condicións de traballo. Poden financiarse os seguintes tipos de accións:

- **Actividades de análise:** recompilación de datos e estatísticas; elaboración de enquisas, estudos, análises, informes e avaliacións; seguimento e avaliación da transposición e a aplicación do dereito da UE; preparación e aplicación da experimentación en política social; difusión dos resultados destas actividades de análise.
- **Actividades de aprendizaxe mutua, sensibilización e difusión:** intercambios e difusión de boas prácticas; actos, conferencias e seminarios da Presidencia do Consello; formación de profesionais xurídicos e políticos; elaboración e publicación de guías, informes e material educativo; actividades de información e comunicación; desenvolvemento e mantemento dos sistemas de información co fin de intercambiar e difundir información sobre a política e a lexislación da Unión, e sobre o mercado de traballo.

2. EURES

Apoia accións nas áreas de a) desenvolvemento e mantemento dos sistemas de información sobre o mercado de traballo; b) desenvolvemento dos servizos de contratación e colocación de traballadores; e c) asociacións transfronteirizas.



O eixe EURES financia accións para fomentar a mobilidade voluntaria das persoas na Unión, en concreto:

- O desenvolvemento e as actividades das asociacións transfronteirizas de EURES.
- A prestación de servizos de información, asesoramento, colocación e contratación de traballadores transfronteirizos.
- O desenvolvemento da plataforma dixital multilingüe.
- O desenvolvemento de plans de mobilidade específicos.
- A aprendizaxe mutua entre os axentes de EURES e a formación dos asesores EURES, incluída a dos asesores das asociacións transfronteirizas de EURES.
- As actividades de información e comunicación para dar a coñecer as vantaxes da mobilidade xeográfica e laboral en xeral, e as actividades e servizos de EURES.

3. Microfinanciamento e emprendemento social

Este eixe apoia accións nas áreas de 1) microfinanciamento para grupos vulnerables e microempresas, e 2) empresas sociais. Ademais, apoia o reforzo da capacidade institucional na xestión de microcréditos.

► Destinatarios

1. Progress: a participación está aberta a todos os Estados membros da UE, Estados candidatos, países do Espazo Económico Europeo (EEE) e da Asociación Europea de Libre Comercio. En concreto poderán participar:

- As autoridades nacionais, rexionais e locais.

- Os servizos de emprego.
- Os organismos especializados previstos na lexislación da Unión.
- Os interlocutores sociais.
- As organizacións non gubernamentais.
- As institucións de educación superior e os centros de investigación.
- Os expertos en avaliación e en avaliación de impacto.
- Os institutos nacionais de estatística.
- Os medios de comunicación.

2. EURES: poden participar os Estados membros da UE, os países do EEE e a Confederación Suíza. En particular, a participación está aberta aos organismos, axentes e institucións designados por un Estado membro ou pola Comisión, incluíndo:

- As autoridades nacionais, rexionais e locais.
- Os servizos de emprego.
- As organizacións de interlocutores sociais e outros axentes interesados.

3. Microfinanciamento e emprendemento social: este eixe está aberto a organismos públicos e privados radicados a escala nacional, rexional ou local, dos Estados membros da UE, Estados candidatos, países do Espazo Económico Europeo (EEE) e da Asociación Europea de Libre Comercio (EFTA).

► **Financiamento**

EaSI conta con 919 millóns de euros. O 61% do orzamento dedícase ao eixe Progress, un 18% ao eixe EURES e un 21% ao eixe Microfinanciamento e emprendemento social.

► **Comentarios**

As actividades de financiamento do programa EaSi son xestionadas directamente pola Comisión Europea, que adopta plans de traballo cada tres anos para cada eixe de actuación.

► **Ligazóns de interese**

Dirección Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión da Comisión Europea
<http://ec.europa.eu/social/main.jsp?catId=1081&langId=en>

Convocatorias de propostas
<http://ec.europa.eu/social/main.jsp?catId=629&langId=en>

Licitacións
<http://ec.europa.eu/social/main.jsp?catId=624&langId=en>



ADUANA 2020

Aduana 2020 é o herdeiro do programa de formación de funcionarios de aduanas desenvolvido pola UE durante os períodos 1991-1995, 1996-2002, 2003-2007 e 2008-2013. O Programa apoiará o funcionamento e a modernización da Unión Aduaneira co obxecto de reforzar o mercado interior mediante a cooperación entre os países participantes, as súas autoridades aduaneiras e os seus funcionarios.

FISCALIDADE E UNIÓN ADUANEIRA

► Base legal

Regulamento (UE) nº 1294/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, polo que se establece un programa de acción para a aduana na Unión Europea para o período 2014-2020 (Aduana 2020) e polo que se derroga a Decisión nº 624/2007/CE

► Duración

2014-2020

► Obxectivos

Apoiar ás autoridades aduaneiras a protexer os intereses financeiros e económicos da Unión e dos Estados membros, incluída a loita contra a fraude e a protección dos dereitos de propiedade intelectual; aumentar a seguridade e a protección; protexer aos cidadáns e ao medio ambiente; mellorar a capacidade administrativa das autoridades aduaneiras; e reforzar a competitividade das empresas europeas.

Estes obxectivos alcanzaranse mediante a informatización, a adopción de enfoques modernos e harmonizados dos procedementos e controis aduaneiros, a facilitación do comercio lexítimo, a redución dos custos de cumprimento da normativa e a carga administrativa e, por último, a mellora do funcionamento das autoridades aduaneiras.

► Eidos de actuación

- Accións conxuntas, como seminarios e talleres, grupos de proxecto, análise de prácticas aduaneiras, equipos de expertos para tarefas en eidos específicos, accións de reforzo de capacidades, estudos, accións de comunicación e actividades de apoio en xeral.

- Reforzo das capacidades informáticas: desenvolvemento, mantemento, explotación e control de calidade dos compoñentes da Unión dos sistemas europeos de información.

- Desenvolvemento das competencias humanas: accións de formación comúns para apoiar as competencias e os coñecementos profesionais necesarios en materia de aduanas.

► Destinatarios

Autoridades aduaneiras dos Estados membros, países en vías de adhesión, países candidatos e candidatos potenciais e países socios da Política Europea de Veciñanza.

► Financiamento

522.943.000 euros.

A asignación de fondos será a seguinte:

- Accións conxuntas: máximo 20%
- Reforzo das capacidades informáticas: como mínimo 75%
- Desenvolvemento das competencias humanas: máximo 5%

O apoio financeiro que preste a Unión para as accións subvencionables adoptará a forma de subvencións, contratos públicos e reembolsos dos gastos realizados polos expertos externos.

► Ligazóns de interese

http://ec.europa.eu/taxation_customs/customs/cooperation_programmes/index_en.htm

► Contacto

Comisión Europea. Dirección Xeral de Fiscalidade e Unión Aduaneira (DG TAXUD)

Rue Montoyer, 59. 1000 Bruxelas. Bélxica



FISCALIS 2020

Fiscalis 2020 pretende contribuir á loita contra a fraude fiscal e a evasión de impostos, así como á aplicación da normativa da Unión en materia de fiscalidade, garantindo o intercambio de información, apoiando a cooperación administrativa e, cando sexa necesario, mellorando a capacidade administrativa dos países participantes, co fin de contribuir a reducir a carga administrativa das administracións tributarias e os custos do cumprimento das obrigacións fiscais para os contribuíntes. Fiscalis 2020 sucede a Fiscalis 2013 (2008-2013), Fiscalis 2007 (2003-2007) e o Fiscalis inicial (1998-2002).

LOITA CONTRA A FRAUDE

► Base legal

Regulamento (UE) n° 1286/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, polo que se establece para o período 2014-2020 un programa de acción para mellorar o funcionamento dos sistemas fiscais da Unión Europea (Fiscalis 2020) e polo que se derroga a Decisión n° 1482/2007/CE

► Duración

2014-2020

► Obxectivos

Potenciar o funcionamento dos sistemas fiscais no mercado interior mellorando a cooperación entre os países participantes, as súas administracións tributarias e os seus funcionarios.

► Eidos de actuación

- Accións conxuntas, tales coma a celebración de seminarios e talleres; grupos de proxectos; controis bilaterais ou multilaterais en materia de cooperación administrativa; incremento das competencias dos funcionarios en materia fiscal; constitución de equipos de expertos; desenvolvemento das capacidades das administracións públicas; estudos e realización de proxectos de comunicación, entre outras.

- Construción dos sistemas de información europeos: desenvolvemento, mantemento, explotación e control de calidade dos sistemas de información europeos e dos novos sistemas establecidos ao amparo da normativa da Unión, co fin de implantar unha interconexión eficiente entre as administracións tributarias.

- Actividades de formación conxuntas: accións de formación conxuntas para apoiar as competencias e os coñecementos profesionais necesarios en materia de fiscalidade.

► Destinatarios

Administracións tributarias dos Estados membros, países en vías de adhesión, países candidatos e candidatos potenciais e países socios da Política Europea de Veciñanza.

► Financiamento

O orzamento para a execución do programa a partir do 1 de xaneiro de 2014 será de 223.366.000 euros.

O apoio financeiro que preste a Unión para as accións subvencionables adoptará a forma de subvencións, contratos públicos e reembolsos dos gastos realizados polos expertos externos.

► Ligazón de interese

http://ec.europa.eu/taxation_customs/taxation/tax_cooperation/fiscalis_programme/index_en.htm

► Contacto

Comisión Europea. Dirección Xeral de Fiscalidade e Unión Aduaneira (DG TAXUD)
Rue Joseph II 79.1049 Bruxelas. Bélxica
+32 229-91111

Axencia Tributaria Española

Infanta Mercedes, 37. 28020 Madrid
915 837 000
Fiscalis@aeat.es



HÉRCULES III

O programa Hércules III está dedicado á loita contra a fraude, a corrupción e calquera outra actividade ilegal que afecte aos intereses financeiros da UE, incluída a loita contra o contrabando e falsificación de tabaco. O programa axuda ás autoridades nacionais na súa loita contra as actividades ilegais transfronteirizas mediante o financiamento de apoio técnico e operativo, e actividades de formación profesional.

LOITA CONTRA A FRAUDE

► Base legal

Regulamento (UE) nº 250/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, polo que se establece un programa para promover actividades no campo da protección dos intereses financeiros da Unión Europea (Programa Hércules III)

► Duración

2014 - 2020

► Obxectivos

- Protexer os intereses financeiros da Unión, mellorando así a competitividade da economía europea e garantindo a protección do diñeiro do contribuínte.
- Previr e combater a fraude, a corrupción e calquera outras actividades ilegais contra os intereses financeiros da Unión.

► Eidos de actuación

O programa proporcionará apoio financeiro ás seguintes accións:

a) Subministración de asistencia técnica especializada ás autoridades nacionais das seguintes maneiras:

- proporcionando coñecementos específicos, equipo especializado e tecnicamente avanzado e ferramentas efectivas de tecnoloxía da información (TI) que faciliten as investigacións, a cooperación transnacional e a cooperación coa Comisión;

- apoiando a capacidade dos Estados membros de almacenar e destruír cigarros confiscados, así como servizos analíticos independentes para a análise dos cigarros confiscados;

- mellorando os intercambios de persoal para proxectos específicos, particularmente na loita contra o contrabando e a falsificación de tabaco;

- desenvolvendo unha capacidade de tecnoloxía da información nos Estados membros e terceiros países, incrementando o intercambio de datos, desenvolvendo e subministrando ferramentas de TIC para investigacións, e supervisando as tarefas de información.

b) Organización de formación especializada e talleres de formación en análise de risco, así como conferencias, con vistas a:

- intercambiar experiencias entre as autoridades pertinentes dos Estados membros e terceiros países, así como os representantes de organizacións internacionais, incluídos os servizos especializados con funcións coercitivas; e coordinar as actividades dos Estados membros, terceiros países e organizacións públicas internacionais;

- divulgar coñecementos e apoiar as actividades de investigación de alto nivel, particularmente para unha mellor identificación do risco para os efectos de investigación;

- mellorar a cooperación entre as persoas que traballan sobre o terreo e as que realizan un traballo teórico, sensibilizando aos xuíces, maxistrados e outras profesións xurídicas sobre a protección dos intereses financeiros da Unión.



c) Calquera outra acción, disposta polos programas de traballo anuais, que sexa necesaria para alcanzar os obxectivos xerais e específicos do programa.

► **Destinatarios**

Poderán recibir financiamento da Unión en virtude do programa os seguintes organismos:

- as administracións nacionais ou rexionais dun Estado membro ou dun terceiro país, que promovan o reforzo da acción a nivel da Unión para protexer os intereses financeiros desta;
- os institutos de investigación e ensino e as entidades sen ánimo de lucro, sempre que fosen establecidos e operasen como mínimo durante un ano nun Estado membro ou nun terceiro país, e que promovan o reforzo da actuación a nivel da Unión para protexer os intereses financeiros desta.

► **Financiamento**

A dotación orzamentaria é de 104.918.000 euros.

O financiamento da Unión adoptará a forma de:

- Subvencións;
- Contratación pública;
- Reembolso dos gastos pola participación en actividades con cargo aos programas realizados polos representantes de terceiros países e de organizacións internacionais.

A adquisición de equipo non constituirá o único compoñente do acordo de subvención.

A porcentaxe de cofinanciamento para as subvencións concedidas con cargo ao programa non superará o 80% dos gastos subvencionables. En casos excepcionais e debidamente xustificadas, definidos polo programa de traballo anual, a porcentaxe de cofinanciamento poderá chegar ao 90% dos gastos subvencionables.


► **Ligazóns de interese**

http://ec.europa.eu/anti_fraud/

► **Contacto** 📞 ✉️

Comisión Europea. Oficina de Loita contra a Fraude (OLAF)

Dirección D - Elaboración de Políticas, Prevención da Fraude, Relacións Interinstitucionais e Exteriores, Análise Estratéxica, Informes, Operacións Conxuntas, Hércules, Pericles e Protección do Euro
Rue Joseph II 30. 1000 Bruxelas. Bélxica
+32 2295 04 11



PERICLES 2020

Programa en materia de intercambios, asistencia e formación para a protección do Euro contra a falsificación de moeda e as fraudes relacionadas con ela.



LOITA CONTRA A FRAUDE

► Base legal

Regulamento (UE) n.º 331/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo de 2014, polo que se establece un programa en materia de intercambios, asistencia e formación para a protección do euro contra a falsificación de moeda (programa Pericles 2020)

► Duración

2014 - 2020

► Obxectivos

- Previr e combater a falsificación e a fraude, mellorando así a competitividade da economía europea e garantindo a sostibilidade das finanzas públicas.
- Protexer os billetes e moedas en euros contra a falsificación e as fraudes relacionadas con ela, apoiando e complementando as medidas emprendidas polos Estados membros e axudando ás autoridades nacionais e europeas competentes nos seus esforzos para desenvolver entre elas e coa Comisión Europea unha cooperación estreita e periódica, incluíndo tamén terceiros países e organizacións internacionais. Este obxectivo medirase, entre outras cousas, mediante a efectividade da actuación polas autoridades financeiras, técnicas, legais e xudiciais, en función do número de falsificacións detectadas, talleres ilegais desmantelados, individuos arrestados e sancións impostas.

► Eidos de actuación

- O intercambio de información, en particular mediante a organización de obradoiros, reunións e seminarios, contratacións adaptadas e intercambios de persoal das autoridades nacionais competentes e outras actividades similares.

- Asistencia técnica, científica e operativa, dirixida a desenvolver instrumentos pedagóxicos, aplicacións informáticas, instrumentos e métodos técnicos de apoio e asistencia financeira para a cooperación en operacións.

- Subvencións para financiar a compra de equipos destinados ás autoridades de loita contra a falsificación de moeda para protexer o euro contra a falsificación.

► Destinatarios

Os países participantes serán os Estados membros que adoptaron o euro como moeda única. As propostas presentadas por estes Estados membros poderán incluír participantes doutros países, en caso de que a súa presenza sexa importante para a protección do euro.

Os organismos que poderán recibir financiamento da Unión conforme ao programa son as autoridades nacionais competentes dos Estados membros para a detección de billetes e moedas falsos, tal como se definen no Regulamento (CE) n.º 1338/2001.

O programa estará aberto á participación dos seguintes grupos:

- persoal das axencias que interveñen na detección e a loita contra a falsificación de moeda (en particular as forzas de seguridade e as administracións financeiras, segundo as súas distintas atribucións no ámbito nacional);
- persoal dos servizos de información;
- representantes dos bancos centrais nacionais, das fábricas de moeda nacionais, dos bancos comerciais e dos demais intermediarios financeiros (especialmente en relación coas obrigas das entidades financeiras);

- maxistrados e xuristas especializados neste ámbito;
- calquera outro grupo de especialistas interesado (cámaras de comercio e industria ou estruturas equivalentes que poidan facilitar o acceso ás pequenas e medianas empresas, os minoristas e as empresas de transporte de fondos).

As actividades emprendidas conforme ao programa poderán ser organizadas conxuntamente pola Comisión e outros socios que posúan coñecementos técnicos adecuados, entre eles:

- Bancos centrais nacionais e o BCE;
- Centros Nacionais de Análise (CNA) e Centros Nacionais de Análise de Moedas (CNAM);
- Centro Técnico e Científico Europeo (CTCE) e Fábricas nacionais de moeda;
- Europol, Interpol e Eurojust;
- Oficinas centrais nacionais de loita contra a falsificación de moeda previstas no artigo 12 do Convenio de represión da falsificación de moeda, asinado en Xenebra o 20 de abril de 1929, así como os demais servizos especializados na prevención, a detección e a represión da falsificación de moeda;
- Organismos especializados en materia de técnica de reprografía e autenticación, os impresores e gravadores;
- Calquera outro organismo que conte con coñecementos técnicos específicos, incluídos, cando proceda, os de terceiros países e, en particular, os dos países candidatos á adhesión.

► Financiamento

O orzamento para a execución do programa será de 7.344.000 euros para o período 2014-2020.

O financiamento da Unión para as accións previstas adoptará a forma de subvencións e contratación pública. A porcentaxe de cofinanciación para as subvencións concedidas con cargo ao programa non excederá o 75 % dos gastos subvencionables. En casos excepcionais e debidamente xustificadas, a porcentaxe de cofinanciación poderá cubrir o 90 % dos gastos.


► Ligazón de interese

http://ec.europa.eu/anti_fraud/euro-protection/training/index_en.htm

► Contacto

Comisión Europea. Dirección Xeral de Fiscalidade e Unión Aduaneira (DG TAXUD)

Rue Joseph II 79.1049 Bruxelas. Bélxica
+32 229-91111



PROGRAMA UE GATEWAY

Dende 1994 a Unión Europea vén fomentando a exportación e o intercambio entre Europa e Xapón de tecnoloxías de vangarda, deseños e produtos de empresas da UE. En xuño de 2008, esta campaña convértese no programa UE Gateway, que busca promover as relacións comerciais entre empresas europeas e xaponesas.

EMPRESA

▶ Duración

2008 - 2015

▶ Obxectivos

O obxectivo principal do programa é servir de axuda a empresas da Unión Europea a ter éxito en Xapón e Corea con medidas de apoio ás primeiras etapas das súas estratexias de penetración no mercado.

▶ Eidos de actuación

O programa financia, principalmente, misións comerciais dunha semana de duración, nas que empresas europeas presentan os seus produtos a posibles clientes de Xapón e/ou Corea.

▶ Destinatarios

Empresas europeas que cumpran os seguintes criterios

- ter máis de cinco anos de existencia;
- posuír capital social de orixe europea;
- estar asentada e desenvolver a súa actividade principal na UE;
- estar presente nos sectores de actividade do programa;

- contar con experiencia previa na cooperación comercial internacional;
- garantir unha sólida estratexia de acceso aos mercados xaponés e/ou coreano.

Ademáis dos criterios xerais, as empresas deben traballar nalgún dos sectores aos que se dirixe este programa:

- tecnoloxías relacionadas coa enerxía e o medio ambiente;
- tecnoloxías relacionadas coa saúde e a medicina;
- tecnoloxías da información e da comunicación;
- tecnoloxías da construción;
- deseño de moda;
- deseño de interiores.

▶ Financiamento

O programa conta con 23 millóns de euros para o período 2008-2015. Cada empresa terá dispoñible ata 1.000 euros para cubrir os custos de aloxamento e un máximo do 80% dos custos dos servizos personalizados sen que esta cantidade poida superar os 1.600 euros.

▶ Ligazón de interese

<http://www.eu-gateway.eu/home>

▶ Contacto

EU Gateway Programme Office

Oficina da Comisión Europea en Xapón - Tokio
03-5228-0630
gatewayoffice@witan.co.jp

Oficina de Bruxelas:
brusselsoffice@eu-gateway.eu





PROGRAMA DE FORMACION DE EXECUTIVOS EN XAPON E COREA (*EXECUTIVE TRAINING PROGRAMME - ETP*)

Este programa posibilita que os executivos e as empresas europeas amplíen os seus negocios en Xapón e Corea, importantes potencias mundiais, a través dunha aprendizaxe activa que combina a formación empresarial e o idioma, prácticas nunha empresa do país asiático, e apoio para o desenvolvemento dun plan de negocios. A Unión Europea financia a totalidade do programa e proporciona unha bolsa ao longo deste para cada participante.

EMPRESA

► Obxectivos

O obxectivo estratéxico do ETP xaponés e coreano é fortalecer a presenza de empresas europeas nos mercados.

Máis especificamente, preténdese crear un núcleo de executivos europeos dotados de habilidades lingüísticas, culturais e de negocio, e de coñecementos necesarios para operar nos mercados xaponés e coreano. Os executivos que cursen o programa ETP deben ser capaces, á súa volta, de orientar ás súas organizacións sobre como penetrar ou consolidar posicións nestes mercados.

► Eidos de actuación

O programa ETP impártese durante un período de 45 semanas que se dividen en tres módulos:

- Un módulo de iniciación de tres semanas no Reino Unido.
- Un módulo de inmersión de 30 semanas en Xapón ou Corea.
- Prácticas durante 12 semanas nunha empresa xaponesa ou coreana.

O ciclo de ETP conclúe cun período de dúas semanas durante o cal se celebran as probas finais.

A Comisión Europea asume:

- Os custos dos cursos, seminarios e actividades realizadas.
- Os gastos de vivenda.
- A manutención dos participantes.

► Destinatarios

O Programa de Formación de Executivos diríxese tanto a executivos coma a empresas da UE cunha clara disposición para facer negocios con Xapón ou Corea.

Requisitos mínimos para os executivos da UE:

- Ser cidadán dun dos Estados membros da Unión Europea.
- Ser empregado dunha empresa patrocinadora dende polo menos 1 ano.
- Demostrar un excelente dominio do inglés.
- Non ter participado anteriormente no programa.

- Ter por unha banda un título universitario dun mínimo de tres anos de duración e tres anos de experiencia profesional como executivo, ou ben ter 2 anos de educación superior e cinco anos de experiencia profesional como executivo.

Requisitos mínimos para as empresas da UE:

- Ter:
 - exportacións ou investimentos en Xapón ou Corea, ou
 - plans para desenvolver exportacións ou investimentos nun dos países, ou
 - prestar apoio ás empresas europeas no desenvolvemento das exportacións ou investimentos a Xapón ou Corea.



- Ter a súa sede na Unión Europea, ter as oficinas centrais situadas na Unión Europea, posuír unha identidade europea e producir bens ou servizos orixinarios da UE.
- Empregar a un mínimo de cinco persoas e ter unha facturación anual de 500.000 € ou máis.
- Comprometerse a contribuír cunha parte dos gastos de manutención dos participantes durante todo o programa.
- Comprometerse a manter o vínculo laboral co participante durante o programa.

► **Financiamento**

Proporcionase unha bolsa de 26.400 euros para Xapón (2.200 € ao mes) e 24.000 euros para Corea (2.000 € ao mes) para cada participante. Ademais, anímase ás empresas participantes a contribuír cos gastos de manutención dos participantes.

► **Comentarios**

O programa consta de convocatorias anuais. A solicitude cubrirase de forma electrónica.

► **Ligazón de interese**

<http://www.euetp.eu>

► **Contacto**

EU-Japan Centre


Office in Europe
Rue Marie de Bourgogne 52. 1000 Bruxelas. Bélxica
+32 (0)2 282 00 40
office@eu-japan.eu

Head Office in Japan

Round-Cross Ichibancho 4F
13-3 Ichibancho. Chiyoda-ku. Tokio 102-0082 Xapón
+81 (0)3 3221 6161

Delegación da Unión Europea en Xapón:

Ms Aki Taniguchi, ETP Programme Coordinator, Trade Section
Teléfono directo: +81 (0)3-5422-6041. Aki.Taniguchi@eeas.europa.eu
Europa House, 4-6-28 Minami-Azabu, Minato-ku, Tokyo 106-0047
Central: +81 (0)3-5286-8862
Secretariat: info@euetp.eu



VULCANUS

O Programa *Vulcanus in Japan* iniciouse en 1997 coa finalidade de que os estudantes da UE realicen prácticas en Xapón no ámbito industrial. Este programa empeza en setembro e termina en agosto do ano seguinte para axustarse ao ano académico nos Estados membros da UE. Do mesmo xeito, o Programa “Vulcanus en Europa” ofrece o equivalente para estudantes xaponeses en empresas da Unión Europea.



EMPRESA

► Duración

Convocatorias anuais

► Obxectivos

- Para universitarios europeos: achegalos ao mercado nipón, proporcionándolles unha formación exhaustiva en materia lingüística, cultural e de formación profesional nos seus ámbitos de estudo respectivos, especialmente en tecnoloxías.
- Para empresas europeas: ofrecer a posibilidade de acoller en prácticas a un estudante xaponés durante oito meses.

► Eidos de actuación

Bolsas de formación e prácticas para estudantes no ámbito das telecomunicacións, enxeñerías, informática e estudos científicos en xeral. A estancia, no caso do Vulcanus en Xapón, consiste nun seminario dunha semana de duración no país nipón, catro meses de curso intensivo de xaponés e oito meses de prácticas nunha empresa xaponesa. O Vulcanus en Europa abrangue un curso intensivo de idioma de 15 semanas para preparar ao bolseiro para se comunicar no ámbito laboral da empresa de acollida, un seminario en Bruxelas para familiarizalo coa Unión Europea, a súa cultura e a súa industria e oito meses de prácticas na empresa asignada.

► Destinatarios

No caso de Vulcanus en Xapón, os destinatarios serán mozos europeos que cursen polo menos o terceiro ano de carreira universitaria no eido da enxeñería ou das ciencias.

No caso do programa en Europa, poderá enviar a súa candidatura toda empresa europea do sector industrial, teña establecido ou non contactos profesionais no Xapón.

► Financiamento

Os estudantes europeos reciben unha bolsa (1.900.000 yen) para a viaxe de ida e volta e os gastos de manutención en Xapón. Son aloxados pola empresa que lles acolle durante os 12 meses. Os cursos de idiomas e o seminario están a cargo do centro UE-Xapón.

No caso de empresas europeas que acollan estudantes xaponeses, o centro UE-Xapón financia o curso de idioma de 15 semanas e un seminario en Bruxelas sobre a UE, ademais de pagar ao bolseiro unha cantidade para cubrir os gastos de viaxe e aloxamento.

► Ligazón de interese

<http://www.eu-japan.eu/vulcanus-japan-0>

► Contacto

Oficina en Europa

Rue Marie de Bourgogne 52. 1000 Bruxelas. Bélxica
+32 (0)2 282 00 40

Oficina principal en Xapón

Round-Cros Ichibancho 4F.13-3 Ichibancho.Chiyoda-ku.Tokyo 102-0082 Xapón
+81 (0)3 3221 6161



VIDA COTIÁ ASISTIDA POLO ENTORNO (*AMBIENT ASSISTED LIVING, AAL*)

O AAL financia proxectos transnacionais de investigación e desenvolvemento que teñan como obxectivo mellorar a calidade de vida das persoas maiores e reforzar a base industrial en Europa mediante o uso das Tecnoloxías de Información e Comunicación (TIC).



SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

► Base legal

Decisión nº 554/2014/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativa á participación da Unión no Programa de investigación e desenvolvemento «Vida Cotiá Asistida e Activa», emprendido conxuntamente por varios Estados membros

► Duración

2014-2020

► Obxectivos

- Fomentar a aparición de produtos, servizos e sistemas innovadores baseados nas TIC, para mellorar a calidade de vida, a participación na sociedade e a autonomía das persoas maiores;
- Fomentar a investigación, o desenvolvemento e a innovación a nivel comunitario en tecnoloxías e servizos para mellorar o envellecemento na sociedade da información;
- Crear un mercado máis grande para a industria a nivel europeo, especialmente para as pequenas e medianas empresas, e mellorar a competitividade da UE nos produtos e servizos baseados nas TIC para o envellecemento.

► Eidos de actuación

- Apoiar proxectos de investigación e innovación dirixidos ao mercado para un envellecemento activo e saudable. O financiamento lévase a cabo principalmente a través de subvencións, pero tamén a través de premios, a compra pública precomercial e a contratación pública.

- Apoiar accións de intermediación, de promoción do programa, accións de sensibilización sobre as capacidades actuais, fomentar a adopción de solucións innovadoras;

- Apoiar accións para mellorar a calidade das propostas, os estudos de viabilidade e de seminarios. Tamén se prevé a colaboración coas rexións da Unión Europea para ampliar a participación de partes interesadas.

► Destinatarios

O AAL vai dirixido a consorcios que deben incluír polo menos:

- Un socio comercial;
- Unha pequena e mediana empresa, que pode ser o socio comercial;
- Unha organización de usuarios.

Só se financian aqueles consorcios que cumpran cos criterios de admisión establecidos por cada Estado membro (ver puntos de contacto nacionais), á parte dos requisitos a nivel europeo:

- Presentación dunha proposta a través do sistema electrónico da AAL antes da data límite;
- Presentar a proposta en inglés;
- Consorcio composto por como mínimo tres entidades legais independentes que cumpran cos criterios de admisión, provenientes de tres Estados asociados á AAL diferentes;
- Tamaño do consorcio: 3 a 10 socios.

► **Financiamento**

O AAL recibe 175 millóns de euros da Comisión Europea, 350 millóns de euros de socios industriais e 175 millóns de Estados membros. En total: máis de 700 millóns de euros para 7 anos.

► **Comentarios**

As decisións estratéxicas e de financiamento serán adoptadas pola Asociación AAL, xestionada polos estados participantes, mentres que a Comisión Europea actuará como observador.

► **Ligazóns de interese**

Programa Conxunto AAL
<http://www.aal-europe.eu/>

Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo de España
<http://www.minetur.gob.es/portalayudas/programaaal/paginas/index.aspx>

► **Contacto** 📞✉️

Unidade de Xestión Central do programa

Director Dr. Karina Marcus
Rue du Luxembourg, 3. 1000 Bruxelas. Bélxica
+32 (0)2 219 92 25
karina.marcus@aal-europe.eu

Puntos de contacto en España

Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo
Berta Maure
Capitán Haya 41. 28071 Madrid
91 3462540
bmaure@minetur.es

Instituto de Saúde Carlos III. Unidade de Investigación de Avaliación e Promoción da Saúde

Ignacio Baanante Balastegui
C/ Monforte de Lemos, 5. 28029 Madrid
91 8222576
ibaanante@isciii.es

Instituto de Saúde Carlos III
Teresa Chavarría
34 91 822 2124
tchavarria@isciii.es

1. Crecemento intelixente e integrador

1.b. Cohesión





A política rexional ou de cohesión da Unión Europea ten como obxectivo a redución das diferenzas entre os niveis de desenvolvemento das diversas rexións de Europa, prestando especial atención ás menos desenvolvidas. É, tradicionalmente, unha das partidas con máis peso no orzamento europeo, cun importe total para o período 2014-2020 de 325.149 millóns de euros, un terzo do orzamento total da UE.

A principal ferramenta coa que conta a UE son os fondos con finalidade estrutural, que son tres:

- **FEDER** (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional). Ten como obxectivo fortalecer a cohesión socioeconómica dentro da UE corrixindo os desequilibrios entre as súas rexións.
- **FSE** (Fondo Social Europeo). Céntrase en mellorar as oportunidades de emprego e educación en toda a Unión Europea. Así mesmo, aspira a mellorar a situación das persoas que están nunha situación de pobreza.
- **Fondo de Cohesión**. Está destinado aos Estados membros cuxa renda nacional bruta per cápita é inferior ao 90% da renda media da UE, que non é o caso de España.

Para distribuír os fondos, establécense tres categorías de rexións, segundo o seu PIB per cápita medio en relación ao da UE.

- **Rexións menos desenvolvidas** (inferior ao 75% do PIB per cápita medio da UE): das comunidades autónomas españolas, nesta categoría só se sitúa Estremadura.
- **Rexións en transición** (entre o 75% e o 90% do PIB per cápita medio da UE): en España son Andalucía, Canarias, Castela-A Mancha e Murcia.

- **Rexións máis desenvolvidas** (superior ao 90% do PIB per cápita medio da UE): entre elas atópase Galicia.

Principais novidades da política de cohesión 2014-2020

Marco Estratéxico Común (MEC)

Neste período de programación estableceuse un Marco Estratéxico Común para mellorar a coordinación entre os chamados Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (FEDER, Fondo de Cohesión, FSE, Fondo de Desenvolvemento Rural -FEADER- e Fondo Marítimo e de Pesca -FEMP-). Permite tamén desenvolver vínculos máis estreitos con outros instrumentos da UE, como Horizonte 2020, o Mecanismo «Conectar Europa» e o Programa para o Emprego e a Innovación Social.

Condicionalidade *ex ante*

Por primeira vez lístanse uns requisitos previos que os Estados membros han de cumprir para poder investir os fondos estruturais en cada unha das prioridades de investimento identificadas. O requisito máis salientable é a Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) que se esixe a rexións e Estados para apoiar o fortalecemento da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación. En consecuencia, os Estados membros e rexións da UE deben establecer as estratexias RIS3 antes de que se aproben os programas operativos que apoién estes investimentos.

Reserva de rendemento

O 5% do total dos fondos reservarase para liberar en caso de que os programas operativos demostraren acadar os obxectivos previstos nas avaliacións intermedias, que terán lugar en 2017. Ademais, propónse un sistema de bonos para premiar a aqueles programas que mostren os mellores resultados.

Condicionabilidade macroeconómica

A recepción dos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos por parte dos Estados membros condiciónase ao cumprimento dos requisitos do Pacto de Estabilidade e Crecemento. En consecuencia, a Comisión Europea pode suspender a recepción dos fondos no caso de que o Estado deixe de cumprir coas condicións establecidas. Non obstante, o Parlamento Europeo introduciu dous aspectos que dificultarán en gran medida a posta en práctica desta suspensión. Por un lado, poderá exercer o seu dereito de control sobre todos os procedementos de toma de decisións que afectan á suspensión dos fondos nun diálogo estruturado coa Comisión. Por outro, o alcance da suspensión estará condicionado á consideración dunha serie de indicadores socioeconómicos (desemprego, pobreza, contracción do PIB), e do estado de progreso do ciclo de programación.

Concentración temática

As rexións deben destinar unha porcentaxe mínima do FEDER a catro áreas concretas: mellora da competitividade empresarial, I+D+i, tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) e economía baixa en carbono (eficiencia enerxética e enerxías renovables). A porcentaxe varía segundo a categoría á que pertenza a rexión: menos desenvolvidas (50%), en transición (60%) e máis desenvolvidas (80%).


Código de Conduta europeo sobre o principio de asociación

Este código de conduta esixe aos Estados membros que reforcen a cooperación entre as súas autoridades responsables do gasto dos Fondos Estruturais e de Investimento e os interlocutores dos proxectos, a fin de que sexa máis fácil compartir información, experiencia, resultados e boas prácticas no período de programación 2014-2020 e contribuír así a garantir que o diñeiro se gaste de maneira eficaz.

Rede de seguridade

O novo Marco Financeiro Plurianual contempla unha “rede de seguridade” para as rexións que abandonan por primeira vez o grupo de rexións menos desenvolvidas, entre as que se atopa Galicia. En virtude desta rede, no novo período orzamentario estas rexións manteñen un mínimo do 60% dos fondos estruturais que viñan percibindo no período 2007-2013.

Ademais, a rede de seguridade tamén se aplicará a outros dous aspectos na xestión dos fondos. Por unha banda, mentres as rexións máis desenvolvidas deben cofinanciar os programas operativos ao 50%, as rexións como Galicia deberán achegar só un 40%. Por outra, as rexións que saen do Obxectivo Converxencia deberán dedicar un 60% de FEDER a catro prioridades marcadas pola UE (competitividade empresarial, TIC, innovación e enerxía eficiente e renovable) fronte ao 80% esixido ás rexións máis desenvolvidas.



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER)

O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) é un instrumento da Unión Europea que tenta fortalecer a cohesión económica, social e territorial da UE para contribuír a unha corrección dos principais desequilibrios dentro da Unión e a unha redución das diferenzas entre os niveis de desenvolvemento das distintas rexións. Este labor lévase a cabo principalmente a través do apoio ao desenvolvemento sostible e á adaptación estrutural das economías rexionais, incluída a reconversión das rexións industriais en declive e das rexións menos desenvolvidas.

POLÍTICA REGIONAL

► Base legal

Reglamento (UE) n° 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego

Reglamento (UE) n° 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca

► Duración

2014-2020

► Obxectivos

O obxectivo xeral de fortalecer a cohesión socioeconómica, territorial e medioambiental da UE e corrixir os desequilibrios entre os niveis de desenvolvemento das rexións que a compoñen pódese dividir nos seguintes obxectivos específicos:

- Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación mediante a mellora das infraestruturas de I+D+i, o fomento de centros de competencia, de investigación e de ensino superior;

- Mellorar o acceso, o uso e a calidade das TIC a través da implantación da banda ancha, da difusión de redes de alta velocidade, do respaldo ás tecnoloxías emerxentes e redes para a economía dixital e do reforzo das aplicacións tecnolóxicas para a administración e a sanidade electrónicas;

- Avanzar na competitividade das pemes por medio da promoción do espírito empresarial impulsando a creación de novas empresas e viveiros de empresas, da aplicación de novos modelos empresariais para a internacionalización das pemes e do apoio á capacidade das pemes para crecer nos mercados rexionais, nacionais e internacionais, así como para implicarse nos procesos de innovación;

- Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono, grazas ao fomento da produción e distribución de enerxía derivada de fontes renovables, a eficiencia enerxética, a xestión intelixente da enerxía, o desenvolvemento de sistemas de distribución intelixentes e o fomento da mobilidade urbana multimodal sostible;

- Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención de riscos, a través do apoio a un investimento específico para este tema, incluído para desenvolver sistemas de xestión de catástrofes;

- Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos co investimento no sector dos residuos e da auga e co fomento do uso de tecnoloxías innovadoras para mellorar a protección medioambiental;

- Promover o transporte sostible e eliminar os obstáculos nas infraestruturas de rede fundamentais mediante o apoio a un espazo único europeo de transporte multimodal, a mellora da mobilidade rexional e interrexional, o desenvolvemento de sistemas de transporte respectuosos co medio ambiente e a rehabilitación dunha rede ferroviaria global e de alta calidade;



- Fomentar a sostibilidade e a calidade no emprego, favorecer a mobilidade laboral grazas ao desenvolvemento de viveiros de empresas, de axuda ao investimento a favor do traballo por conta propia e da creación de microempresas; apoiar a reconversión das rexións industriais en declive e mellorar a accesibilidade a recursos naturais concretos; incentivar o desenvolvemento local e o investimento en infraestruturas destinadas a servizos de emprego;
- Incentivar a inclusión social e a loita contra a pobreza e contra calquera tipo de discriminación mediante o investimento en infraestruturas sociais e sanitarias que contribúan ao desenvolvemento nacional, rexional e local e que reduzan as desigualdades sanitarias, mediante unha mellora do acceso aos servizos sociais, culturais e recreativos e mediante a prestación de axuda ás empresas sociais;
- Investir en educación, aprendizaxe permanente e formación superior e profesional para a adquisición de capacidades, a través do desenvolvemento de infraestruturas de educación e formación;
- Mellorar a capacidade institucional e a eficiencia da administración pública.

► Eidos de actuación

O FEDER centra os seus investimentos en catro áreas prioritarias clave, que se coñece como "concentración temática":

- Innovación e investigación;
- Programa dixital;
- Apoio ás pemes;
- Economía de baixas emisións de carbono.

Concretamente, o FEDER concederá axudas ás seguintes actividades:

- Investimentos produtivos que contribúan a crear e preservar postos de traballo de longa duración, mediante axuda directa e investimento en pemes;
- Investimentos en infraestruturas que presten servizos básicos aos cidadáns nos eidos da enerxía, do medio ambiente, do transporte e das TIC;
- Investimentos en infraestrutura social, sanitaria, de investigación, de innovación empresarial e educativa;
- Investimentos en bens de equipo e infraestruturas de pequena envergadura, incluídas as culturais e de turismo sostible, servizos de empresas, axudas a organismos de investigación e innovación e investimento en tecnoloxía e investigación aplicadas nas empresas;
- Interconexión en rede, cooperación e intercambio de experiencias entre autoridades rexionais, locais, urbanas e outras autoridades públicas, interlocutores económicos e sociais;
- En virtude do obxectivo de cooperación territorial europea, o FEDER pode axudar a compartir instalacións, recursos humanos e todo tipo de infraestrutura entre as fronteiras de todas a rexións.

► Destinatarios

Os destinatarios deste fondo son os Estados membros e as súas rexións NUTS 2. A estratexia e o orzamento do fondo decídese entre os Estados, o Parlamento Europeo e a Comisión. Sobre esta base, os Estados elaboran programas operativos para un período de sete anos que son logo postos en práctica a nivel nacional por unha autoridade de xestión. O FEDER presta especial atención ás características de cada rexión, posto

que son as destinatarias finais do fondo, deseñado para reducir os seus problemas socioeconómicos, estruturais e medioambientais e contribuír ao desenvolvemento sostible. Así mesmo, o fondo actúa nas zonas máis desfavorecidas por causas de catástrofes naturais e nas zonas máis periféricas.

► Financiamento

Os recursos do FEDER canalízanse a través dos Estados membros e as súas rexións. A dotación financeira ascende a 185.374 millóns de euros, que se asignan ás distintas prioridades dependendo da categoría de cada rexión:

- Nas rexións máis desenvolvidas, polo menos un 80% dos fondos asignados debe centrarse en dúas ou máis das catro áreas prioritarias que se mencionan anteriormente no apartado de eidos de actuación (innovación e investigación, programa dixital, apoio ás pemes, transición a unha economía baixa en carbono), e polo menos un 20% debe ir dirixido á cuarta área, a de economía baixa en carbono;
- Nas rexións en transición establécese un mínimo do 60% dos fondos a nivel nacional para asignalos a dúas ou máis das catro áreas prioritarias e polo menos o 15% debe ir dirixido á cuarta área, a de transición cara unha economía baixa en carbono;
- Nas rexións menos desenvolvidas o requisito é que un mínimo do 50% dos fondos asignados deben destinarse a dúas ou máis das catro áreas prioritarias e polo menos un 12% á área de economía de baixas emisións de carbono;
- Por último e xa que o FEDER presta especial atención ás características de cada rexión, polo menos un 5% dos recursos deste fondo está reservado a reducir os problemas das áreas urbanas e se centra no desenvolvemento sostible, grazas ás "accións integradas" xestionadas polas cidades.

► Comentarios

As entidades que desexen presentar proxectos para ser subvencionados polo FEDER teñen que poñerse en contacto coa autoridade de xestión designada polo seu Estado membro. No caso de Galicia, trátase da Consellería de Facenda, e concretamente, a Dirección xeral de Proxectos e Fondos Europeos.

► Ligazóns de interese

Dirección xeral de Política Rexional da Comisión Europea
http://ec.europa.eu/regional_policy/thefunds/regional/index_es.cfm

Información sobre os Fondos Estruturais e de Investimento Europeos.
Consellería de Facenda da Xunta de Galicia
<http://www.conselleriadefacenda.es/web/facenda/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020>

► Contacto

Comisión Europea. Dirección xeral de Política Rexional (DG REGIO)


Communication Unit
BU-1 00/14
B-1049 Bruxelas (Bélxica)

Ministerio de Facenda e Administracións Públicas

Dirección General de Fondos Comunitarios
Paseo de la Castellana, 162
E-28046 Madrid
fondoscomunitarios@sepg.minhap.es

Consellería de Facenda. Dirección xeral de Proxectos e Fondos Europeos

San Caetano, s/n. - 15781 Santiago de Compostela
dxfondos@conselleriadefacenda.es



FONDO SOCIAL EUROPEO (FSE)

O Fondo Social Europeo (FSE) é o principal instrumento co que a Unión Europea apoia a creación de emprego, axuda ás persoas a conseguir mellores postos de traballo e garante oportunidades laborais máis xustas para todos os cidadáns da UE.

EMPREGO E ASUNTOS SOCIAIS

► Base legal

Regulamento (UE) n° 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo

Regulamento (UE) n° 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca

► Duración

2014-2020

► Obxectivos

- Promover a sostibilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral;
- Promover a inclusión social, loitar contra a pobreza e calquera tipo de discriminación;
- Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e a aprendizaxe permanente;
- Mellorar a capacidade institucional das autoridades públicas e as partes interesadas e a eficiencia da administración pública.

► Eidos de actuación

O fondo financiará as seguintes prioridades de investimento clasificadas por obxectivos temáticos:

- Para o obxectivo da promoción do emprego e o apoio á mobilidade laboral, o FSE céntrase no acceso ao emprego, na integración sostible no mercado de traballo dos mozos, o traballo por conta propia, o espírito emprendedor e o envellecemento saudable e activo;
 - En canto ao fomento da inclusión social e a loita contra a pobreza, as actividades comprenden a promoción da igualdade de oportunidades, a integración socioeconómica de comunidades marxinadas, e o fomento do emprendemento social;
 - Respecto ao investimento en educación, capacitación e aprendizaxe permanente, as accións inclúen a redución e a prevención do abandono escolar temperán e a mellora da adecuación ao mercado de traballo dos sistemas de educación e formación;
 - Para o obxectivo da mellora da capacidade institucional e da eficacia da administración pública, as principais actuacións destínanse ao investimento para o bo funcionamento das administracións e dos servizos públicos.
- Así mesmo, o FSE ten como finalidade mellorar a accesibilidade, o uso e a calidade das tecnoloxías da información e da comunicación, fortalecer a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, mellorar a competitividade e a sostibilidade a longo prazo das pemes, así como apoiar o cambio a unha economía de baixa emisión de carbono, adaptada ao cambio climático.



Ademais, os Estados membros apoiarán a cooperación transnacional coa finalidade de promover a aprendizaxe mutua, aumentando así a eficacia das políticas financiadas polo FSE.

En concreto, este fondo fai fincapé en tres ámbitos específicos, como son o fomento da igualdade entre homes e mulleres, a promoción da igualdade de oportunidades e a non discriminación, así como o impulso da innovación social.

Respecto ao fomento da igualdade entre homes e mulleres, establécese que a Comisión e os Estados membros deben promover a igualdade entre homes e mulleres mediante a integración da perspectiva de xénero ao longo da preparación, execución, seguimento e avaliación dos programas operativos. Con este obxectivo apóianse todas aquelas medidas dirixidas a promover a incorporación das mulleres ao emprego, loitar contra os estereotipos de xénero no mercado laboral e na educación, así como fomentar a conciliación da vida laboral e familiar.

Polo que se refire á promoción da igualdade de oportunidades, preténdese loitar contra todo tipo de discriminación, mellorando en especial a accesibilidade das persoas que teñan algún tipo de discapacidade, co fin de facilitar a integración na educación, na formación e no emprego, reducindo así as desigualdades en termos de nivel educativo.

Finalmente, o FSE intenta impulsar a innovación social de maneira que se logre ensaiar, avaliar e xeneralizar solucións innovadoras tamén a nivel local ou rexional. Con esta finalidade, colabórase con todos os socios pertinentes, incluíndo aos axentes sociais.

► **Destinatarios**

O FSE diríxese aos Estados membros. A estratexia e o orzamento do fondo decídese entre os Estados membros, o Parlamento Europeo e a Comisión. Sobre esta base, os Estados elaboran programas operativos para un período de sete anos que son

logo postos en práctica a nivel nacional por unha autoridade de xestión. En último lugar, os recursos destínanse a unha ampla gama de organizacións, tanto do sector público como do privado (desde autoridades rexionais e locais, institucións educativas e de formación, institucións non gobernamentais, sindicatos, comités de empresa, industria e asociacións profesionais ata empresas individuais).

► **Financiamento**

O financiamento do FSE canalízase a través dos Estados membros e as rexións. O FSE non financia proxectos directamente dende as institucións europeas en Bruxelas.

A dotación financeira é de máis de 80.000 millóns de euros destinados ao investimento en capital humano nos Estados membros, ademais de 3.221 millóns asignados á Iniciativa sobre Emprego Xuvenil. Cabe destacar que o obxectivo temático sobre a inclusión social conta cun mínimo do 20% dos recursos totais do FSE.

Na decisión da Comisión pola que se adopta o programa operativo establécese o importe máximo do financiamento correspondente ao FSE, en termos globais e tamén por categoría de rexións, para cada eixe prioritario.

Neste sentido, cabe mencionar que as rexións da UE están clasificadas en tres categorías de financiamento, baseadas no seu PIB rexional per cápita en comparación coa media da UE. Por iso, o nivel de financiamento do FSE e os tipos de proxectos que se financian difiren dunha rexión a outra en función da súa riqueza relativa.

No caso das rexións máis desenvolvidas, os Estados membros concentrarán, polo menos, o 80% da dotación do FSE asignada a cada programa operativo nun máximo de cinco das prioridades de investimento mencionadas no Regulamento. Por outra banda, as rexións en transición utilizarán para este efecto, polo menos, o 70% e as rexións menos desenvolvidas o 60%.

► Comentarios

As entidades que desexen presentar proxectos para ser subvencionados polo FSE teñen que poñerse en contacto coa autoridade de xestión designada polo seu Estado membro. No caso de Galicia, trátase da Consellería de Facenda, e concretamente, a Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos.

► Ligazóns de interese

Dirección Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión da Comisión Europea
<http://ec.europa.eu/esf/home.jsp?langId=es>

Exemplos de proxectos españois financiados polo FSE. Dirección Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión da Comisión Europea
<http://ec.europa.eu/esf/main.jsp?catId=46&langId=es&keywords=&theme=0&country=378&list=1>

Información sobre os Fondos Estruturais e de Investimento Europeos. Consellería de Facenda da Xunta de Galicia
<http://www.conselleriadefacenda.es/web/facenda/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020>

► Contacto

Comisión Europea. Dirección Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión (DG EMPL)
B-1049 Bruxelas (Bélxica)

Ministerio de Emprego e Seguridade Social
Unidade Administradora del Fondo Social Europeo (UAFSE)
Pío Baroja 6
E-28009 Madrid
91 363 18 00
uafse@meys.es
<http://www.empleo.gob.es/uafse/>

Consellería de Facenda. Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos
San Caetano, s/n. 15781 Santiago de Compostela
dxfondos@conselleriadefacenda.es



FONDO EUROPEO DE AXUDA PARA OS MÁIS DESFAVORECIDOS (FEAD)

O Fondo Europeo de Axuda para os máis desfavorecidos (FEAD) ten como obxectivo apoiar os esforzos dos Estados membros na loita contra a pobreza. Esta iniciativa enmárcase dentro do obxectivo da Estratexia Europa 2020 de reducir polo menos en 20 millóns o número de persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión social na UE. Substitúe ao Programa de distribución de alimentos ás persoas máis necesitadas da Unión, que se financiaba con cargo á PAC.

INCLUSIÓN SOCIAL E LOITA CONTRA A POBREZA

► Base legal

Regulamento (UE) nº 223/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo de 2014, relativo ao Fondo de Axuda Europea para as persoas máis desfavorecidas

► Duración

2014-2020

► Obxectivos

Paliar as peores formas de pobreza subministrando axuda non financeira ás persoas máis desfavorecidas en forma de alimentos e/ou asistencia material básica e de actividades de inclusión social.

► Eidos de actuación

O FEAD financia o reparto dunha ampla gama de material asistencial non financeiro, incluíndo comida, vestimenta e produtos de primeira necesidade tales como calzado, deterxente ou xabón de uso persoal. Os Estados membros disporán dunha marxe de flexibilidade para escoller que produtos financiarán, en función da situación particular de cada país.

► Destinatarios

Organismos públicos e organizacións sen ánimo de lucro.

► Financiamento

O orzamento total do fondo ascende a 3.395 millóns de euros, dos que 499,9 corresponderán a España.

► Comentarios

Os Estados membros deben elaborar dous programas operativos para a execución destes fondos: un relativo á asistencia material básica e outro sobre inclusión social. A partir destes programas, os Estados publican as convocatorias de financiamento.

► Ligazóns de interese

Dirección Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión da Comisión Europea.
Fondo Europeo de Axuda para os máis desfavorecidos (FEAD)
<http://ec.europa.eu/social/main.jsp?catId=1089&langId=en>

► Contacto

Comisión Europea
Dirección Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión (DG EMPL)
Rue Joseph II, nº 27
B-1049 Bruxelas - Bélxica

2. Desenvolvimento sustentável e recursos naturais





PAGOS DIRECTOS AOS AGRICULTORES

A Política Agrícola Común (PAC) está dividida en dous piares: o Piar I creouse para xestionar os pagos das axudas directas aos agricultores, mentres que o Piar II se centra no fomento do desenvolvemento rural. De maneira xeral, o sistema de pagos directos pretende garantir un nivel de vida digno aos agricultores grazas ás axudas e subvencións para a produción e para o mantemento das terras en boas condicións.

AGRICULTURA

▶ **Base legal**

Regulamento (UE) nº 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen normas aplicables aos pagos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da Política Agrícola Común e polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 637/2008 e (CE) nº 73/2009 do Consello

▶ **Duración**

2014-2020

▶ **Obxectivos**

A PAC ten por obxectivo asegurar un nivel de vida digno dos agricultores e ofrecer aos consumidores un abastecemento de alimentos estable, alcanzable e de calidade. O primeiro pilar encárgase de garantir que os agricultores reciban as súas axudas e subvencións en forma de pagos directos e medidas de apoio á produción agrícola e ao mantemento das terras en boas condicións, tanto agrícolas como medioambientais.

▶ **Eidos de actuación**

A Comisión Europea, a través da xestión de cada Estado membro, financia cada ano unha serie de accións a través dos pagos directos aos agricultores para axudalos a manter o sector agrícola nas súas respectivas rexións e poder manter un nivel de ingresos digno.

Co obxecto de primar as diferentes actuacións ou actividades agrícolas, cabe diferenciar os seguintes pagos e réximes de axuda:

- Pagos para os agricultores que apliquen prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o medio ambiente;

- Pagos para os agricultores de zonas con limitacións naturais;

- Pagos para os mozos agricultores que comezan a súa actividade agrícola;

- Réxime de axuda asociada voluntaria;

- Réxime simplificado voluntario para pequenos agricultores.

▶ **Destinatarios**

Estas axudas da Unión Europea están dirixidas aos agricultores comunitarios e préstanse a través dunha estreita cooperación entre a Comisión, o Estado membro en cuestión e as autoridades, organismos e entidades designados por el en virtude das normas e prácticas nacionais. Os Estados membros deberán definir os criterios aos que se deben axustar os agricultores para cumprir coa súa obriga de manter a superficie agrícola nun estado axeitado para o pastoreo ou o cultivo.

▶ **Financiamento**

312.735 millóns de euros.

▶ **Comentarios**

A Comisión Europea ofrece este tipo de axudas con carácter anual e son os Estados membros os que se encargan de distribuílas directamente aos seus agricultores. En Galicia, o Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) é o organismo pagador que se encarga de xestionar e contabilizar as axudas directas ás explotacións.



► **Ligazóns de interese**

Xunta de Galicia

http://www.medioruralemar.xunta.es/nc/es/fogga/politica_agraria_comun/pac/?sol

Publicación de axudas

<http://www.medioruralemar.xunta.es/es/anuncios/axudas/vixentes/agricultura/>

Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente

https://www.fega.es/PwfGcp/es/ayudas_dir_desa_rural/ayudas_directas_y_pago_unico/index.jsp

Dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural da Comisión Europea

http://ec.europa.eu/agriculture/index_es.htm


► **Contacto** 📞 ✉️

Consellería do Medio Rural e do Mar

Edifícios Administrativos - San Caetano, s/n. 15704 Santiago de Compostela

981 54 40 38 - 981 54 40 19

012@xunta.es



FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER)

O FEADER financia o pilar II da PAC co obxectivo de mellorar a competitividade dos sectores agrario e forestal, o medio ambiente e a xestión do espazo rural, así como a calidade de vida e a diversificación de actividades nas zonas rurais de toda a Unión Europea.



AGRICULTURA

► Base legal

Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello

► Duración

2014-2020

► Obxectivos

- Fomentar e mellorar o medio ambiente, a calidade de vida nas zonas rurais e a competitividade e sostibilidade dos sectores agrario e forestal;
- Garantir a xestión sostible dos recursos naturais e da acción polo clima;
- Lograr un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais, incluída a creación e conservación do emprego para fixar a poboación no rural.

► Eidos de actuación

Concédese axuda a medidas destinadas a:

- Fomentar a transferencia de coñecementos e innovación nos sectores agrario e forestal;

- Mellorar a viabilidade das explotacións agrícolas e a competitividade de todos os tipos de agricultura, así como promover as tecnoloxías agrícolas innovadoras e a xestión forestal sostible;

- Fomentar a organización da cadea alimentaria, incluídas a transformación e a comercialización dos produtos agrícolas, o benestar animal e a xestión de riscos no sector agrícola;

- Restaurar, preservar e mellorar os ecosistemas relacionados coa agricultura e a silvicultura;

- Promover a eficiencia dos recursos e fomentar o paso a unha economía baixa en carbono e capaz de adaptarse ao cambio climático nos sectores agrícola, alimentario e forestal;

- Fomentar a inclusión social, a redución da pobreza e o desenvolvemento económico nas zonas rurais.

► Destinatarios

Este fondo está dirixido ás persoas físicas e xurídicas dos Estados membros da UE que cumpran cos criterios de admisibilidade. A axuda do FEADER concederáse a través dunha estreita cooperación entre a Comisión, o Estado membro en cuestión e as autoridades, organismos e entidades designados por el en virtude das normas e prácticas nacionais.

► Financiamento

O FEADER conta con 95.577 millóns de euros, dos cales 8.291 millóns corresponden a España e 890 millóns a Galicia.

► Comentarios

O FEADER xestiónase de maneira descentralizada dende os Estados membros, que han de designar ás autoridades de xestión, ao organismo pagador e ao organismo de certificación para cada Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020. En España, cada comunidade autónoma conta co seu PDR, ademais de existir un PDR a nivel nacional. A autoridade de xestión do PDR de Galicia é a Secretaría Xeral da Consellería do Medio Rural e do Mar, responsable da selección das operacións conforme á normativa comunitaria. O Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), pola súa parte, é o organismo pagador en Galicia do FEADER.

As autoridades de xestión sacan as súas propias convocatorias ou ordes de axudas, agás no subprograma Leader, cuxa xestión é diferente. Neste caso, as entidades do ámbito económico ou social que desexen implicarse no programa constitúense en Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) para elaborar estratexias de desenvolvemento comarcal, no que reflicten as principais necesidades do seu territorio con vistas a ser financiadas polo programa Leader. En Galicia, estas estratexias han de presentarse á convocatoria do programa que publica a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) -ente público xestor do programa Leader en Galicia.

► Ligazóns de interese

Xunta de Galicia
http://www.mediouralemar.xunta.es/es/areas/desarrollo_rural/pdr_2014_2020/

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)
<http://agader.xunta.es>

Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA)
<http://mediorural.xunta.es/fogga/>

Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente
<http://www.magrama.gob.es/es/desarrollo-rural>

Dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural da Comisión Europea
http://ec.europa.eu/agriculture/index_es.htm

► Contacto 📞✉

Consellería do Medio Rural e do Mar

Edificios Administrativos - San Caetano, s/n. 15704 Santiago de Compostela
981 54 40 38 - 981 54 40 19
012@xunta.es



FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA (FEMP)

O Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) é o fondo relativo ás políticas marítima e pesqueira da UE previsto para o período financeiro 2014-2020, que ofrece ao sector pesqueiro e ás comunidades costeiras financiamento para adaptarse ao cambio das condicións do sector e lograr que este sexa ecoloxicamente sostible.

PESCA

► Base legal

Regulamento (UE) n° 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derrogan os regulamentos (UE) n° 2328/2003, (CE) n° 861/2006, (CE) n° 1198/2006 e n° 791/2007 do Consello e o Regulamento (UE) n° 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello

► Duración

2014-2020

► Obxectivos

- Axudar aos pescadores na transición a unha pesca e unha acuicultura mais competitiva e sostible, así como impulsar un sector pesqueiro innovador, economicamente viable e baseado no coñecemento;
- Axudar ás comunidades costeiras a diversificar as súas economías;
- Financiar proxectos para crear emprego e mellorar a calidade de vida dos traballadores do mar nas costas europeas;
- Favorecer a aplicación da nova Política Pesqueira Común;
- Fomentar un desenvolvemento territorial equilibrado e integrador das zonas pesqueiras e acuícolas;
- Garantir un abastecemento de produtos do mar estable, accesible e de calidade para o consumidor.

► Eidos de actuación

O FEMP apoia diferentes actuacións das que cómpre destacar:

- Proxectos que potencien a innovación no sector pesqueiro;
- Servizos de asesoramento sobre estratexias empresariais, comerciais e de sostibilidade ambiental;
- Creación de redes para o fomento da transferencia de coñecementos entre investigadores e pescadores;
- Fomento do capital humano e do diálogo social;
- Impulso da diversificación económica e das novas formas de creación de ingresos mediante o desenvolvemento de actividades complementarias, como os investimentos en turismo de pesca deportiva, restaurantes ou actividades educativas no eido da pesca;
- Innovación relacionada coa conservación dos recursos biolóxicos mariños;
- Protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas mariños no marco de actividades pesqueiras sostibles;
- Mitigación do cambio climático;
- Limitación do impacto da pesca sobre o medio ambiente mariño e adaptación da pesca para a protección das especies;
- Desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras e acuícolas;
- Medidas relacionadas coa comercialización e a transformación.



► Destinatarios

Poderán beneficiarse das axudas concedidas polo fondo: o sector extractivo e da acuicultura da UE, comunidades dependentes da pesca, o sector da transformación, o sector da investigación, as administracións e organismos públicos, os consumidores, terceiros países, ONG e a sociedade civil.

► Financiamento

O Fondo Europeo Marítimo e de Pesca contará con 6.400 millóns de euros para o período financeiro 2014-2020.

En particular, o FEMP destinará uns 4.340 millóns para o desenvolvemento sostible da pesca, así como 580 millóns para medidas de control e 192 millóns para compensar ás rexións ultraperiféricas. Outros 520 millóns de euros servirán para financiar a recollida de datos, 45 millóns destinaranse a axudas de almacenamento e uns 645 millóns á xestión directa. Así mesmo, acordouse destinar uns 71 millóns para a Política Marítima Integrada.

► Comentarios

O programa está xestionado de forma mixta pola Comisión Europea e os Estados membros. A nivel autonómico, é a Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia a encargada da súa xestión. Para os efectos do programa operativo, que é de carácter nacional, os Estados membros han de designar as seguintes autoridades: a autoridade de xestión, o organismo pagador e o organismo de certificación.

Os Estados membros esixirán ás entidades que soliciten axudas ao abeiro do FEMP a presentación á autoridade de xestión dunha declaración asinada na que confirmen que cumpren cos criterios enumerados no Regulamento do FEMP e que non cometeron ningunha irregularidade no marco do FEP ou do FEMP.

► Ligazóns de interese

Xunta de Galicia

<http://www.medioruralemar.xunta.es/es/mar/>

Publicación de axudas

<http://www.medioruralemar.xunta.es/es/anuncios/axudas/vixentes/mar/>

Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente

<http://www.magrama.gob.es/es/pesca/temas/fondos-europeos/femp.aspx>

Dirección Xeral de Asuntos Marítimos e Pesca da Comisión Europea

http://ec.europa.eu/fisheries/cfp/emff/index_en.htm

► Contacto

Consellería do Medio Rural e do Mar

Edificios Administrativos - San Caetano, s/n. 15704 Santiago de Compostela

981 54 40 38 - 981 54 40 19

012@xunta.es



LIFE

LIFE é o novo programa de medio ambiente e acción polo clima da UE para o período 2014-2020, que substitúe a LIFE+ (2007-2013). Financia proxectos ambientais para apoiar a consecución dos obxectivos da Estratexia Europa 2020 en materia de loita contra o cambio climático e eficiencia enerxética.



MEDIO AMBIENTE

► Base legal

Regulamento (UE) nº 1293/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, relativo ao establecemento dun Programa de Medio Ambiente e Acción polo Clima (LIFE) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 614/2007

► Duración

2014-2020

► Obxectivos

- Contribuír á transición cara unha economía que faga un uso eficiente dos recursos e que promova a protección e mellora do medio ambiente;
- Frear e inverter a perda de biodiversidade mediante o apoio á rede Natura 2000;
- Mellorar o desenvolvemento, a aplicación e a execución da política e a lexislación ambientais e climáticas da Unión;
- Apoiar un mellor goberno ambiental e climático a todos os niveis, incluíndo unha maior participación da sociedade civil, as ONG e os axentes locais;
- Apoiar a aplicación do 7º Programa de Acción de Medio Ambiente da UE 2014-2020, centrado en protexer e mellorar o capital natural da UE, promover unha economía verde e protexer aos cidadáns das ameazas contra a saúde e o benestar relacionadas co medio ambiente.

► Eidos de actuación

LIFE divídese en dous subprogramas, dedicados ao medio ambiente e á acción climática:

1. Subprograma de Medio Ambiente, que consta de tres áreas prioritarias:

a) Medio ambiente e eficiencia no uso dos recursos (*ENV*): apoia proxectos innovadores para facer fronte a retos ambientais; proxectos que apoiem a aplicación da política e lexislación ambiental da Unión, especialmente nos eidos da auga, os residuos e o aire, e proxectos tendentes a mellorar a base de coñecementos para o desenvolvemento e avaliación da política e lexislación ambientais da Unión;

b) Natureza e biodiversidade (*NAT, BIO*): financia o desenvolvemento e a aplicación da política e a lexislación da Unión no eido da natureza e a biodiversidade; o desenvolvemento da rede Natura 2000, e a mellora a base de coñecementos para o desenvolvemento e avaliación da política e lexislación ambientais da Unión no eido da natureza e a biodiversidade;

c) Gobernanza e información ambientais (*GIE*): subvenciona proxectos de sensibilización en materia de medio ambiente; proxectos que faciliten o uso compartido de coñecementos sobre solucións e prácticas ambientais de éxito; accións que contribúan a mellorar o cumprimento efectivo e a execución da lexislación da Unión en materia de medio ambiente, e accións tendentes a promover unha mellor gobernanza ambiental fomentando a participación das partes interesadas, incluídas as ONG.

2. Subprograma de Acción polo Clima, que consta de tres áreas prioritarias:

a y b) Mitigación e adaptación ao cambio climático (*CMM e CCA*): apoia o desenvolvemento e demostración de tecnoloxías, métodos e instrumentos innovadores para a mitigación do cambio climático;

c) Gobernanza e información climáticas (*GIC*): apoia a xestión e difusión de información en relación co cambio climático.

LIFE financia, por un lado, o tipo de proxectos que xa viña subvencionando: proxectos piloto, proxectos de demostración e de difusión de mellores prácticas, e proxectos de información, sensibilización e difusión.

Por outro lado, un 30% do orzamento destinarase a un novo tipo de proxectos a gran escala, denominados “proxectos integrados”, cuxa finalidade é contribuír á aplicación da lexislación ambiental europea, como as directivas de aves e hábitats, a directiva marco sobre a auga, e a lexislación sobre residuos e calidade do aire. Trátase de grandes proxectos con orzamentos estimados de entre 25 e 30 millóns de euros, dos que LIFE podería achegar entre 10 e 15 millóns, tendo o resto que financiarse con outras fontes. A este respecto, é de destacar que por primeira vez se permite e se incentiva o cofinanciamento cos fondos Estruturais e de Investimento Europeos (FEDER, FSE, FEADER e FEMP). A intención da Comisión é financiar un mínimo de tres proxectos integrados por cada Estado membro ao longo dos sete anos do programa: dous de medio ambiente e un de cambio climático. O proceso de solicitude destes proxectos é diferente, xa que consta de dúas fases: unha primeira na que se envía a idea de proxecto xunto co plan financeiro e de execución, e, en caso de resultar elixida, unha segunda na que xa se presenta a proposta completa acompañada dunha carta de compromiso de polo menos outra fonte distinta de financiamento.

► Destinatarios

Organismos públicos e privados establecidos en países da UE, a Asociación Europea de Libre Comercio e o Espazo Económico Europeo. Así mesmo, poden participar países candidatos, candidatos potenciais, países en vías de adhesión á Unión, países aos que se aplique a Política Europea de Veciñanza e países membros da Axencia Europea de Medio Ambiente.

► Financiamento

3.456 millóns de euros. O 81% deste orzamento está destinado ao financiamento de proxectos a través de subvencións ou instrumentos financeiros. O reparto entre os dous subprogramas de LIFE é o seguinte:

- 2.592 millóns de euros para Medio ambiente, dos que 1.425 están dedicados a Natureza e Biodiversidade;
- 864 millóns de euros para Acción polo clima.

Entre 2014 e 2017, a taxa de cofinanciamento dos proxectos LIFE será do 60%, agás no caso de accións en materia de hábitats e especies protexidas, onde se alcanzará o 75%, así como en materia de capacitación das administracións públicas, onde o financiamento representa o total dos custos elixibles. Entre 2018 e 2020, a taxa baixará, previsiblemente, ata un 55% para os proxectos de medio ambiente, pero manterase para os de natureza. A taxa para os proxectos integrados é sempre do 60%.

Tradicionalmente, o orzamento de LIFE preasígnase por países en función do seu volume de biodiversidade. Esta preasignación manterase ata o ano 2017 unicamente aplicada ao subprograma de medio ambiente e para os proxectos “tradicionalis”, non para os integrados. A partir de 2018, estas preasignacións nacionais deixarán de existir.

O financiamento pode adoptar distintas formas: subvencións, contratos públicos e contribucións a instrumentos financeiros. A este respecto, tense previsto pór en marcha dous instrumentos financeiros a través de entidades financeiras no eido do medio ambiente: o *Natural Capital Financing Facility* (NCFF) para biodiversidade e acción polo clima e o *Private Finance for Energy Efficiency* (PF4EE), para eficiencia enerxética.

► Comentarios

As principais novidades respecto ás edicións anteriores de LIFE refírense á introdución da mitigación e da adaptación fronte ao cambio climático como un subprograma, así como á incorporación do compoñente da gobernanza tanto dentro do apartado de cambio climático como en medio ambiente. Ademais, esíxese a incorporación de indicadores de resultado en cada proxecto que deben relacionarse cos indicadores de rendemento do programa. Este



aspecto, aínda que xa se consideraba con anterioridade, cobra a partir de agora unha importancia moito maior.

Outras novidades refírense á maior énfase que se dá á complementariedade con outros fondos europeos e á capacidade de transferencia dos resultados dos proxectos financiados, así como á procura da sostibilidade a longo prazo dos resultados alcanzados e á introdución para todos os proxectos de criterios ecolóxicos na contratación.

O programa execútase mediante dous plans de traballo plurianuais, nos que se recollen as prioridades de financiamento para cada período. O primeiro, adoptado en marzo de 2014, estará vixente ata 2017 e o segundo cubrirá os anos 2018-2020.

► **Ligazóns de interese**

Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea
<http://ec.europa.eu/environment/life/>

Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA)
<http://www.magrama.gob.es/es/ministerio/servicios/ayudas-subsvenciones/programa-life/default.aspx>

► **Contacto** 📞 📧

Punto de contacto nacional

MAGRAMA. Luis Ángel Díez Orejas. Subdirector Xeral da Oficina Presupostaria
Plaza de San Juan de la Cruz, s/n. 28071 Madrid
91 347 52 31 - 91 347 52 22
bnz-life@magrama.es



Proxectos LIFE en Galicia

3R FISH - RECUPERACIÓN E RECICLAXE DOS RESIDUOS SÓLIDOS PROPIOS DA ACTIVIDADE PESQUEIRA E PORTUARIA.	CAMBIAR O CAMBIO: O SECTOR AGROFORESTAL GALEGO FRONTE AO CAMBIO CLIMÁTICO
<p>Datas: 1 xaneiro 2009 - 1 xaneiro 2012</p> <p>Presuposto total: 1.447.990,00 €</p> <p>Coordinador: Centro Tecnolóxico do Mar. Fundación CETMAR.</p> <p>Socios: Portos de Galicia, Autoridade Marítima de Marín e Ría de Pontevedra, Universidade da Coruña, LEITAT Technological Center, PLASTIMAR - Indústria de Matérias Plásticas S.A.</p> <p>Obxectivos específicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Establecer un sistema de xestión e reciclaxe integrado de tres tipos de residuos sólidos da actividade pesqueira e portuaria: redes, poliexpán e artefactos lumínicos; • Divulgación e implantación de boas prácticas ambientais de xestión a bordo e na área portuaria: estratexias <i>nada pola borda</i> e <i>residuo cero</i> en terra; • Establecemento de sistemas innovadores de xestión e valorización deses residuos, dende a súa xeración ata o seu tratamento final; • Fomentar prácticas de colaboración entre os principais actores sectoriais para a determinación de usos económica e ambientalmente rendibles dos produtos tratados e os seus derivados manufacturados; • Avaliación técnica e económica da potencial implantación do sistema de xestión na rede portuaria de Galicia e Portugal (extrapolable a outros de ámbito europeo). 	<p>Datas: 1 xaneiro 2009 - 31 decembro 2010</p> <p>Presuposto total: 533.771,00 €</p> <p>Coordinador: Unións Agrarias</p> <p>Obxectivos específicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Promover estratexias de mitigación e adaptación ao Cambio Climático no sector agroforestal galego <ul style="list-style-type: none"> o Promover estratexias de mitigación <ul style="list-style-type: none"> • Promover o uso das enerxías renovables no sector agroforestal; • Fomentar o aforro e a eficiencia enerxética no sector agroforestal; • Ofrecer alternativas de xestión de residuos no sector agroforestal; • Fomentar a agricultura de conservación e agricultura ecolóxica; • Promover medidas que aumenten o almacenamento de carbono, por parte dos solos agrarios e forestais. o Promover estratexias de adaptación <ul style="list-style-type: none"> • Promover medidas de adaptación específicas para o sector agroforestal galego; • Establecer mecanismos de participación. • Informar, sensibilizar sobre a problemática do Cambio Climático e promover cambios de actitudes.



Proxectos LIFE en Galicia

Proxecto Norte de Portugal, considerado un dos mellores proxectos Life Medio Ambiente en 2011

<p>AQUA-PLANN PROJECT. XESTIÓN INTEGRADA DOS RECURSOS HÍDRICOS E APLICACIÓN NO PLAN LOCAL PARA O LUGAR DE IMPORTANCIA COMUNITARIA ABEGONDO-CECEBRE</p>	<p>BATinLoko - INDICADORES DE COMPORTAMENTO MEDIOAMBIENTAL E A SÚA RELACIÓN COS BENEFICIOS ECONÓMICOS NA IMPLEMENTACIÓN DAS MELLORES TÉCNICAS DISPOÑIBLES (MTD)</p>
<p>Datas: 1 xaneiro 2009 - 31 marzo 2013</p> <p>Presuposto total: 987.564,00 €</p> <p>Coordinador: Concello de Abegondo</p> <p>Socios: Empresa Municipal de Augas de A Coruña (EMALCSA), Augas de Galicia, Consellería do Medio Rural e do Mar.</p> <p>Obxectivos específicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Coordinar aos axentes responsables do goberno, xestión e uso das augas da conca Mero - Barcés; • Involucrar no proxecto ás xentes da conca, promovendo a súa participación activa na xestión hídrica; • Identificar as posibles fontes de contaminación; • Plasmar as medidas de protección das masas de auga na normativa local; • Executar e comprobar a eficacia de sistemas sostibles de depuración de augas. 	<p>Datas: 1 xaneiro 2009 - 30 xuño 2011</p> <p>Presuposto total: 311.955,00 €</p> <p>Coordinador: Centro Tecnolóxico das Industrias Têxtil e do Vestuário de Portugal (CITEVE)</p> <p>Socios: Universidade do Minho, Agência Portuguesa do Ambiente, Associação Têxtil e Vestuário de Portugal.</p> <p>Obxectivos específicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Determinación dos factores de emisión para o ambiente; • Determinación dos indicadores de comportamento mediambiental no contexto da súa relación cos beneficios económicos na implementación das mellores técnicas posibles, permitindo así que as empresas do sector posúan unha ferramenta de apoio para a posta en marcha das mesmas.

3. Seguridad e ciudadanía





EUROPA CREATIVA

Europa Creativa é o novo programa da UE que, no marco da Estratexia Europa 2020, apoia os sectores culturais, creativos e cinematográficos. Europa Creativa reúne nun só os programas do período 2007-2013 Cultura, MEDIA e MEDIA MUNDUS. Como novidade, inclúese un novo instrumento de garantía para facilitar o financiamento de pemes e organizacións dos sectores culturais e creativos.

CULTURA E AUDIOVISUAL

► Base legal

Regulamento (UE) nº 1295/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, polo que se establece o Programa Europa Creativa (2014 a 2020) e se derrogan as Decisións nº 1718/2006/CE, nº 1855/2006/CE e nº 1041/2009/CE

► Duración

2014 - 2020

► Obxectivos

- Apoiar a capacidade dos sectores cultural e creativo europeos de operar de xeito transnacional e internacional;
- Promover a circulación transnacional das obras culturais e a mobilidade transnacional dos axentes culturais e creativos, en particular os artistas, así como chegar a audiencias novas e máis amplas, e mellorar o acceso ás obras culturais e creativas na Unión e fóra dela;
- Reforzar a capacidade financeira das pemes, así como das pequenas e medianas organizacións dos sectores cultural e creativo de forma sostible;
- Estimular a elaboración de políticas, a innovación, a creatividade, o desenvolvemento de audiencia e os novos modelos de negocio e de xestión, mediante o apoio á cooperación política transnacional.


► Eidos de actuación

O programa consta de dous subprogramas (MEDIA e Cultura) e dun capítulo intersectorial.

1. Subprograma MEDIA: pretende reforzar a capacidade do sector audiovisual europeo para operar de modo transnacional, a través das seguintes liñas de apoio:

- **Desenvolvemento:** a través dunha contribución económica, dá apoio ás empresas de produción durante o proceso de escritura de obras de distintos xéneros (ficción de cine ou televisión, documentais de creación, animación e multimedia). Existen tamén axudas á coprodución de proxectos entre compañías de distintos países europeos.
- **Formación:** ofrece unha formación continua para profesionais financiando a empresas ou entidades de formación que organizan cursos para eles. Tamén se financian actividades centradas na mellora do coñecemento dos espectadores europeos en materia audiovisual.
- **Distribución:** establecemento e reforzo de sistemas de apoio á distribución de obras europeas, incluíndo axudas a axentes de vendas e salas de cine que traballen pola promoción e comercialización de películas europeas. Existe así mesmo un sistema de apoio á difusión televisiva que busca fomentar a circulación de obras televisivas e a cooperación entre operadores de distintos países europeos.
- **Promoción:** apoia aos festivais, aos mercados audiovisuais e ás redes de cooperación que se establecen entre eles para animar a promoción e circulación das obras europeas. Co fin de favorecer o acceso dos produtores independentes a estes eventos, tamén financia aqueles organismos que establezan estruturas que faciliten a súa participación.
- **Exhibición:** búscase facilitar a transición dixital das salas de cine que proxectan películas europeas a través do financiamento dos custos vinculados á adquisición dun proxector dixital.

As convocatorias do subprograma MEDIA diríxense a produtores (tanto para proxectos individuais como colectivos), axentes de vendas, distribuidores (entre outros, para a difusión de películas doutros Estados membros e para *video on demand*), exhibidores, organizadores de festivais, organizadores de eventos promocionais, entidades que ofrecen formación profesional neste ámbito, co-producións internacionais (socios de UE e de terceiros Estados). Por primeira vez fináncianse estudos para ampliar ou acadar novos nichos de audiencia.



Na selección dos proxectos, préstase especial atención á competitividade, diversidade cultural, valor engadido, complementariedade e innovación.

2. Subprograma Cultura: co fin de potenciar o sector cultural europeo, apoia as seguintes actividades:

- **Proxectos de cooperación europea:** apoia a capacidade das industrias culturais e creativas para operar a nivel internacional a través do financiamento de actividades que promovan a mobilidade e a circulación de obras, artistas e axentes culturais e creativos (exposicións, festivais, estudos de desenvolvemento de audiencias, accións de formación e capacitación, etc.).
- **Proxectos de tradución literaria:** financia a tradución e promoción de obras de ficción europeas (novela, poesía, cómic, teatro...) de alto valor literario. As traducións de obras -en papel ou en formato dixital- deben implicar dúas linguas que sexan oficiais en polo menos dous Estados membros da UE ou do Espacio Económico Europeo. Tamén se aceptan as traducións do latín e o grego clásico cara unha lingua oficial na UE. Por outra parte, as axudas á tradución literaria engloban tamén a promoción da obra concreta noutros países, pero non a promoción xeral das culturas e linguas.
- **Redes europeas:** está dirixida a grupos estruturados do sector das industrias culturais e creativas, que engloben entidades de distintos Estados membros, con personalidade xurídica e unha traxectoria mínima de dous anos. Deste modo, preténdese reforzar a capacidade das redes para operar a nivel europeo e global, adaptándose aos cambios e creando un efecto vertebrador e integrador.
- **Plataformas europeas:** ten como obxectivo aumentar a mobilidade, a visibilidade e o recoñecemento dos artistas, especialmente os emerxentes, a través do fomento de coproducións, xiras internacionais, eventos, exposicións e festivais.

LIÑAS DO SUBPROGRAMA CULTURA				
LIÑA	DURACIÓN DO PROXECTO	NÚMERO DE SOCIOS PARTICIPANTES	SUBVENCIÓN MÁXIMA	COFINANCIAMENTO
Proxectos de cooperación europea	Máx. 48 meses (categorías 1 e 2)	Menor escala: mín. 3 países participantes	200.000€	60%
		Maior escala: mín. 6 países participantes	2.000.000€	50%
Proxectos de tradución literaria	Categoría 1 2 anos	De 3 a 10 obras de ficción	100.000€	50%
	Categoría 2 4 anos (acordo plurianual)	De 5 a 10 obras de ficción/ano	100.000€/ano	
Redes europeas	3 anos (acordo plurianual)	Mín. 15 organizacións, mín. 10 países	250.000€/ano	80%
Plataformas europeas	3 anos (acordo plurianual)	Mín. 10 organizacións, mín. 10 países e mín. 30% artistas emerxentes	500.000€/ano (máx. 60.000€ membro/ano)	80%



CALENDARIO DAS CONVOCATORIAS							
CONVOCATORIAS ANUAIS (2014-2019)				CONVOCATORIAS PLURIANUAIS (ACORDOS MARCOS DE COLABORACIÓN)			
	Data de publicación	Data límite de entrega	Data de inicio do proxecto		Data de publicación	Data límite de entrega	Data de inicio do proxecto
Proxectos de cooperación europea. Categoría 1	xullo	outubro	1 maio - 31 dec. (do ano seguinte)	Proxectos de tradución literaria. Categoría 2	nov. 2016	feb. 2017	1 set. - 31 dec. 2017
Proxectos de cooperación europea. Categoría 2	xullo	outubro	1 xuño - 31 dec. (do ano seguinte)	Redes europeas	xul. 2016	out. 2016	1 maio - 31 dec. 2017
Proxectos de tradución literaria. Categoría 1	novembro	febreiro	1 set. - 31 dec.	Plataformas europeas	dec. 2014	marzo 2015	1 ago. - 31 dec. 2015
					xul. 2016	out. 2016	1 maio - 31 dec. 2017

3. Capítulo intersectorial: o programa destina 121 millóns de euros, a través do Banco Europeo de Investimentos, ao Instrumento de Garantía Financeira, que será operativo desde 2016 e facilitará o acceso dos pequenos operadores culturais aos préstamos bancarios. Ademais, este capítulo financia:

- Proxectos piloto que establezan lazos entre os diferentes sectores culturais e creativos,
- Estudos, enquisas estatísticas e avaliacións que inclúan a medición de todos os aspectos da repercusión do programa; e
- As oficinas Europa Creativa (*Creative Europe desks*) nos Estados membros, co fin de ofrecer información sobre o programa, axudar aos sectores culturais e creativos, estimular a cooperación transfronteiriza e dar apoio á Comisión. En España, están situadas en Madrid, Barcelona, Sevilla e San Sebastián.

► Destinatarios

As entidades que poden acceder ao financiamento poden ter ou non ánimo de lucro, pero os seus proxectos non poderán telo.

Europa Creativa non está aberta a solicitudes de particulares, pero ao redor de 250.000 artistas individuais e profesionais da cultura e o ámbito audiovisual recibirán financiamento a través de proxectos presentados por organizacións culturais.

En canto á área xeográfica, Europa Creativa está tamén aberta aos países candidatos á UE, aos países da Asociación Oriental e aos da conca mediterránea. Por outra parte, existe a posibilidade de celebrar acordos bilaterais co resto de Estados, así como con organizacións internacionais activas nos sectores cultural e creativo, tales como a Unesco, o Consello de Europa, a OCDE ou a OMPI (Organización Mundial da Propiedade Intelectual).

► Financiamento

Conta cun orzamento de 1.462 millóns de euros para o período 2014-2020, o que supón un incremento do 9% en relación cos programas anteriores. Esta dotación distribúese do seguinte xeito entre os tres subprogramas:

- CULTURA: 454 millóns de euros (31% do total)
- MEDIA: 818 millóns de euros (56% do total)
- Capítulo intersectorial: 190 millóns de euros (13% do total)

► Comentarios

A Comisión Europea adopta programas de traballo anuais nos que se inclúen os obxectivos e prioridades de financiamento, a forma de execución, o importe dispoñible e unha descrición das medidas que se vaian financiar. As convocatorias do programa son xestionadas pola Axencia Executiva no ámbito Educativo, Audiovisual e Cultural (EACEA). As oficinas Europa Creativa nacionais, pola súa parte, ofrecen información aos interesados.

A Comisión Europea conta con financiar cada ano arredor de 100 proxectos de cooperación europea, 60 proxectos de tradución literaria, 25 redes europeas e 10 plataformas europeas.

► Ligazóns de interese

Axencia Executiva no ámbito Educativo, Audiovisual e Cultural (EACEA):
<http://eacea.ec.europa.eu>



Oficina Europa Creativa-Cultura en España (Ministerio de Educación, Cultura e Deporte)

<http://www.mecd.gob.es/cultura-mecd/areas-cultura/cooperacion/oficina-europa-creativa-cultura.html>

Comisión Europea, sobre o programa Europa Creativa

http://ec.europa.eu/culture/creative-europe/index_en.htm

Oficinas Europea Creativa Media en España

<http://www.mediadeskspain.eu>

www.antenamediacat.eu

www.europacreativaeuskadi.eu

www.antenamediaandalucia.eu

► Contacto 📞✉

Puntos de Contacto do programa Europa Creativa en España (subprograma Cultura)

Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Dirección Xeral de Política e Industrias Culturais e do Libro

Augusto Paramio / Tamar Lavado

Plaza del Rey 1. 28004 Madrid

pcc.cultura@mecd.es

91 701 71 15

Enlace en Galicia

Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Mar Nogueira Sánchez

Edificio Administrativo San Caetano, bloque 3, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela

mar.nogueira@xunta.es

881 99 50 21

Puntos de Contacto do programa Europa Creativa en España (subprograma MEDIA)

MEDIA antena España

Jesús Hernández Moyano

R/ Luis Buñuel, 2-2ªA, Ciudad de la Imagen. 28223 Pozuelo de Alarcón (Madrid)

info@mediadeskspain.eu

91 512 01 78

MEDIA antena Barcelona

Helena Moreno Núñez

Passatge de la Banca 1-3, 1ª planta. 08002 Barcelona

media_antena.cultura@gencat.cat

93 552 49 49

MEDIA antena San Sebastián

Ainhoa González Sanchiz

Paseo Colón 16, entreplanta. 20002 San Sebastián (Guipúzcoa)

info@mediaeusk.eu

94 332 68 37

MEDIA antena Sevilla

Victoria Fernández Andrino

Instituto Andaluz de las Artes y las Letras. Consejería de Cultura - Junta de Andalucía

Edificio Estadio Olímpico. Puerta M. 41092 Sevilla

info@antenamediaandalucia.eu

955 929 047



CIDADANÍA

► Base Legal

Regulamento (UE) n° 390/2014 do Consello, do 14 de abril de 2014, polo que se establece o programa Europa cos Cidadáns para o período 2014-2020

► Duración

2014 - 2020

► Obxectivos

- Sensibilizar sobre a memoria histórica e sobre a historia, a identidade e as metas da Unión estimulando o debate, a reflexión e a creación de redes;
- Estimular a participación democrática e cívica dos cidadáns a nivel da Unión facendo que comprendan mellor o proceso de elaboración das políticas e promovendo oportunidades de compromiso social e voluntariado a nivel da Unión.

► Eidos de actuación

O programa consta de dous capítulos e unha acción horizontal:

- Capítulo 1: Memoria histórica e cidadanía europea;
- Capítulo 2: Compromiso democrático e participación cidadá;
- Acción horizontal: Análise, difusión e aproveitamento dos resultados dos proxectos realizados no marco de ambos capítulos.

A través de subvencións e contratos públicos, o programa financia os seguintes tipos de accións:

- Reunións de cidadáns, irmandamento de cidades;
- Creación e funcionamento de asociacións e redes transnacionais;
- Apoio a organizacións de interese europeo xeral;
- Creación de comunidades e debates sobre aspectos cidadáns co apoio de TIC ou dos medios sociais;
- Actos a nivel europeo;
- Debates ou estudos e intervencións sobre fitos da historia europea, en particular co obxecto de manter viva a memoria dos crimes perpetrados baixo o nazismo e o estalinismo;
- Reflexión ou debates sobre os valores comúns;
- Iniciativas para sensibilizar sobre as institucións da UE e o seu funcionamento;
- Accións para aproveitar e valorizar os resultados das iniciativas avaladas;
- Estudos sobre aspectos da cidadanía e da participación cívica;
- Apoio a estruturas de información e asesoramento sobre o programa nos Estados membros.

► Destinatarios

O programa está aberto a todas as partes interesadas que promovan a integración e a cidadanía europea, en particular as autoridades e organizacións locais e rexionais, os comités de irmandamento, as organizacións europeas de investigación sobre política pública (foros de reflexión), as organizacións da sociedade civil (incluídas as asociacións de sobreviventes) e as organizacións culturais, xuvenís, de ensino e de investigación.

► Financiamento

185 millóns de euros. O 20% do orzamento dedícase ao capítulo 1 (memoria histórica e cidadanía europea), o 60% á acción 2 (compromiso democrático e participación cidadá), o 10% á acción horizontal e o restante 10% á xestión do programa.

► Comentarios

O programa é xestionado pola Axencia Executiva no ámbito Educativo, Audiovisual e Cultural (EACEA). Pola súa banda, a Comisión adopta anualmente, tras consultar ao comité de xestión do programa, un programa de traballo no que se recollen as prioridades de financiamento para as convocatorias de cada ano.

Existe unha guía do programa 2014-2020 onde se detallan polo miúdo os procedementos de presentación e selección das solicitudes, as condicións financeiras e contractuais e o calendario de presentación das propostas. Esta guía serve de convocatoria de propostas permanente.

► Ligazóns de interese

Comisión Europea
http://ec.europa.eu/citizenship/about-the-europe-for-citizens-programme/future-programme-2014-2020/index_en.htm

EACEA
http://eacea.ec.europa.eu/europe-for-citizens_en

Punto de contacto no Ministerio de Educación, Cultura e Deporte
<http://www.mcu.es/cooperacion/MC/PEC/Programa2014/Programa.html>

Guía do programa
<https://eacea.ec.europa.eu/sites/eacea-site/files/COMM-2013-00367-00-00-ES-TRA-00.pdf>

► Contacto

Punto Europeo de Cidadanía

Ministerio de Educación, Cultura e Deporte
Augusto Paramio / Tamar Lavado
Plaza del Rey, 1. 28004 Madrid
91 701 7466
pec.cultura@mecd.es / augusto.paramio@mecd.es / tamar.lavado@mecd.es



SAÚDE PARA O CRECIMENTO

O Programa de Saúde para o Crecemento fai fincapé nos vínculos entre o crecemento económico e unha poboación saudable. O fomento da boa saúde forma parte dos obxectivos de crecemento intelixente e inclusivo de Europa 2020, toda vez que a Unión concentrará a súa actividade nunha serie de áreas prioritarias onde reforce a acción dos Estados: a innovación en materia de saúde pública e a capacitación dos cidadáns, a redución das desigualdades sanitarias, a promoción da saúde e a prevención das enfermidades no contexto do envellecemento da sociedade.

SANIDADE E CONSUMO

► Base legal

Regulamento (UE) nº 282/2014, do 11 de marzo de 2014, relativo á creación dun terceiro programa de acción da Unión no ámbito da saúde para o período 2014-2020

► Duración

2014-2020

► Obxectivos

- Elaborar ferramentas e mecanismos comúns a escala da UE para facer fronte á escaseza de recursos, tanto humanos como financeiros, e facilitar a introdución da innovación nos servizos sanitarios;
- Facilitar o acceso, tamén nunha dimensión transfronteiriza, aos coñecementos médicos e á información sobre determinadas enfermidades e desenvolver solucións e orientacións comúns para mellorar a calidade da atención sanitaria e a seguridade dos pacientes;
- Desenvolver enfoques conxuntos e demostrar a súa utilidade para mellorar a preparación e coordinación fronte a emerxencias sanitarias.

► Eidos de actuación

- Accións que contribúan ao desenvolvemento de sistemas de saúde innovadores, eficientes e sostibles;

- Mellora no acceso dos cidadáns a unha asistencia sanitaria máis segura e de maior calidade;

- Accións destinadas a fomentar a saúde e previr as enfermidades;

- Accións dirixidas a incrementar a protección dos cidadáns fronte ás ameazas sanitarias transfronteirizas.

► Destinatarios

- Organizacións con personalidade xurídica, autoridades e organismos públicos, en particular institucións de investigación e de saúde, universidades e centros de ensino superior.

- Organismos que cumpran os seguintes criterios:

- Ser non gobernamentais, sen ánimo de lucro, independentes da industria, o comercio e as empresas, e estar exentos de calquera outro conflito de interese;

- Operar no ámbito da saúde pública, desempeñar un papel efectivo no proceso de diálogo civil a escala da UE e perseguir polo menos un dos obxectivos do programa;

- Actuar a escala da Unión ou polo menos na metade dos Estados membros e presentar unha cobertura xeográfica equilibrada na Unión.

► Financiamento

449,4 millóns de euros.

A execución do orzamento céntrase na concesión de subvencións e a adxudicación de contratos de servizos.

► Comentarios

A convocatoria do programa é anual.

► Ligazón de interese

Dirección Xeral de Sanidade e Consumidores (DG SANCO)
http://ec.europa.eu/health/programme/policy/index_en.htm

► Contacto

Comisión Europea. Dirección Xeral de Sanidade e Consumidores (DG SANCO)

Unidade C1
 Edificio Jean Monnet Despacho JMO - C5/108
 Rue Alcide de Gasperi. 2920 Luxemburgo

Ministerio de Economía e Competitividade

Oficina de Proxectos Europeos
 Instituto de Saúde Carlos III
 Carlos Segovia
 c/ Sinesio Delgado 6. 28029 Madrid
 918 222 272
csegovia@isciii.es



PROGRAMA DE CONSUMIDORES

O Programa plurianual de Consumidores para o período 2014-2020 apoia a política de protección dos consumidores da UE, cuxo obxectivo é axudar aos cidadáns a exercer plenamente os seus dereitos como consumidores dentro do Mercado Único, contribuíndo así ao crecemento económico e á innovación na UE.

SANIDADE E CONSUMO

► Base legal

Regulamento (UE) nº 254/2014, do 26 de febreiro de 2014, sobre o Programa plurianual dos Consumidores para o período 2014-2020

► Duración

2014-2020

► Obxectivos

- Garantir un elevado nivel de protección dos consumidores, capacitalos e situalos no centro do mercado interior no marco dunha estratexia xeral para un crecemento intelixente, sostible e integrador. O programa contribuirá a esta meta mediante a protección da saúde, a seguridade e os intereses xurídicos e económicos dos consumidores;
- Promover o dereito dos consumidores á información, á educación e a organizarse para salvagardar os seus intereses, apoiando a integración de tales intereses noutros ámbitos de actuación;
- Complementar, apoiar e facer un seguimento das políticas de protección dos consumidores nos Estados membros.

► Eidos de actuación

1. Seguridade: accións para consolidar e mellorar a seguridade dos produtos a través dunha vixilancia efectiva do mercado de toda a Unión, especialmente a través do sistema da UE de alerta rápida, que notifica a detección de produtos de consumo perigosos (RAPEX);

2. Información e educación dos consumidores e apoio ás organizacións europeas de consumidores;

3. Dereitos e vías de reclamación: accións que desenvolvan e reforcen os dereitos dos consumidores, especialmente a través dunha intervención

lexislativa intelixente, e melloren o acceso a vías de reclamación sinxelas, eficientes e de baixo custo, entre as que se inclúan mecanismos de resolución alternativa de litixios;

4. Actividades de apoio aos organismos nacionais competentes en materia de consumo, especialmente as destinadas a fomentar a cooperación entre eles, incluído o papel dos centros europeos do consumidor, presentes en todos os Estados membros e cun papel activo de asesoramento neste eido.

► Destinatarios

- Organizacións de consumidores a escala europea que cumpran os seguintes requisitos:
 - 2. Posuír un mandato para representar os intereses dos consumidores europeos outorgado polas organizacións nacionais de consumidores de polo menos a metade dos Estados membros.
- Organismos internacionais que promovan principios e políticas que contribúan a alcanzar os obxectivos do programa.
- Organismos no ámbito da UE que coordinen as accións de execución no eido da seguridade dos produtos.
- Organismos radicados na UE que desenvolvan códigos deontolóxicos, mellores prácticas e directrices para a comparación de prezos, a calidade e a sostibilidade dos produtos.
- Os poderes públicos dos Estados membros responsables dos asuntos relativos aos consumidores e o persoal das súas administracións encargado da execución do programa.
- Organismos designados por un Estado membro que sexan entidades sen ánimo de lucro seleccionadas mediante un proceso transparente, ou ben organismos públicos, así como os órganos de xestión de reclamacións establecidos que exercen a súa actividade nos Estados membros.



► Financiamento

189 millóns de euros.

Os limiares máximos establecidos para as subvencións da UE segundo o tipo de actividades financiadas serán os seguintes:

- 50% dos custos subvencionables, nos seguintes casos:
 - Subvencións para o funcionamento das asociacións de consumidores a escala europea;
 - Subvencións de funcionamento destinadas a organismos internacionais;
 - Subvencións para o funcionamento de organismos que desenvolvan códigos deontolóxicos, mellores prácticas e directrices para a comparación de prezos, a calidade e a sostibilidade dos produtos;
 - Subvencións de actuación para órganos de xestión de reclamacións dos consumidores;
 - Subvencións de actuación destinadas aos poderes públicos dos Estados membros responsables dos asuntos de consumidores (agás as accións de interese excepcional, cuxo límite será o 70%).
- 70 % dos custos subvencionables no caso das subvencións destinadas á actuación de organismos designados por un Estado membro.
- 95% dos custos subvencionables no caso dos organismos no ámbito da UE que coordinen as accións de execución relativas á seguridade dos produtos.

Ademais das accións subvencionables sinaladas, a Unión Europea poderá destinar un máximo do 12% do Programa de Consumidores a un conxunto de actividades relacionadas coa asistencia técnica e administrativa que inclúen as actividades preparatorias, de seguimento, control, auditoría e avaliación do programa.

► Comentarios

As licitacións e convocatorias de propostas publícanse na páxina da Axencia Executiva de Consumo, Sanidade e Alimentación (CHAFEA, nas súas siglas en inglés), na que se pode consultar tamén o programa de traballo plurianual que recolle as prioridades de financiamento e o calendario de execución anual do programa.

► Ligazóns de interese

Dirección Xeral de Sanidade e Consumidores da Comisión Europea
http://ec.europa.eu/consumers/eu_consumer_policy/financial-programme/index_en.htm

Axencia Executiva de Consumo, Sanidade e Alimentación (CHAFEA)
<http://ec.europa.eu/eahc/consumers/index.html>

Centro Europeo do Consumidor en España. Oficina pública de atención ao consumidor que precise información ou asistencia en relación coa adquisición dun ben ou a utilización dun servizo nun país da UE diferente ao propio
<http://www.cec.consumo-inc.es/>

► Contacto

Comisión Europea. Dirección Xeral de Sanidade e Consumidores (DG SANCO)
Rue Breydel 4 ou Rue Froissart 101. 1040 Bruxelas. Bélxica

Centro Europeo do Consumidor en España
C/ Príncipe de Vergara, 54. 28006 Madrid
cec@consumo-inc.es



SAÚDE ANIMAL E DAS PLANTAS

O programa pretende contribuír a conseguir un alto nivel de saúde para as persoas, animais e plantas ao longo da cadea alimentaria, apoiando normas de control de riscos que reforcen a erradicación das enfermidades animais e das pragas vexetais.



SANIDADE E CONSUMO

► Base legal

Regulamento (UE) nº 652/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, polo que se establecen disposicións para a xestión dos gastos relativos á cadea alimentaria, á saúde animal e ao benestar dos animais, e relativas á fitosanidade e aos materiais de reprodución vexetal

► Duración

2014 - 2020

► Obxectivos

- Alcanzar un alto nivel de seguridade dos alimentos e dos sistemas de produción de alimentos;
- Mellorar a situación da saúde e o benestar dos animais;
- Detectar e erradicar as pragas e velar pola realización efectiva dos controis oficiais.

► Eidos de actuación

O programa establece as medidas e os custos subvencionables en materia de sanidade animal, en referencia a medidas de emerxencia por enfermidades e á súa erradicación, control e vixilancia.

Polo que se refire á fitosanidade, a contribución financeira da Unión tamén abrangue programas de estudo para detectar a presenza de pragas, así como medidas fitosanitarias de apoio aos territorios ultraperiféricos dos

Estados membros, co fin de protexer á UE contra as pragas vinculadas, entre outras cousas, á globalización do comercio e ao cambio climático.

Así mesmo, prevese a posibilidade de dar apoio aos laboratorios de referencia da UE e a proxectos destinados a mellorar a eficacia e a eficiencia dos controis oficiais.

► Destinatarios

O programa ten como destinatarios principais os Estados membros e as súas autoridades competentes, xa que son os principais beneficiarios da contribución financeira. Tamén ten repercusións indirectas sobre as partes interesadas, como os produtores primarios (agricultores, etc.), os demais operadores e os veterinarios.

► Financiamento

O programa conta cun importe máximo de 1.892 millóns de euros.

As contribucións financeiras en forma de subvención non poden superar o 50% dos custos subvencionables, aínda que esta porcentaxe poderá incrementarse ata o 75% no caso de Estados membros cunha renda nacional bruta per cápita inferior ao 90% da media comunitaria e no caso de actividades executadas conxuntamente por varios Estados membros co obxecto de controlar ou erradicar pragas ou enfermidades dos animais. Así mesmo, a subvención poderá chegar ata o 100% dos custos subvencionables cando as actividades se refiran ao control de riscos graves para a saúde da Unión, se leven a cabo en terceiros países ou sexan recoñecidas explicitamente pola Comisión Europea como “de particular importancia para a Unión”.

A contribución financeira da Unión relativa ás medidas consideradas no presente programa tamén poderá ter a forma de pagamentos voluntarios ás organizacións internacionais que traballan nos ámbitos concernentes á presente temática.

► Comentarios

A Comisión poderá organizar controis *in situ* nos Estados membros e nos locais dos beneficiarios co fin de comprobar, en concreto:

- a) a aplicación efectiva das medidas obxecto da contribución financeira da Unión;
- b) a conformidade das prácticas administrativas coas normas da Unión;
- c) a existencia dos xustificantes necesarios e a súa concordancia coas medidas obxecto de contribución por parte da Unión.

► Ligazón de interese

Dirección Xeral de Sanidade e Consumidores (DG SANCO)
http://ec.europa.eu/dgs/health_consumer/index_en.htm

► Contacto

Comisión Europea. Dirección Xeral de Sanidade e Consumidores (DG SANCO)
Rue Breydel 4 ou Rue Froissart 101. 1040 Bruxelas. Bélxica





FONDO DE SEGURIDADE INTERIOR

Este programa apoia a aplicación da Estratexia de Seguridade Interior, buscando mellorar a cooperación policial, a vixilancia das fronteiras exteriores da Unión e a prevención da delincuencia.

INMIGRACIÓN E XUSTIZA

► Base legal

Regulamento (UE) n° 513/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, polo que se establece, como parte do Fondo de Seguridade Interior, o instrumento de apoio financeiro á cooperación policial, á prevención e á loita contra a delincuencia, e á xestión de crise

► Duración

2014 - 2020

► Obxectivos

- Previr e combater a delincuencia organizada, grave e transfronteiriza, incluído o terrorismo;
- Reforzar a coordinación e a cooperación entre as autoridades con funcións coercitivas dos Estados membros e cos terceiros países pertinentes;
- Mellorar a capacidade dos Estados membros e da Unión para xestionar eficazmente os riscos e as crises relacionados coa seguridade e preparar e protexer ás persoas e as infraestruturas críticas contra ataques terroristas e outros incidentes relacionados coa seguridade.

► Eidos de actuación

- Accións destinadas a mellorar a cooperación policial e a coordinación entre as autoridades con funcións coercitivas, incluídos os equipos conxuntos de investigación e calquera outra forma de operación conxunta transfronteiriza, o acceso e intercambio de información e tecnoloxías interoperables;

- Creación de redes de confianza, entendemento e aprendizaxe mutuos, identificación, intercambio e difusión de coñecementos, experiencias e boas prácticas, intercambio de información, constatación e previsión comúns das situacións, planificación de continxencias;
- Actividades de análise, supervisión e avaliación, incluídos estudos e avaliacións de impacto, riscos e ameazas;
- Actividades de sensibilización, difusión e comunicación;
- Adquisición e/ou mellora de equipos técnicos, instalacións seguras, infraestruturas, edificios e sistemas relacionados, especialmente sistemas informáticos e os seus compoñentes, en particular para os efectos da cooperación europea en materia de ciber-delincuencia, especialmente co Centro Europeo de ciber-delincuencia;
- Formación, educación e intercambio do persoal e de expertos das autoridades pertinentes, entre os que se contemplan a formación lingüística e os exercicios ou programas conxuntos;
- Medidas consistentes no despregamento, transferencia, experimentación e validación de novos métodos ou tecnoloxías, incluídos proxectos piloto, e medidas de seguimento dos proxectos de investigación en materia de seguridade financiados pola Unión.

► Financiamento

Os recursos globais ascenden á cantidade de 1.004 millóns de euros e aplicarase o 66% para programas nacionais dos Estados membros e o 34% restante irá destinado ás accións da Unión, axudas á emerxencia e á asistencia técnica.



Asignaranse aos Estados membros, con carácter indicativo, 662 millóns de euros como segue:

- a) 30% en proporción ao tamaño da súa poboación total;
- b) 10% en proporción á extensión do seu territorio;
- c) 15% en proporción ao número de pasaxeiros e 10% ás toneladas de carga en tránsito a través dos seus portos e aeroportos internacionais;
- d) 10% en proporción ao número de infraestruturas críticas europeas designadas de conformidade coa Directiva 2008/114/CE;
- e) 35% en proporción inversa ao seu produto interior bruto (estándar de poder adquisitivo por habitante).

► **Ligazón de interese**


Dirección Xeral de Asuntos de Interior da Comisión Europea
http://ec.europa.eu/dgs/home-affairs/financing/fundings/index_en.htm

► **Contacto**

Comisión Europea. Dirección Xeral de Asuntos de Interior (DG HOME)
Rue du Luxembourg 46. 1000 Bruxelas. Bélxica

FONDO DE ASILO, MIGRACIÓN E INTEGRACIÓN

O Fondo de Asilo, Migración e Integración ten como obxectivo lograr unha xestión integrada dos fluxos migratorios en Europa e apoiar as accións que aborden todos os aspectos da migración na UE, incluídos o asilo, a migración legal, a integración e o retorno de nacionais de terceiros países en situación irregular.





INMIGRACIÓN E XUSTIZA

► Base legal

Regulamento (UE) nº 516/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, polo que se crea o Fondo de Asilo, Migración e Integración

► Duración

2014 - 2020

► Obxectivos

Traballar con todos os Estados membros nunha xestión integrada da migración, a través dunha cooperación práctica, dunha diseminación da información e dunha sincronización das respostas nacionais sobre a migración. De maneira máis concreta, este fondo tratará de:

- Reforzar e desenvolver o sistema europeo común de asilo, incluída a súa dimensión exterior;
- Apoiar a migración legal cara á Unión de conformidade coas necesidades económicas e sociais dos Estados membros e fomentar a integración efectiva dos nacionais de terceiros países, incluídos os solicitantes de asilo e os beneficiarios de protección internacional;
- Desenvolver unhas estratexias de retorno equitativas e eficaces nos Estados membros, facendo fincapé na sostibilidade do retorno e a readmisión efectiva nos seus países de orixe;
- Aumentar a solidariedade e o reparto de responsabilidades entre os Estados membros, en particular cos máis afectados pola migración e os fluxos de asilo.

► Eidos de actuación

Libre circulación de persoas, fluxos migratorios na UE, solidariedade e xestión da migración, retos e oportunidades da migración, eliminación das fronteiras dentro da UE e sincronización das respostas nacionais á migración.

► Destinatarios

Cada Estado membro aplica este fondo mediante programas nacionais anuais que se preparan, executan e avalían de forma descentralizada coa colaboración doutras autoridades e entidades designadas para tal fin.

► Financiamento

3.137,42 millóns de euros

► Ligazón de interese

Dirección Xeral de Asuntos de Interior da Comisión Europea
http://ec.europa.eu/dgs/home-affairs/financing/fundings/migration-asylum-borders/asylum-migration-integration-fund/index_en.htm

► Contacto

Comisión Europea. Dirección Xeral de Asuntos de Interior (DG HOME)
Rue du Luxembourg 46. 1000 Bruxelas. Bélxica



XUSTIZA 2014

O Programa Xustiza contribúe a impulsar o desenvolvemento dun Espazo Europeo de Xustiza mediante o fomento da cooperación xudicial en materia civil e penal, substituíndo aos programas de acción neste ámbito que se desenvolveron durante o período 2007-2013 nos eidos de xustiza civil (JCIV), xustiza penal (JPEN) e o Programa de Información e Prevención en materia de Drogas (DPIP).



INMIGRACIÓN E XUSTIZA

► Base legal

Regulamento (UE) nº 1382/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establece o programa Xustiza para o período de 2014 a 2020

► Duración

2014-2020

► Obxectivos

- Facilitar e protexer a cooperación xudicial en materia civil e penal;
- Apoiar e promover a formación xudicial, incluída a formación lingüística sobre terminoloxía xurídica, con miras a fomentar unha cultura xurídica e xudicial común;
- Facilitar un acceso efectivo á xustiza para todos, incluíndo a promoción e o apoio aos dereitos das vítimas de delitos, á vez que se respectan os dereitos da defensa;
- Protexer as iniciativas en materia de drogas no que se refire á cooperación xudicial e nos aspectos de prevención da delincuencia.

► Eidos de actuación

- Actividades analíticas, como a recollida de datos e estatísticas; desenvolvemento de metodoloxías comúns; estudos, investigacións, análises e enquisas; avaliacións; elaboración e publicación de guías, informes e material educativo; talleres, seminarios, reunións de expertos e conferencias;

- Actividades de formación, como intercambios de persoal, talleres, seminarios, formación de formadores e desenvolvemento de ferramentas de formación en liña;

- Aprendizaxe mutua, cooperación, actividades de sensibilización e difusión, tales como a identificación e o intercambio de boas prácticas, enfoques e experiencias innovadores; organización de conferencias, campañas de información; compilación e publicación de material divulgativo sobre o programa e os seus resultados; e un maior desenvolvemento do Portal Europeo de Xustiza como instrumento para mellorar o acceso dos cidadáns á xustiza;

- Apoio aos principais axentes cuxas actividades contribúan á consecución dos obxectivos do programa; apoio aos axentes europeos clave e ás principais redes europeas e apoio ás actividades de creación de redes a escala europea entre organismos e entidades especializados.

► Destinatarios

A participación no programa estará aberta aos Estados membros, aos países do Espazo Económico Europeo, aos países candidatos e aos países en vías de adhesión á Unión Europea. Os organismos e entidades con ánimo de lucro só poderán acceder ao programa xunto con organismos sen ánimo de lucro ou organismos públicos. Tamén poden participar as organizacións internacionais que traballen nos ámbitos cubertos por este.

► Financiamento

O orzamento global para o período 2014-2020 será de 377,604 millóns de euros.

Asignaranse cantidades a cada obxectivo establecido da seguinte forma: 30% da dotación financeira para a mellora da cooperación xudicial; 35% para o

apoio e promoción da formación xudicial; 30% para a facilitación dun acceso efectivo á xustiza e 5% para materia de drogas e cooperación xudicial.

► Comentarios

As convocatorias de propostas teñen periodicidade anual. Os criterios de admisibilidade, selección e concesión para seleccionar as propostas establécense en programas anuais de traballo adoptados pola Comisión.

► Ligazón de interese

Dirección Xeral de Xustiza da Comisión Europea
http://ec.europa.eu/justice/grants1/programmes-2014-2020/justice/index_en.htm

► Contacto

Comisión Europea. Dirección Xeral de Xustiza (DG JUST)

Unidade E4. Apoio financeiro. Oficina LX-46 7/49
Avenue du Bourget 1. 1040 Bruxelas. Bélxica
JLS-Criminal-Record@ec.europa.eu





DEREITOS, IGUALDADE E CIDADANÍA

A Unión Europea fundaméntase en valores como a dignidade, a liberdade, a democracia, a igualdade, o Estado de Dereito e o respecto dos dereitos humanos. Os cidadáns europeos teñen, pois, dereito a gozar de todos estes valores e dereitos e, polo tanto, todos eles deben promoverse e respectarse. O presente programa estableceuse para facilitar e garantir a aplicación destes valores e dereitos.

SEGURIDADE E CIDADANÍA

► Base legal

Regulamento (UE) nº 1381/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establece o programa “Dereitos, Igualdade e Cidadanía” para o período de 2014 a 2020

► Duración

Período 2014-2020

► Obxectivos

O obxectivo xeral do programa é contribuír a desenvolver un espazo no que se promovan, protexan e exerzan a igualdade e os dereitos das persoas contemplados nos Tratados constitutivos da Unión Europea, na Carta dos dereitos fundamentais e nos convenios internacionais de dereitos humanos que aplica a UE.

No tocante aos obxectivos específicos para a consecución deste obxectivo xeral, o programa subdivídese en dous grupos, de acordo coa dotación financeira que reciban as accións. Así, o grupo 1 de obxectivos específicos recibirá o 57% da dotación financeira e o grupo 2 de obxectivos específicos recibirá o 43%. En consecuencia, os obxectivos específicos quedan divididos da seguinte maneira:

Grupo 1 de obxectivos:

- Promover a aplicación efectiva do principio de non discriminación por motivos de sexo, orixe racial ou étnica, relixión ou crenzas, discapacidade, idade ou orientación sexual;
- Previr e combater o racismo, a xenofobia, a homofobia e outras formas de intolerancia;

- Promover e protexer os dereitos das persoas con discapacidade;
- Promover a igualdade entre mulleres e homes, e avanzar na integración das cuestións de xénero nas distintas políticas.

Grupo 2 de obxectivos:

- Previr e combater toda forma de violencia contra nenos, mozos e mulleres, así como a violencia contra outros grupos de risco, en particular os grupos de risco en relacións de proximidade, así como protexer as vítimas deste tipo de violencia;
- Promover e protexer os dereitos do menor;
- Contribuír a garantir o máis alto nivel de protección da intimidade e dos datos persoais;
- Promover e mellorar o exercicio dos dereitos derivados da cidadanía da Unión;
- Permitir ás persoas, na súa condición de consumidores ou de emprendedores no mercado interior, exercer os seus dereitos derivados do Dereito da Unión, tendo en conta os proxectos financiados conforme ao Programa relativo aos consumidores.

► Eidos de actuación

O programa financia exclusivamente accións con valor engadido europeo, entre outras:

- Actividades analíticas: recollida de datos e estatísticas; desenvolvemento de metodoloxías comúns; avaliacións; elaboración e publicación de guías, informes e material educativo; reunións de expertos e conferencias, etc.;



- Actividades de formación: intercambios de persoal, obradoiros, seminarios, desenvolvemento de ferramentas de formación en liña ou doutro tipo de formación;
- Aprendizaxe mutua, cooperación, actividades de sensibilización e difusión: identificación e intercambio de boas prácticas, enfoques e experiencias innovadores; organización de revisións por homólogos e aprendizaxe mutua; campañas de información; compilación e publicación de material divulgativo sobre o programa e os seus resultados;
- Apoio aos principais axentes: apoio ás ONG na execución de accións con valor engadido europeo, ás principais redes a escala europea e aos servizos harmonizados de valor social; apoio aos Estados membros na aplicación do Dereito e as políticas da Unión; e apoio ás actividades de creación de redes a escala europea entre organismos e entidades especializados e entre as autoridades nacionais, rexionais e locais e as ONG, incluído o apoio por medio de subvencións para actividades ou subvencións de funcionamento.

► Destinatarios

A participación no programa está aberta a todos os organismos e entidades legalmente establecidos nos Estados membros, os países da Asociación Europea de Libre Comercio (AELC) e os países candidatos, os candidatos potenciais e os países en vías de adhesión á Unión. Os organismos e as entidades con ánimo de lucro só poden acceder ao programa xunto con organismos sen ánimo de lucro ou organismos públicos. Ademais, tamén poden participar as organizacións internacionais que traballen nos ámbitos cubertos polo programa.

► Financiamento

A dotación financeira para a execución do programa ascende a 439,5 millóns de euros.

► Comentarios

A principios de cada ano publícase un programa anual no que se establecen as condicións e os requisitos específicos das convocatorias.

► Ligazón de interese

Dirección Xeral de Xustiza da Comisión Europea
http://ec.europa.eu/justice/grants1/programmes-2014-2020/rec/index_en.htm

► Contacto

Comisión Europea. Dirección Xeral de Xustiza (DG JUST)
Rue Montoyer, 59. 1049 Bruxelas. Bélxica

4. Europa como actor glogal





INSTRUMENTOS DE AXUDA EXTERNA

A UE conta con nove instrumentos de axuda externa e oito mecanismos de investimento para desenvolver a súa acción exterior en diferentes ámbitos: política de ampliación, veciñanza, cooperación ao desenvolvemento, axuda humanitaria, cooperación con países identificados como socios estratéxicos, Política de Seguridade e Defensa Común e cooperación en materia de seguridade nuclear. Estes instrumentos inclúense na rúbrica “Europa como actor global” do MFP 2014-2020, cun montante que medrou un 3% respecto ao período anterior e representa un 6 % do orzamento comunitario. Esta partida orzamentaria ten por obxectivo reforzar o papel da UE nun mundo de alianzas cambiantes e novas potencias emerxentes, ademais de promover a democracia e a prosperidade nos países veciños e loitar contra a pobreza no mundo.

RELACIONES EXTERIORES

► Base legal

- Artigo 209, apartado 1, TFUE (programas de cooperación para o desenvolvemento) e artigo 212, apartado 2, TFUE (cooperación económica, financeira e técnica con terceiros países)

- Comunicación "Unha Europa Global: un novo enfoque para financiar a acción exterior da UE". COM (2011) 865

- Regulamento (UE) n° 236/2014, do 11 de marzo de 2014, polo que se establecen normas e procedementos de execución comúns dos instrumentos da Unión para o financiamento da acción exterior

► Duración

Período orzamentario 2014-2020. Así e todo, cómpre ter en conta que tanto o Regulamento de Execución Común como os diferentes instrumentos de acción exterior revisaranse a finais de 2017, no ecuador do seu período de vixencia.

► Obxectivos

A acción exterior da Unión Europea pretende reforzar o seu papel na escena internacional promovendo os seus intereses e valores, nomeadamente o fomento da democracia, a paz, a estabilidade e a erradicación da pobreza, así como a salvagarda dos bens públicos mundiais.

A principal novidade da acción exterior da Unión no período 2014-2020 refírese á incorporación da diferenciación como criterio no reparto da axuda, que comprende tanto un enfoque diferenciado en función do contexto dos países destinatarios, como a introdución de distintas formas de cooperación que inclúen, ademais das subvencións, a introdución de préstamos mixtos (que se combinan con subvencións) en sectores tales como o da enerxía, as infraestruturas, os transportes e as telecomunicacións.

Por outra parte, refórzase a concentración do gasto en aras de reducir a dispersión temática e a fragmentación da axuda, e introdúcese unha maior flexibilidade mediante a posibilidade de revisión dos diferentes instrumentos fronte a situacións inesperadas. A partir do Regulamento de Execución Común, establécese unha simplificación das normas e procedementos relativos á programación e execución da axuda.

► Eidos de actuación

A UE conta con nove instrumentos de axuda externa e oito mecanismos de investimento para desenvolver a súa acción exterior en diferentes ámbitos.

A política de ampliación canalízase a través do Instrumento Europeo de Veciñanza (ENI, nas súas siglas en inglés), destinado aos países da Asociación Oriental (Armenia, Acerbaixán, Bielorrusia, Xeorxia, a República de Moldavia e Ucraína) e os países da Asociación Euromediterránea - EUROMED (Albania, Alxeria, Bosnia e Hercegovina, Exipto, Israel, Xordania, Líbano, Mauritania, Mónaco, Montenegro, Marrocos, Palestina, Siria, Tunisia e Turquía)

A cooperación da UE con terceiros países identificados como socios estratéxicos realízase a través do Instrumento de Asociación (*Partnership Instrument-PI*) con países industrializados e de renda alta de Norteamérica (Estados Unidos e Canadá), Asia-Pacífico (Xapón, Corea do Sur, Australia e Nova Zelandia) e o Golfo (Kuwait, Qatar e Arabia Saudita).

En canto á cooperación cos países en desenvolvemento, unha parte moi importante destínase aos países de África, Caribe e Pacífico a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento (FED), mentres que o Instrumento de Cooperación ao Desenvolvemento (DCI) canaliza a axuda destinada aos demais países. O FED ten a particularidade de non formar parte do MFP, xa que se nutre exclusivamente das achegas dos Estados membros.



Ademais, a acción exterior da Unión comprende a asistencia macrofinanceira, en forma de apoio orzamentario aos países en desenvolvemento, e a axuda humanitaria para prestar asistencia e axudar na prevención das catástrofes naturais ou causadas polo ser humano. Tamén abrangue outros instrumentos destinados a temas tan diversos como a cooperación en materia de seguridade nuclear e a cooperación con Groenlandia.

Pola súa parte, os mecanismos de investimento (*investment facilities*) artículanse arredor da *EU Platform for Blending in External Cooperation* (EUBEC) e están divididos en diferentes áreas xeográficas: Mecanismo de Investimento para o Caribe (CIF), Mecanismo de Investimento para Latinoamérica (LAIF), Mecanismo de Investimento para os Balcáns Occidentais (WBIF), Mecanismo de Investimento para a Veciñanza (NIF), Mecanismo de Investimento para Asia Central (IFCA), Fondo Fiduciario UE-África para Infraestruturas (ITF), Mecanismo de Investimento para Asia e Mecanismo de Investimento para o Pacífico (IFP).

► Destinatarios

As entidades que poden presentarse ás convocatorias varían en función dos diferentes instrumentos de acción exterior. Por regra xeral, son admisibles todas as persoas xurídicas (públicas e privadas, con e sen ánimo de lucro) que cumpran cos requisitos establecidos para cada convocatoria. En canto aos mecanismos de investimento, pola súa propia natureza son propicios á participación de empresas, incluídas as pemes, nos diferentes proxectos.

Recoméndase, polo tanto, consultar os propios regulamentos e as convocatorias de cada instrumento para coñecer exactamente o tipo de destinatarios e a taxa de cofinanciamento prevista para as diferentes accións.

► Financiamento

O orzamento total de “Unha Europa Global”, que se inclúe como cuarta rúbrica do Marco Financeiro Plurianual, conta cunha dotación financeira de 66.262 millóns de euros. Este cómputo exclúe tanto o 11º Fondo Europeo de Desenvolvemento, que conta cun orzamento de 30.506 millóns de euros para o período 2014-2020 (8% de achega española), como os mecanismos de investimento. Na páxina seguinte detállanse os orzamentos dos instrumentos de axuda externa que se atopan dentro do MFP.

► Ligazóns de interese

Europe Aid
http://ec.europa.eu/europeaid/index_en.htm

Servizo Europeo de Acción Exterior
<http://www.eeas.europa.eu/>


Axuda humanitaria e Protección Civil na UE
<http://ec.europa.eu/echo/>

► Contacto

Punto de contacto nacional de Europe Aid:

Axencia Española de Cooperación para o Desenvolvemento (AECID)
centro.informacion@aecid.es

Unha Europa Global	Total 2014-2020
Instrumento de Axuda á Pre-adhesión (IPA)	11.698,67 M €
Instrumento Europeo de Veciñanza (ENI)	15.432,63 M €
Instrumento Europeo para a Democracia e os Dereitos Humanos (EIDHR)	1.332,75 M €
Instrumento de Estabilidade (IFS)	2.338,72 M €
Instrumento de Asociación (PI)	954,76 M €
Instrumento de Cooperación ao Desenvolvemento (DCI)	19.661,64 M €
Axuda Humanitaria	6.621,70 M €
Protección Civil e Centro Europeo de Resposta de Emerxencia Europea (ERC)	368,43 M €
Voluntarios de Axuda humanitaria da UE (EUAV)	147,93 M €
Instrumento para a Cooperación en material de Seguridade Nuclear	225,32 M €
Asistencia Macro-financeira	564,56 M €
Fondo de garantía para a Acción Exterior	1.193,07 M €





VOLUNTARIOS DE AXUDA HUMANITARIA DA UE (EU AID VOLUNTEERS -EUAV)

Desde 2014 está en marcha o novo programa de Voluntarios de Axuda Humanitaria da UE (EUAV) co que se pretende facilitar a colaboración daqueles cidadáns europeos dispostos a axudar sobre o terreo a vítimas de desastres, poñéndoos en contacto con organizacións humanitarias que necesiten voluntarios adestrados e motivados para apoiar as súas operacións.


Este programa baséase nos resultados dunha experiencia piloto anterior que mobilizou 270 voluntarios procedentes de 30 países para cooperar en proxectos desenvolvidos en 44 países de acollida. O novo programa prevé, durante os sete anos de duración, formar e enviar 4.000 voluntarios a proxectos de axuda humanitaria, formar 4.400 voluntarios e persoal das organizacións que traballen sobre o terreo, e contar coa axuda de 10.000 voluntarios *online* que asistan ás entidades participantes en tarefas que non requiran presenza física sobre o terreo.

O funcionamento de EUAV consta de dúas fases. Primeiro, a Axencia Executiva no ámbito Educativo, Audiovisual e Cultural (EACEA) publica unha convocatoria dirixida a entidades sen ánimo de lucro (ONG, entidades de dereito público...) para presentar proxectos de voluntariado en zonas vulnerables. A continuación, unha vez seleccionados estes proxectos, as entidades responsables publican as súas propias convocatorias para seleccionar os voluntarios. O Departamento de Axuda Humanitaria e Protección Civil da Comisión Europea (ECHO) da Unión Europea recolle na súa web todas estas convocatorias, de xeito que poidan presentarse interesados de toda a UE.

A iniciativa acollerá voluntarios cunha gran variedade de perfís, con ou sen experiencia en axuda humanitaria, e de todas as idades a partir de 18 anos, incluíndo persoas xubiladas. Crearase igualmente unha rede de voluntarios europeos que sirva de plataforma de contacto entre os participantes antes e despois da súa experiencia de voluntariado. Os voluntarios recibirán adestramento, previa avaliación das súas necesidades, antes do seu desprazamento e durante os días iniciais da súa estada.

De maneira complementaria, a Comisión está a traballar na posta en marcha dun sistema de acreditación dos voluntarios para recoñecer as competencias e habilidades adquiridas, así como na creación dun rexistro de voluntarios europeos

O orzamento de EUAV para o período 2014-2020 é de 147,9 millóns de euros. <http://ec.europa.eu/echo/en/what/humanitarian-aid/eu-aid-volunteers>



MECANISMO DE PROTECCIÓN CIVIL DA UNIÓN

O Mecanismo de Protección Civil apoia o labor realizado polos Estados membros en materia de preparación e resposta rápida a emerxencias graves resultantes de atentados terroristas e accidentes radiolóxicos ou ambientais. Busca tamén facilitar unha maior cooperación entre os Estados membros no ámbito da protección civil.



AXUDA HUMANITARIA E PROTECCIÓN CIVIL

► Base legal

Decisión 1313/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativa a un Mecanismo de Protección Civil da Unión

► Duración

2014-2020

► Obxectivos

O Mecanismo de Protección Civil da Unión apoiará, complementará e facilitará a coordinación da acción dos Estados membros na preparación e prevención fronte a posibles desastres de orixe natural ou humana. As súas accións principais inclúen un programa de adestramento, formación práctica e intercambio de expertos, así como outras actividades nas que a intervención da UE sexa máis eficaz que a dos Estados que participan por separado, tendo como obxectivos:

- Mellorar a calidade da información sobre desastres e aumentar a súa accesibilidade;
- Poñer en práctica medidas de prevención;
- Aumentar a sensibilización en relación coa xestión de desastres;
- Desenvolver directrices sobre a avaliación dos riscos e a detección das ameazas;
- Promover a investigación para a mellora da resiliencia fronte aos desastres;
- Reforzar os mecanismos de alerta temperá.

► Eidos de actuación

O Mecanismo de Protección Civil da Unión pretende facilitar unha asistencia coordinada dos Estados membros ás vítimas dos desastres en Europa e en calquera outra parte do mundo, para o que se serve no plano operativo do Centro de Coordinación na Resposta a Emerxencias, así como do Instrumento Financeiro de Protección Civil.

O Centro de Coordinación na Resposta a Emerxencias foi creado para establecer unha resposta coordinada dos países participantes no caso de situacións de crise. Por outra parte, o Instrumento Financeiro de Protección Civil encárgase de proporcionar financiamento para as seguintes actividades de prevención, preparación e resposta:

- Resposta e accións preparatorias no marco do Mecanismo de Protección Civil da Unión: adestramento, exercicios e misións;
- Estudos e proxectos de prevención e preparación;
- Cofinanciamento destinado ao transporte de axuda de emerxencia desde os Estados participantes no Mecanismo.

► Destinatarios

Todos os Estados membros participan no Mecanismo de Protección Civil da Unión, ademais da Antiga República Iugoslava de Macedonia, Islandia e Noruega. Este mecanismo pode prestar axuda a calquera país do mundo que a pida no caso de que a magnitude dunha emerxencia sobrepase as capacidades nacionais. A maioría dos Estados participantes ofrecen asistencia gratuíta. Os custos de traslado poden ser cofinanciados pola Comisión Europea ata nun 55% (un 85% nalgúns casos).

► Financiamento

O orzamento global para o período 2014-2020 é de 368,4 millóns de euros, dos que 223,7 están destinados á prevención, preparación e resposta ante catástrofes dentro da UE, e 144, 6 millóns para accións similares fóra da UE. Este montante complementábase coas contribucións dos tres países que non pertencen á UE pero participan no Mecanismo.

A axuda financeira con cargo a este mecanismo poderá concederse en forma de subvencións ou contratos públicos. As subvencións outorgadas poderán concederse a persoas xurídicas, xa sexan de dereito público ou privado. As medidas que reciban asistencia financeira ao abeiro deste mecanismo non recibirán axuda doutros instrumentos financeiros da Unión.

► Ligazóns de interese

Departamento de Axuda Humanitaria e Protección Civil da Comisión Europea (ECHO)
<http://ec.europa.eu/echo/en/what/civil-protection>

Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior, Goberno de España
<http://www.proteccioncivil.org/union-europea>


► Contacto

Comisión Europea. Departamento de Axuda Humanitaria e Protección Civil (ECHO)

Rue de la Loi 86. 1049 Bruxelas. Bélxica
+32 229 91111

Ministerio do Interior

Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias
C/ Quintillano, 21. 28002 Madrid
915 373 100
dgpc@proteccioncivil.org




AAL	Programa de Vida cotiá asistida polo entorno (<i>Ambient Assisted Living</i>)	DCI	Instrumento de Cooperación ao Desenvolvemento	EaSI	Programa europeo para o Emprego e a Innovación Social (<i>Employment and Social Innovation</i>)
AECID	Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento	DG CNECT	Dirección Xeral de Redes de Comunicación, Contido e Tecnoloxías da Comisión Europea	EEAS	Servizo Europeo de Acción Exterior (<i>European External Action Service</i>)
AELC	Asociación Europea de Libre Comercio	ECHO	Departamento de Axuda Humanitaria e Protección Civil da Comisión Europea	EEE	Espazo Económico Europeo
AGADER	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	DG ENER	Dirección Xeral de Enerxía da Comisión Europea	EEI	Espazo Europeo de Investigación
BCE	Banco Central Europeo	DG ENTR	Dirección Xeral de Empresa e Industria da Comisión Europea	EEN	Rede europea de Apoio ás Empresas (<i>Enterprise Europe Network</i>)
BEI	Banco Europeo de Investimentos	DG HOME	Dirección Xeral de Asuntos de Interior da Comisión Europea	EGNOS	Servizo Europeo de Navegación Xeoestacionaria (<i>European Geostationary Navigation Overlay Service</i>)
CDTI	Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial	DG JUST	Dirección Xeral de Xustiza da Comisión Europea	EIT	Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía (<i>European Institute Of Innovation & Technology</i>)
CEG	Confederación de Empresarios de Galicia	DG MOVE	Dirección Xeral de Mobilidade e Transporte da Comisión Europea	ENI	Instrumento Europeo de Veciñanza (<i>European Neighbourhood Instrument</i>)
CEI	Consello Europeo de Investigación	DG SANCO	Dirección Xeral de Sanidade e Consumidores da Comisión Europea	EPALE	Plataforma electrónica para a aprendizaxe de adultos en Europa (<i>Electronic Platform for Adult Learning in Europe</i>)
CHAFEA	Axencia Executiva de Consumo, Sanidade e Alimentación da Comisión Europea	DG TAXUD	Dirección Xeral de Fiscalidade e Unión Aduaneira da Comisión Europea	ETP	Programa de Formación de Executivos (<i>Executive Training Programme</i>)
CNAM	Centros Nacionais de Análise de Moedas	DOUE	Diario Oficial da Unión Europea	EUAV	<i>European Aid Volunteers</i>
COSME	Programa para a Competitividade das Pequenas e Medianas Empresas (<i>Competitiveness of Enterprises and SMEs</i>)	DPIP	Programa de Información e Prevención en materia de Drogas	EUBEC	<i>EU Platform for Blending in External Cooperation</i>
CTCE	Centro Técnico e Científico Europeo	EACEA	Axencia Executiva no ámbito Educativo, Audiovisual e Cultural da Comisión Europea		

EURES	Servizos Europeos de Emprego (<i>European Employment Services</i>)	INEA	Axencia Executiva de innovación e redes (<i>Innovation & Networks Executive Agency</i>)	PPC	Política Pesqueira Común
FEAD	Fondo Europeo de Axuda para os máis Desfavorecidos	INJUVE	Axencia Nacional Española da Xuventude	RAPEX	Sistema de Alerta Rápida para produtos non alimentarios que supoñan un risco para o consumidor (<i>Rapid Alert System for non-food products posing a serious risk</i>)
FEADER	Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural	JRC	Centro Común de Investigación (<i>Joint Research Center</i>)	RIS3	Estratexia Rexional de Investigación e Innovación para a Especialización Intelixente (<i>Regional Research and Innovation Strategies for Smart Specialisation</i>)
FED	Fondo Europeo de Desenvolvemento	JTI	Iniciativas Tecnolóxicas Conxuntas (<i>Joint Technology Initiatives</i>)	RSFF II	Instrumento de Financiamento de Riscos Compartidos (<i>Risk Sharing Finance Facility</i>)
FEDER	Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional	MCE	Mecanismo Conectar Europa	RSI II	Instrumento de Riscos Compartidos (<i>Risk Sharing Instrument</i>)
FEI	Fondo Europeo de Investimentos	MEC	Marco Estratéxico Común	TED	<i>Tenders Electronic Daily</i>
FEMP	Fondo Europeo Marítimo e Pesqueiro	MFP	Marco Financeiro Plurianual	TFUE	Tratado de Funcionamento da UE
FOGGA	Fondo Galego de Garantía Agraria	OAPEE	Organismo Autónomo Programas Educativos Europeos	TIC	Tecnoloxías da Información e a Comunicación
FGE	Fundación Galicia Europa	OCDE	Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos	UE	Unión Europea
FSE	Fondo Social Europeo	OLAF	Oficina Europea de Loita contra a Fraude (<i>European Anti-Fraud Office</i>)	UNESCO	Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura
GDR	Grupos de Desenvolvemento Rural	OMPI	Organización Mundial da Propiedade Intelectual	UNINOVA	Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras
GMES	Vixilancia Mundial do Medio Ambiente e a Seguridade (<i>Global Monitoring for Environment and Security</i>)	PAC	Política Agrícola Común		
GNSS	Sistema Mundial de Radionavegación por Satélite (<i>Global Navigation Satellite System</i>)	PDR	Programa de Desenvolvemento Rural		
I+D+i	Investigación, Desenvolvemento e Innovación	PI	Instrumento de Asociación (<i>Partnership Instrument</i>)		
IGAPE	Instituto Galego de Promoción Económica	PIB	Produto Interior Bruto		
		PMI	Política Marítima Integrada		



galicia



XUNTA DE GALICIA